

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 69

Sesión Plenaria
4 de novembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 37665 (12/CPP-000072)

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 32610 (12/CPP-000059)

Da conselleira de Medio Rural, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o súa contorna, nos animais, cultivos, pastos, montes e superficie forestal arrasada polas lapas; as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e as medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

Punto 2. Mocións

2.1 37567 (12/MOC-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26622, publicada no BOPG 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

2.2 37617 (12/MOC-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35773, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025



2.3 37622 (12/MOC-000088)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35296, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

Punto 3. Propositions non de lei**3.1 21775 (12/PNP-001744)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congreso dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

3.2 30453 (12/PNP-002343)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

3.3 31234 (12/PNP-002372)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

3.4 35438 (12/PNP-002605)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

3.5 35682 (12/PNP-002622)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025



3.6 37076 (12/PNP-002728)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f1, do 22.10.2025

Punto 4. Interpelacións**4.1 35488 (12/INT-001294)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor**

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

4.2 36026 (12/INT-001321)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025

4.3 37225 (12/INT-001357)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 37706 (12/POPX-000059)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

5.2 37707 (12/POPX-000060)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 35112 (12/POP-005084)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.2 35006 (12/POP-005052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.3 37117 (12/POP-005307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.4 36432 (12/POP-005249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e oito deputados/as máis

Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.5 35657 (12/POP-005156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

6.6 35892 (12/POP-005180)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025



6.7 37702 (12/PUP-000161)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ponte Carreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

6.8 37705 (12/PUP-000162)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

6.9 34827 (12/POP-005021)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis**

Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia nesta sesión plenaria do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas (BNG) e a súa delegación de voto na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara. (Páx. 12.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en debater dúas comparecencias de xeito acumulado, rexistradas cos números 37665 e 32610. (Páx. 12.)

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu contorno, animais, cultivos, pastos e montes, da superficie forestal arrasada polas lapas, das actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e das medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 21.), María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 24.), Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 27.) e Miguel Ángel Viso Diéguez (P) (Páx. 30.).

Réplica do Goberno: conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 34.)

O presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 38.) Nesta rolda interveñen o deputado Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 38.), as deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 40.) e Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 42.), o deputado Miguel Ángel Viso Diéguez (P) (Páx. 44.) e a conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez) (Páx. 45.).



Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a solidariedade e o apoio ás persoas defensoras dos dereitos humanos, que é aprobada por asentimento. (Páx. 47.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás. (Punto segundo da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da moción: José Manuel Golpe Acuña (BNG). (Páx. 49.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 52.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Gonzalo Trenor López (P). (Páx. 54.)

O deputado José Manuel Golpe Acuña (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 57.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego. (Punto segundo da orde do día.)

A presidenta (María Montserrat Prado Cores) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: Montserrat Valcárcel Armesto (BNG). (Páx. 59.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Miguel Ángel Viso Diéguez (P). (Páx. 64.)

A deputada Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 66.)

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas. (Punto segundo da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da moción: Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 69.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 71.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Cristina Sanz Arias (P). (Páx. 74.)

A deputada Patricia Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 76.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás: *rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 78.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego: *rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congreso dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Roberto Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 80.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Carlos López Font (S).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 85.), *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 85.).

O deputado Roberto Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 87.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Dolores Hermelo Piñeiro (P).* (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 93.) e *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 96.).

A deputada María Dolores Hermelo Piñeiro (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 99.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 102.), *Secundino Fernández Fernández (BNG)* (Páx. 102.) e *Ángel Rodríguez Conde (P)* (Páx. 105.).

Nova intervención da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e da deputada María Cristina Fernández Davila, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Daniel Castro García (BNG).* (Páx. 109.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Cecilia Vázquez Suárez (P).* (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Aitor Bouza Manso (S).* (Páx. 113.)

O deputado Daniel Castro García (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 115.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Lara Méndez López (S).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 119.), *Secundino Fernández Fernández (BNG)* (Páx. 119.) e *Nicole Grueira Fernández (P)* (Páx. 122.).

Nova intervención da deputada Lara Méndez López (S). (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez e do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Alexandra Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 125.)



Intervención dos grupos parlamentarios: (*O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 128.), Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 128.) e Moisés Rodríguez Pérez (P) (Páx. 130.).

Nova intervención da deputada Alexandra Fernández Gómez (BNG). (Páx. 132.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congreso dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico: *aprobada por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 134.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin: *aprobada por 38 votos a favor, 34 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 135.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 135.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e da deputada María Cristina Fernández Davila, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 135.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 136.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez e do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 136.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e un minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia, e delega o voto, don Brais Ruanova Vilas-Boas, que o fai en dona Ana Belén Pontón Mondelo; todo iso conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara.

Polo tanto, comezamos.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: O primeiro punto é comparecencias, neste caso da conselleira do Medio Rural, por petición propia, que se acumula coa solicitada por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu contorno, animais, cultivos, pastos e montes, da superficie forestal arrasada polas lapas, das actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e das medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos

O PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente do Parlamento.

Señoras e señores deputados, moi bos días a todos e a todas.

Comparezo hoxe nesta Cámara, por petición propia, para continuar falando sobre os incendios forestais e as medidas que impulsamos desde o Goberno galego en prevención e loita contra esta auténtica lacra.

Esta comparecencia á fin da campaña é un fito habitual nos últimos anos, pero é innegable que este ano non é unha comparecencia máis, como o demostra o feito de que antes ca min



o propio presidente da Xunta deu conta neste Parlamento do vivido no mes de agosto, das leccións extraídas e das propostas de futuro. A comezos de setembro, o presidente Rueda anunciou ata 15 novas medidas para estar máis preparados de cara a esta nova tipoloxía de incendios forestais de sexta xeración. Case a práctica totalidade desas medidas son hoxe, apenas dous meses despois, unha realidade inminente e palpable na Lei de medidas e nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2026. Isto, señorías, é gobernar.

Gustárame que o debate desta mañá nos levase a puntos de encontro e entendemento. Coido que é o que esperan e o que merecen todos os galegos e as galegas, especialmente aqueles que viviron os lumes máis de preto. A todos eles gustárame darlles as grazas, en nome propio e de todos os profesionais do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia. *(Aplausos.)* Darlles as grazas polo seu apoio sobre o territorio cando fixo falta e darlles as grazas pola súa colaboración e comprensión polos máis de 2.200 confinamentos e 400 evacuacións que tivemos que realizar.

A cooperación veciñal é clave ante calquera emerxencia, e así se demostrou de novo este verán. Como dixo o presidente Rueda, ante unha situación extraordinaria vimos a resposta extraordinaria dun pobo do que estamos enormemente orgullosos.

Esta comparecencia debe de servir tamén de recoñecemento, para recoñecer o traballo de todos os profesionais que participaron no operativo, que en moitos casos xogaron a vida, pero cuxo labor foi fundamental para non ter que lamentar ningunha vítima. Isto, señorías, é precisamente o maior éxito dunha das campañas máis duras de loita contra os incendios pola súa duración, intensidade e simultaneidade. Gustárame ter palabras de agradecemento para cada un dos nomes propios que compoñen o noso Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios, especialmente para aqueles que resultaron feridos e xa están afortunadamente nos seus fogares; máis de 3.000 persoas, que son o espello no que se miran profesionais do resto de España e do estranxeiro. Xunto a eles —e como vén sendo habitual, pero máis especialmente este ano— estiveron traballando profesionais de emerxencias, de concellos, deputacións, o Exército, a UME e demais forzas e corpos de seguridade do Estado. Tamén quero facer unha mención especial aos integrantes dos Cecopis, especialmente ao de Ourense. A todos eles estámolles inmensamente agradecidos, así como a todos e a cada un dos galegos e galegas que deron o mellor de si; e, especialmente, quero tamén agradecerlles aos gandeiros a súa disposición sempre.

Falaron vostedes en varias ocasións nesta Cámara de falta de coordinación ante a situación vivida no mes de agosto en Ourense. Teñen hoxe a oportunidade de rectificar nas súas palabras e sumarse ao agradecemento e recoñecemento que merecen todos os profesionais. Non foi unha tarefa sinxela, houbo que tomar decisións moi complexas, pero sempre cunha prioridade clara: ante unha emerxencia de protección civil primeiro son as persoas, logo os bens das persoas e logo o monte. Por iso, quixen empezar por aquí a miña intervención, recoñecendo e agradecendo o esforzo de todos os profesionais e veciños que colaboraron ante unha realidade tan dura como real e que se repite cada ano.

Galicia non arde soa, a Galicia quéimana. *(Aplausos.)* Dicir isto non é inventar ningunha trama —como vostedes alegan para evitar falar dunha causa que si defendían, por certo, cando go-



bernaban—. Dicar isto é contar a verdade, e os datos así o avalan ano tras ano: máis do 70 por cento dos lumes de agosto foron intencionados; 473, en concreto, dun total de 673. A nosa unidade especializada de investigación de incendios forestais (a Uifo), que —como saben— foi creada no ano 2021, está completando a estatística anual.

Grazas ao traballo de todos eses axentes, no que vai de ano xa foron postas á disposición xudicial 15 persoas por delito de incendio intencionado e 2 por imprudencia. Uns datos que complementan o importantísimo traballo da Policía Autonómica e da Garda Civil, con quen se mantén unha estreita colaboración.

Por tanto, a intencionalidade nos lumes en Galicia é unha realidade, como tamén o son, aínda que en moita menor medida, as imprudencias ou os accidentes.

Tendo isto presente, gustaríame explicarlles por que o vivido neste verán se considera polos propios técnicos unha situación extraordinaria.

En primeiro lugar, é importante poñer o foco nas condicións climatolóxicas de seca extrema que tiñamos a comezos do mes de agosto. A finais de xuño sufriuse unha onda de calor de cinco días, que se iniciou co que se coñece como estrés dos combustibles; en xullo, volvemos ter outra onda de calor e a primeiros–mediados de agosto unha nova. Desde o inicio do verán, en determinadas zonas de Ourense chegaron a acumularse máis de cen días sen ningún tipo de precipitación. En zonas centro–orientais da provincia houbo once días sen recuperación da humidade; de feito, nalgúns puntos este índice baixou ata o 16 por cento. Ao longo deses dezaseis días alcanzáronse temperaturas de ata 37 graos, e incluso houbo cinco días de máis de 40. A todo isto hai que sumarlle a alta inestabilidade atmosférica en moitas xornadas, con ventos de dirección errática, que provocaban propagación dos lumes potentes e difíciles de predicir.

Todo isto que acabo de expoñerlles xera unha especie de tormenta perfecta que fai que os incendios alcancen intensidades e velocidades moi altas en pouco tempo. Voulles poñer como exemplo o incendio de Larouco, que, efectivamente, hoxe é o máis grande de Galicia. Neste lume chegaron a alcanzarse entre 40.000 e 50.000 quilovatios por metro de intensidade li–neal; isto equivale a 20.000 radiadores convencionais funcionando a un mesmo tempo. Este incendio chegou a ter unha taxa de crecemento de 1.700 hectáreas por hora e de 1.000 durante once horas consecutivas. Tivo tamén un comportamento convectivo, cruzou o Sil de xeito simultáneo ata por 15 puntos diferentes.

O que lles quero transmitir é que a isto foi ao que nos enfrontamos, a eventos cualificados a nivel mundial como elementos extremos. 10 grandes incendios forestais —os chamados GIF—, concentrados todos nun mesmo período de tempo, na zona sueste de Galicia; moitos deles afectaron zonas elevadas, de ata 2.000 metros de altitude, con orografía complicada, non só para os medios terrestres, que practicamente non podían acceder, senón incluso para os medios aéreos. A dificultade de acceso a estas zonas impediu que se puidesen facer en moitas ocasións ancoraxes fortes dos perímetros, perímetros que se estabilizaban pola noite e que se volvían reproducir despois polo día coa subida de temperaturas, o vento e os propios solos, que, ao seren moi aireados, acababan favorecendo esta combustión.



E, a maiores de todos estes condicionantes, houbo que sumar o factor da simultaneidade, que está intrinsecamente ligado coa intencionalidade.

Ao longo de case todo o mes de agosto rexistráronse de media máis de 30 novos lumes cada día, case o 35 por cento deles de noite, con clara intención de facer dano. Dito noutras palabras, mentres os profesionais do servizo atendían os grandes incendios forestais, facendo fronte a estas especiais circunstancias que lles acabo de relatar, seguíronse apagando outros lumes.

O segundo día de agosto no que se produciu a maior concentración de incendios foi o día 15, con 37 novos lumes. Ese 15 de agosto, a maiores de priorizar a urxencia de 7 grandes incendios que había xa sobre o territorio, aparecen 37 novos que atender. Coido que a todos se nos fai difícil de comprender como ante unha situación límite houbo quen quixo seguir facendo dano a Galicia e á súa xente. E, pese a todo, logrouse controlar e mesmo extinguir os novos lumes que se declaraban cada día en tempo récord. A media de extinción dos primeiros vinte días de agosto situouse nun 72 por cento.

Todos estes datos que lles acabo de expoñer son datos técnicos, datos que se explican ante o resto de comunidades autónomas e ante o ministerio, e que demostran a especial complexidade para afrontar incendios deste tipo na nosa comunidade, pese a ter un dos mellores servizos de extinción de España e de Europa. *(Aplausos.)*

No que vai de ano rexistráronse 1.492 lumes en toda Galicia, que afectaron unha superficie de 118.966 hectáreas. Preto do 77 por cento corresponde a superficie rasa e o 33 por cento, a arborada.

Como ven, o 45 por cento dos lumes e o 94 por cento da superficie afectada concentrouse por tanto no mes de agosto.

Destes datos extráese unha conclusión: o noso servizo de extinción actúa de xeito contundente e rápido, aínda que haxa moitos lumes a un mesmo tempo, evitando que medren en hectáreas. A proba é que, por exemplo, deses 673 lumes que houbo no mes de agosto só 48 deles superaron as 20 hectáreas. Pero o reto é, sen dúbida, a xestión dos grandes incendios forestais, que conviven de xeito simultáneo e que son os que suman a maior parte das hectáreas afectadas.

Estes grandes incendios forestais, ademais, teñen cambiado moito ao longo dos anos. Pasamos de incendios de ventos intensos do nordeste e que agora predominan co vento sur, que leva asociada inestabilidade atmosférica e a entrada de aire seco e cálido. Isto favorece que os lumes sexan máis grandes, intensos e de difícil predición en canto ao seu comportamento.

A maquinaria pesada, esa que tanto lle reclamamos ao Goberno central durante o verán, faise máis necesaria ca nunca. Nalgúns perímetros fixéronse ata seis pasadas paralelas con buldócer; ou, o que é o mesmo, amarráronse perímetros con ata 30 metros de ancho. Cando as intensidades do lume son tan altas que nin os medios aéreos son eficaces coas descargas, dado que a auga se evapora antes de tocar terra, este traballo pesado con esta maquinaria é fundamental.



Eu sei que todos estes datos igual os aburren, pero é importante que os coñezan para entender a dimensión do vivido e para comprender a que se refiren os expertos cando falan de incendios de sexta xeración.

Os profesionais galegos aplicaron técnicas que nunca antes tiveran que facer, polo menos con esta intensidade, pero para as que estaban preparados, grazas á formación continua. Falo, por exemplo, de fogos tácticos de 6 quilómetros de ancho para evitar o avance da cabeza do lume en Oímbra. Estes profesionais, aos que parece que se lles quere responsabilizar de non chegar a todos os sitios, son os mesmos que axudaron a protexer os veciños de máis de 400 núcleos de poboación. *(Aplausos.)* Son eses mesmos profesionais os que foron capaces de estabilizar miles de quilómetros antes das primeiras chuvias. Son eses mesmos profesionais para os que hoxe, señorías, me gustaría que este Parlamento tivera un recoñecemento e un aplauso unánime. *(Aplausos.)*

E, se temos un dos mellores servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, non é por arte de maxia, senón por moitos anos de esforzo, compromiso e investimento dende a Xunta de Galicia. Se esta situación extraordinaria que vivimos tivo unha resposta extraordinaria, é debido, en boa parte, ao traballo que se fixo ao longo dos últimos anos.

O Pladiga, que actualizamos cada exercicio e elevamos ao Consello Forestal, é a folla de ruta. É o fiel reflexo de que Galicia non improvisa na loita contra o lume; Galicia planifica, forma e inviste para estar preparada.

Dentro do Pladiga conviven catro plans diferentes: o de formación, o preventivo, o de extinción e o vinculado á investigación. Todos eles conlevan estratexia, obxectivos e medidas concretas, que reforzamos ano tras ano.

Entre 2025 e 2026 estamos destinando 1,8 millóns de euros á formación e ao adestramento do persoal, un 19 por cento máis con respecto ao bienio anterior. A maior parte destes cursos lévanse a cabo no Centro de Loita Integral contra o Lume de Toén, un complexo polo que seguiremos apostando, para que non só sexa referencia a nivel nacional, que xa o é, senón tamén no contexto internacional.

No que levamos de ano neste centro formáronse máis de 1.500 profesionais, entre persoal do servizo de concellos, novos incorporados e de fóra de Galicia, con estadías de bombeiros dos Países Baixos, de Estonia ou do País Vasco.

A nosa vontade é continuar ampliando as opcións deste centro. De aí a nosa petición reiterada ao Goberno central de crear unha base permanente da UME en Galicia e de contar cunha nova BRIF a maiores da de Laza, preferentemente nestas instalacións. Isto permitiría un despregamento moito máis áxil e efectivo no caso de ter que actuar nun incendio de situación 2, circunstancia que se vén dando de xeito habitual nos últimos veráns.

Sinceramente considero que se trata dunha proposta totalmente racional e lamento que o Goberno central non lle dea a importancia que ten este asunto. Estes días lemos na prensa a súa falta de compromiso e a pouca vontade para dar pasos para crear estas dúas unidades en Galicia.



En definitiva, dende a Xunta de Galicia estamos intensificando o plan formativo do persoal que se enfronta aos lumes e reforzando tamén as accións de sensibilización e información de cara á veciñanza, especialmente daquela que vive nas parroquias de alta actividade incendiaria, para que coñeza como pode colaborar para minimizar o risco. A aldea de Trelle, precisamente en Toén, é un bo exemplo deste traballo.

Saber a que nos enfrontamos é a mellor maneira de estar preparados. Por iso avánzolles que imos intensificar estas iniciativas de concienciación coa poboación e, en especial, cos máis cativos e cos mozos. Poñeremos en marcha un programa específico nos centros educativos para dar a coñecer o traballo das persoas e as instalacións que forman o dispositivo de loita contra o lume de Galicia, tamén para concienciar e sensibilizar ante estas situacións que se poden chegar a vivir. E con esta iniciativa buscamos tamén revalorizar a profesión e incrementar o prestixio social dos efectivos que loitan contra o lume.

Cando falamos do plan preventivo da consellería referímonos ás actuacións que levamos a cabo naquelas zonas forestais de monte público que dependen da Administración autonómica ou ben naquelas nas que, sendo de comunidades de montes veciñais, se acorda levar a cabo con proxectos preventivos. Por exemplo, falamos de rozas de áreas de cortalume ou faixas auxiliares, de mellora de pistas forestais ou de adecuación de puntos de auga.

Sei que saben que isto é así, pero esta mañá aproveito para explicalo, porque ás veces escoitamos frases un tanto demagóxicas sobre as tarefas de prevención; frases que esquecen que o 98 por cento do territorio do noso monte é privado e que os propietarios temos dereitos pero tamén temos obrigas.

E sei que saben tamén que, máis alá deste traballo propio, tamén apoiamos concellos e comunidades de montes con varias liñas de axuda e convenios para realizar traballos preventivos. Neste ano 2025 investimos 50,5 millóns de euros para prevención, o dobre que en 2018, e moito máis do que se destinaba por suposto en 2007, cando apenas eran 21 millóns de euros.

¿E saben canto reforzaremos esta partida en 2026? Un 50 por cento máis con respecto a este ano, ata chegar aos 75,38 millóns de euros, (Aplausos.) o que supón un 65 por cento do orzamento de investimento da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Miren, os obxectivos en materia de prevención realizados por brigadas propias contemplados no Pladiga para 2025 e 2026 son públicos. Imos recordalos moi rapidamente.

Intervención en máis de 1.000 hectáreas de creación de áreas cortalume e tratamentos silvícolas preventivos. Xa actuamos en máis da metade.

Case 970 hectáreas de faixas auxiliares de pista. Actuamos en máis de 670.

Traballos en máis de 400 quilómetros de pistas forestais. Este obxectivo está superado, pois levamos máis de 1.140 quilómetros mellorados.

Revisión e mantemento de máis de 5.000 puntos de auga, nos que actuamos practicamente en todos.



Arredor de 1.400 hectáreas de queimas prescritas. Antes do verán xa se actuara, pese ás chuvias copiosas desta primavera pasada, en case 600 hectáreas.

É importante ter en conta o marco temporal no que se sitúan estas tarefas: anos 2025 e 2026.

É unha información pública e totalmente transparente. Por tanto, señorías, hoxe pídolles rigor cando falen dos traballos preventivos. Pídolles que non mintan a este Parlamento nin aos galegos e galegas. (*Aplausos.*) Porque este é un traballo que nos debe unir a todos, porque é responsabilidade de todos; da Xunta, por suposto, do resto de administracións, tamén, e dos propietarios, tamén.

Falamos do plan formativo e do plan preventivo. No eido da extinción creo que é de sobra coñecido o operativo, pero vouno mencionar.

3.000 profesionais dependentes da Consellería do Medio Rural, que, en época de alto risco, poden chegar a 7.000 efectivos se sumamos o apoio de emerxencias, outras administracións e as forzas e corpos de seguridade do Estado. 380 motobombas, 36 buldócers, 14 batracios, máis de 30 medios aéreos, entre os que temos a Xunta e o Estado; e infraestruturas de primeiro nivel, como é a base aérea transfronteiriza de Verín-Oímbra, inaugurada en 2024, ou as novas bases operativas para o persoal do servizo.

Tamén son coñecidas as melloras tecnolóxicas implantadas nos últimos anos, que axudan na extinción, pero tamén na detección e posterior investigación. Falo desa rede de cámaras de videovixilancia repartidas polos montes galegos, que tamén sitúan Galicia na vangarda, porque favorecen unha resposta rápida e concisa; vinte e dous minutos de media en chegar a un incendio, na liña dos últimos anos.

A implantación desa rede comezou en 2018, con 88 cámaras en 44 localizacións; hoxe temos 181, en 90 espazos; e moi proximamente instalaranse 56 novas cámaras en bases aéreas e centros de referencia.

Esta tecnoloxía súmase ao resto de melloras nas aplicacións internas que ofrecen datos e predicións en tempo real e que tamén permiten a xeolocalización de todo o persoal do servizo.

En definitiva, a mellora constante ao longo dos últimos anos en todo o que conforma o dispositivo galego de prevención e defensa contra os incendios forestais é palpable.

Máis accións formativas: planificación preventiva ao longo de todo o ano; sensibilización e concienciación da poboación, cuestión na que seguiremos insistindo; mellora nas infraestruturas, nos medios materiais e técnicos, e reforzo das tarefas de investigación, cunha unidade propia especializada e apoiada pola tecnoloxía. Todas estas melloras permitiron dar esa resposta extraordinaria ante a vaga de lumes deste verán, unha resposta que, por suposto, debe servirnos para analizar todo o que se fixo ben e aquilo no que se pode seguir mellorando.

Estes episodios de grandes incendios forestais non son exclusivos de Galicia. Vimos como afectaron este ano varias zonas de España e como os teñen sufrido outros países, como o veciño Portugal, pero tamén Australia ou zonas de California, nos Estados Unidos.



A maiores das condicións climatolóxicas, da intensidade e a propagación destes fenómenos ou da súa simultaneidade, non podemos esquecer un feito moi propio de Galicia que dificulta as tarefas de extinción e tamén as de prevención: a alta dispersión da poboación neses 30.000 núcleos rurais; unha dispersión á que se lle suma en varias zonas do noso rural o devalo demográfico, que provoca o abandono ou o descoido da terra agraria e forestal. Non podemos ignorar todos estes factores, que inciden directamente no risco de incendio; non son a súa causa, posto que o monte non arde só, pero si son factores que favorecen a propagación do lume no caso de que alguén o prenda, sexa de xeito intencionado, por negligencia ou por accidente.

Ante este contexto, todos debemos ser máis conscientes dunha necesidade: os núcleos de poboación deben estar mellor preparados para facer fronte ao lume, tanto para salvagardar as persoas e os bens como para favorecer os traballos de extinción que sexan precisos. As faixas secundarias, aquelas que crean unha franxa de 50 metros arredor dun núcleo, son a mellor brigada de protección que pode ter unha aldea. Mantelas libres de biomasa é responsabilidade de todos, dos seus propietarios en primeiro lugar, e de xeito subsidiario dos concellos se os titulares non o fan, e así o marca a normativa, a Lei de incendios de 2007. Dende o Goberno galego redobraremos os apoios a concellos e a particulares para manter limpas estas faixas secundarias. Facémolo a través do convenio que mantemos dende 2018 coa Fegamp e Seaga, no que duplicamos o investimento, 12 millóns de euros en 2025 a 25 millóns ao ano que vén, para apoiar os concellos. (*Aplausos.*) Agardo que poidamos asinalo proximamente e comezar a traballar canto antes a través de varias vías, xa mencionadas polo presidente Rueda en setembro.

Incrementaranse as parroquias priorizadas, polo que os veciños desas zonas poderán tratar con Seaga a limpeza das súas fincas. Tratarase dun servizo, que xa ofrecemos actualmente, que busca fomentar o cumprimento destas obrigas.

Axilizaranse as execucións subsidiarias naquelas zonas que se identifiquen de risco, en liña co disposto na Lei de medidas que acompaña os orzamentos de 2026. Prestarase un maior apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes, que, sen dúbida, teñen menos medios para afrontar todas estas tarefas. Impulsarase a creación de barreiras naturais nestas faixas, con máis plantacións de frondosas autóctonas ou froiteiras, unha cuestión que xa permite agora o convenio actual, pero que reforzaremos; estas barreiras naturais son tamén os terreos agrícolas traballados, que axudan a crear esas paisaxes mosaico, que alternan plantacións de diversas especies con pasteiros ou terras arables.

En 2026 seguiremos apostando polos procesos de mobilidade de terras, con case 4 millóns máis que este ano, e pola ordenación forestal e agrícola, con instrumentos xa contemplados na normativa, como os catálogos parciais de solos agropecuarios ou os plans de ordenación dos recursos forestais.

O Plan forestal de Galicia incluía como obxectivo para 2035 acadar as 500.000 hectáreas de monte ordenadas. Este obxectivo xa o cumprimos a finais do ano pasado e seguiremolo ampliando a través das diferentes ferramentas de planificación.

O investimento público en medidas que axudan á prevención do lume non implica que se descoide a planificación da extinción; ao revés, prevención e extinción son tarefas comple-



mentarias. Xa o comentei na comparecencia da semana pasada sobre orzamentos, pero no capítulo de extinción destaca o incremento de medios aéreos, en novas motobombas, en máquinas multifunción e os máis de 9 millóns de euros que destinaremos para mellorar as edificacións xa existentes ou crear outras novas; é o caso da base de helicópteros de Lalín, xa iniciada, ou da nova base aérea de Valga, que comezaremos o vindeiro ano.

Estes compromisos foron asumidos polo presidente da Xunta hai apenas dous meses e, como lles dicía ao comezo, a práctica totalidade están en marcha ou serán unha realidade inminente.

Todos os medios son necesarios ante calquera crise, especialmente os humanos. Sen os profesionais non existiría dispositivo de prevención e loita contra o lume. Levamos moitos anos de melloras laborais sostidas no tempo. Hoxe os máis de 3.000 efectivos dependen integramente da Administración autonómica. Dous terzos do persoal traballa ao longo de todo o ano; fano dende o 2023, cando os seus contratos se ampliaron dos nove aos doce meses e con melloras laborais dende o ano pasado. Outro terzo está traballando neste 2025 oito meses. Este persoal viu moi melloradas as súas condicións laborais nos últimos anos; pasou de traballar só tres meses en 2017 ata acadar os nove meses o ano que vén. Iso si é compromiso real coas melloras laborais do persoal. *(Aplausos.)*

Se volvemos a vista atrás, en 2008 a situación era ben distinta. O dispositivo estaba conformado por menos de 1.900 persoas dependentes da Xunta, 1.200 traballaban ao longo de todo o ano e 600 facíano durante seis meses. Só en campaña de alto risco sumábanse uns 1.000 efectivos contratados e, ao rematar os tres meses, eses si que eran despedidos, señorías, non como agora. É este goberno da Xunta de Galicia o que máis fixo polo persoal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e así seguirá sendo. E, a maiores, seguiremos mellorando as condicións laborais dos profesionais, tal e como temos comprometido xa coas organizacións sindicais e cumprindo todos e cada un dos acordos e, por suposto, chegando a outros novos, como así o faremos.

Máis alá dos medios propios, levamos anos colaborando coa Deputación de Ourense na loita contra o lume. Este 2025 ampliamos esta cooperación e puxemos en marcha un programa piloto de constitución de 16 brigadas, que traballaron ao longo de seis meses en catro mancomunidades municipais. Os resultados foron satisfactorios, polo que en 2026 reforzaremos esta iniciativa con máis brigadas que poidan prestar este servizo a novas mancomunidades. Ourense é unha das provincias de España que máis sofre a lacra dos incendios e, sobre todo, en canto á afectación por superficie.

O obxectivo final, por tanto, non é outro que prepararnos máis e mellor de cara a este tipo de lumes, ante os cales se fai preciso unha formación máis especializada e profesionais altamente cualificados na súa planificación. Non lles caiba dúbida de que continuaremos por este camiño.

Como ven, señorías, continuamos apostando polo noso dispositivo, tanto humano como material e tecnolóxico, un dispositivo integrado por moitos compoñentes que fan un todo ben engranado e preparado, un dispositivo que é referencia para todos fóra de Galicia, menos para algúns que, dadas as súas declaracións, nada axudan a conservar este prestixio do que deberíamos todos os galegos sentirnos inmensamente orgullosos.



Un dispositivo que segue traballando agora na recuperación do monte. A comezos de outubro comezamos coa técnica do *mulching* tras identificar as zonas máis críticas, logo dun estudo realizado en colaboración co CSIC. Estas tarefas continúan actualmente e temos a previsión de actuar na meirande parte dos grandes incendios forestais de Ourense.

Seguimos retirando tamén a madeira queimada nos montes de xestión pública, facilitando os trámites para que sexa áxil e se eviten así problemas fitosanitarios.

O vindeiro ano reservamos 3,2 millóns para comezar coa restauración tras os incendios, unhas actuacións que se executarán con moita máis intensidade a partir de 2027, dado que o vindeiro exercicio o dedicaremos, sobre todo, a tarefas preparatorias. E continuamos apoiando todos aqueles que se viron afectados, tanto explotacións gandeiras como agrícolas ou forestais.

A Xunta de Galicia cumpriu dende o primeiro momento, incluso antes de convocar as axudas. A fin de semana do 15 de agosto iniciamos a repartición de alimentación para o gando en 22 concellos. Dende entón entregamos case 100 toneladas de penso ou máis de 1.560 toneladas de forrage, por poñerlles dous exemplos, e convocamos con rapidez axudas contundentes. Dende a Consellería do Medio Rural levamos axudas aprobadas cun compromiso de pago superior a 1 millón de euros, dos que xa comezamos a pagar. Algunhas das liñas de axuda que puxemos á disposición do sector chegan aos 200.000 euros.

O Goberno central aínda publicou hai escasos días o seu real decreto, só para o sector agrogandeiro e só cun máximo de 16.000 euros por beneficiario no mellor dos casos, porque de xeito xeral van as axudas de 1.500 a 10.000 euros por beneficiario. Saquen vostedes as súas conclusións, porque non teño moito máis que engadir; os números están aí.

O Goberno galego seguirá facendo o que ten que facer, que é gobernar. Gobernar significa presentar orzamentos todos os anos, gobernar significa estar ao lado das persoas cando máis o necesitan e gobernar tamén significa aprender de situacións críticas, facer autocrítica e seguir mellorando, e neste camiño nos atoparán.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Antes de iniciar a rolda dos grupos parlamentarios, imos saudar os alumnos de 2º de bacharelato do Colexio Maristas Cristo Rei, da Coruña, que hoxe visitan o Parlamento, e transmitídelles o saúdo tamén aos vossos compañeiros que estiveron antes, pero por non interromper a comparecencia da conselleira saudádeos vós da nosa parte. Benvidos ao Parlamento.

E agora si que continuamos cos grupos parlamentarios, neste caso o Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.



Bos días, señorías.

Señora conselleira, falou moito de prevención, falou moito de extinción, pero apenas falou —de feito creo que nin sequera pronunciou a palabra, non sei se algunha vez, pero cara ao final— de recuperación.

Din os expertos —eu estes días estiven lendo algo sobre o tema, algo sempre sabes pero sempre está ben informarse— que estas tres cousas teñen que ir equilibradas: a prevención, a extinción e a recuperación. Eu penso que nestes momentos e, sobre todo na provincia de Ourense, o que debe primar agora mesmo, de xeito inmediato, sen, desde logo, desbotar a importancia das dúas, a prevención e a extinción, e teremos que pensar nela canto antes, é a recuperación, a recuperación das zonas queimadas e a recuperación nos aspectos que atinxen a vostede como conselleira directamente do medio rural, e a recuperación nos ámbitos económicos, nos ámbitos sanitarios, nos ámbitos normativos, que xa afectarán outras consellerías.

Pero agora mesmo na provincia de Ourense, nas áreas queimadas, o principal problema inmediato, como sabe, é o de evitar a erosión do solo. Falou cara ao final, como digo, moi pouco, desas medidas para evitar a erosión, que é un problema que trae engadido despois outros moitos problemas.

Sabe perfectamente os problemas que está tendo estes días a zona de Valdeorras coa potabilización da auga, da auga potable, que é unha cuestión súper básica. Eu comentaba o outro día nalgún foro que non ter auga potable nos asemella a eses países que chamaban do terceiro mundo. Ou sexa, é unha cuestión da que non fai falta agora mesmo explicar a súa importancia.

E o problema da auga potable é soamente un dos problemas que afectan máis o ámbito alimentario, o ámbito sanitario; hai moitos outros; e ese é un problema para o que teñen que poñer medios, tratar de solucionalo canto antes no ámbito das súas competencias.

Hai outros problemas ligados á erosión, como é —falabámolo estes días tamén— a perda de auga no solo, co correspondente risco de secas e de falta de auga no futuro, todas esas cousas que seguramente sabe; os problemas derivados do desprazamento da fauna, pois onde ardeu fuxiron os animais e agora están provocando accidentes os xabarís, os lobos vanse onde hai algo de comer, tamén co problema que se está tendo ultimamente co tema do lobo, que parecía que estaba solucionado, pero agora volve outra vez aparecer, sinxelamente porque os lobos concentráronse en zonas onde antes estaban algo máis repartidos e agora están máis concentrados e, loxicamente, van ás explotacións agrogandeiras, etc., á parte dos accidentes de tráfico e todo o que están causando.

Eu penso que a prioridade agora é a recuperación, sen desbotar, desde logo, todas as medidas de prevención e extinción, que se supón que algo se aprendeu. Por certo, eu estiven —xa lle digo— lendo algo sobre o tema e moitas das medidas que agora parece ser que se deron conta que hai que tomar estaban xa propugnadas polos expertos desde había, incluso, décadas. Ten habido incluso axudas enormes da Unión Europea para facer estudos —falábase de 100 millóns de euros—, estudos que estaban aí, e que parece ser que ninguén botou man deles, e traballábase un pouco así por instinto, sen tomar en consideración tales estudos.



Ben, haberá que repoboar esa superficie, que ao mellor aquí temos unha oportunidade, porque en moitos dos espazos nos que arderon esas especies que se repoboaron alá nos anos 50 ou 60, con especies que non eran frondosas autóctonas, pois ao mellor agora podemos converter ese problema en oportunidade, pois, unha vez que hai que repoboar, despois de tomar todas as medidas para que non haxa arrastre de sedimentos, habería que retirar as árbores queimadas que poderían incrementar o risco de propagación de pragas, etc.

Tamén falou moito de maquinaria, e os expertos din que non se debe usar maquinaria moi pesada para eses traballos, porque din que tamén degradan o chan; utilizar buldócers e toda esa maquinaria moi pesada ao mellor é contraproducente; hai que manexar —segundo din os expertos— maquinaria máis lixeira, que non estropee o chan máis do que está; iso din os expertos, entón eu en teoría doulles credibilidade.

E logo está outra cuestión da que falan moitos expertos, que é o problema de persoal. Hai que corrixir os problemas de estacionalidade do persoal, porque o persoal ten que traballar todo o ano, pero é que hai traballo para todo o ano.

Unha das cuestións da que falan os expertos, que causan moitos problemas, é a falta de coñecemento real do territorio por parte dos equipos. Moitas veces os equipos móvense ás zonas nas que están por primeira vez e, loxicamente, iso afecta a toma axeitada de decisións, etc., etc. Eu penso que as brigadas, o persoal, pode estar coñecendo o territorio todo o ano, falando cos veciños todo o ano.

Falou vostede de actividades, que aí tamén os expertos din que hai que desenvolver actividades ligadas ao territorio e aos seus recursos (actividades culturais, actividades deportivas, actividades de todo tipo), que, ademais, revitalizan a cuestión social e interxeracional; vostede falou incluso de cursos nos colexios cos rapaces. Aí poden estar involucrados os propios equipos de prevención, de extinción, todos os profesionais, aproveitando para coñecer o territorio, aproveitando a conversa cos veciños, coas persoas incluso máis maiores que poden coñecer ao mellor historias relacionadas coa botánica, coa fauna, con incendios que houbo no pasado, que poden ser de utilidade para os equipos.

Eu penso que os traballadores poden traballar, e non todo é apagar, todo ese traballo que poden realizar durante todo ano, tamén incluso actividades coa colaboración veciñal, coñecer o territorio, para que, cando chegue o día real en que teñan que actuar, coñezan ben, saiban ben por onde andan, e non se encontren co problema —como digo, posto de manifesto polos expertos— de que moitas veces non coñecen o territorio, enfróntanse por primeira vez e toman decisións que non son axeitadas.

Falan, por exemplo, tamén os expertos das queimas, esas queimas ás que se dá autorización a persoas privadas. Eu mesmo pedín algunha vez autorización para queimar por Internet, chamas por teléfono e dicíanche de tal día a tal día, non queime de noite, pero ao mesmo tempo os cidadáns non somos expertos; con toda a boa vontade, podemos poñer lume a unha queima e escapárenos das mans; algúns incluso vivimos esa situación nalgún momento. Esas queimas poden ser autorizadas, pero que vaia unha brigada, un persoal a apagalo, que non sexa, ao mellor, un señor maior ao que, ao mellor, escápaselle o lume e, ao mellor, ata



ten algún tipo de problema de mobilidade que non consegue, ao mellor, apagar ou tomar control do lume; pois autorízase a queima, pero vai ir un equipo profesional a facerlles a queima, así que vostede non se preocupe. Loxicamente, ¿ten un custo? Si, pero moito máis custo ten despois apagar o lume se se perde o control sobre esa cacharela, sobre esa queima.

Quero dicir que é perfectamente rendible que o persoal profesionalizado traballe todo o ano con esa clase de cousas. Que faga as queimas, que doutra maneira faría un privado, de xeito profesional; que fagan actividades de coñecemento do territorio ligadas a outro tipo de actividades de cohesión social e de cohesión interxeracional. Xa sabemos que un dos problemas do abandono do rural é a falta de cohesión interxeracional, que fai que as persoas maiores queden soas e as persoas máis xoves teñan que marchar.

Unha das cousas que tamén hai que facer é recuperar os usos produtivos dos espazos forestais. Fálase moito diso, pero ao final pouco se fai. Recuperar os usos produtivos deses espazos con empresas sostibles, loxicamente, cumprindo as normativas en vigor acerca de sostibilidade, etc., etc.

E, como teño pouco tempo, voulle dicir unha cuestión que me fixo reflexionar moito, e é a desafección social cando esas persoas se ven abandonadas, que ven que a Administración non lles solucionou o problema e que, dalgunha maneira, viron que a Administración, os políticos, os dirixentes non lles solucionaron o problema, e a desafección esténdese ao resto, ao resto de todo o que é a xestión pública; ou sexa, en principio, din: ben, non me axudaron nos incendios. Pero esa desafección despois, esa desconfianza cara á Administración, esa desconfianza cara aos dirixentes políticos, esa desconfianza cara ás normas e cara ás leis, esténdese, extrapólase ao resto todo. E a xente pois perde credibilidade nos xuíces, perde credibilidade nas leis, perde credibilidade en todo tipo de autoridade e na Administración como consecuencia desa extrapolación da desafección, que inicialmente tivo unha causa concreta como foron os incendios, e o abandono que sufriron niso, pero que despois ten consecuencias sociais máis amplas.

Esa foi unha cuestión que me fixo reflexionar moito, esa reflexión extrapólase despois a todos os aspectos da vida, e non só niso; pois acábase tendo desafección ata pola lei, coas consecuencias que iso ten.

Nada máis, que xa me pasei do tempo, grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Antes, con carácter previo, dicir que mal escolle o presidente Rueda os seus compañeiros de foto de camiño, porque hoxe, no Foro Ancares, sacará esa foto, unha foto máis da vergoña



con Mañueco (*Aplausos.*), que está denunciado pola xestión dos incendios forestais. Pero, obviamente, escoitando a conselleira, non nos estraña nada.

Porque, conselleira, hoxe comparecía vostede para dar conta dos resultados do Pladiga 2025. Eu podía falar só un minuto, menos dun minuto. O resultado do Pladiga de 2025 ¿sabe cal é? Máis de 150.000 hectáreas arrasadas en Galicia. (*Aplausos.*) Ese é o resultado, e vostede, cero autocrítica, cero autocrítica.

Señora conselleira, pida perdón, está a tempo, porque, cando falaba vostede de xestión e de gobernar, o que non di é que veciños e veciñas estaban sós ante os incendios, protexendo os seus núcleos de poboación. Iso non o di. Como non din outras cousas que vou aquí recordar. É que me parece indignante a súa actitude hoxe.

Falaba vostede e dicía: «O maior éxito é que non houbo vítimas». ¡Home, manda truco! Como diría vostede: ¡vállame Deus! Porque imos ver, dígallo ao bombeiro forestal ao que onte lle deron a alta despois de ter o 40 por cento do corpo queimado (*Aplausos.*), dígallo. E moitas vidas salváronse porque a poboación galega, os veciños e as veciñas estiveron alí, xogando a vida, cando a Xunta de Galicia non aparecía; pregúntelle á alcaldesa de Maceda, fale con ela.

E mire, falaba vostede dunha situación extraordinaria. ¡Vállame Deus! O ano pasado eu, nesta comparecencia ao final da tempada de alto risco, díxenlle, concretamente: resulta que este ano acompañaron as condicións meteorolóxicas, conselleira, e por iso, por esas condicións, houbo menos incendios, e vostede ría, vostede ría; as previsións meteorolóxicas non, foi a grande actuación en prevención da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Entón, ¿as condicións meteorolóxicas teñen que ver nos incendios ou non? E dígame vostede. Agora fala de incendios de sexta xeración; benvida, conselleira, benvida. E cando o Partido Socialista de Galicia, o seu secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro, lle dicía que había que pór medidas enriba da mesa sobre os incendios de sexta xeración, desas 123 medidas, nas que vostedes non querían que se chegue a unha comisión de seguimento no Parlamento para ver cales se cumpren e cales non, ¿que medidas vai pór ante estes incendios de sexta xeración?

Porque agora resulta que a culpa é dos propietarios, dos concellos, do cambio climático, agora si hai cambio climático, incendios de sexta xeración, e, ¿que fixeron para evitar todo isto? É que hoxe nin di ningunha medida para evitar estes incendios convectivos, sobre os que advertimos unha e outra vez, e os expertos foron os primeiros xa no 2017, señora conselleira, e agora chega aquí sen ningunha medida sobre isto. Agora chega aquí a dicir: imos duplicar o investimento en prevención.

Pero imos ver, señora conselleira, o Grupo Parlamentario Socialista fai unha petición, no rexistro formal da Xunta de Galicia, e pídelle que nos diga concretamente as medidas de prevención que se realizaron en 2025, esas que recolle o Pladiga por escrito. E pedímoslle que nos diga os medios materiais e humanos que ten cada distrito. E vostede négase, e votan en contra eses señores e señoras deputadas que están aí de que se dea ese informe. ¿Por que? Porque a prevención non se realizou nos distritos. (*Aplausos.*) Si, señora conselleira, e, se non, se se realizou o informe, informe nesta cámara, déanos a información.



E sobre os medios materiais dos que fala agora —imos comprar tractores e motobombas— dígame vostede, distrito por distrito, nos 19 distritos, canta maquinaria está pechada nos balcóns. Si, si. Pregunte, conselleira. Deixe a información por escrito e xa veremos aquí, porque é responsabilidade. Atreveríame a dicir, e vouno dicir: negligencia grave por parte da Xunta de Galicia (*Aplausos.*)

E que se vostede hoxe ven aquí e recoñece erros, o meu discurso sería distinto, e teño aquí notas, jeh!, pero cando a escoito a vostede, con esa autocompracencia: os propietarios, as condicións meteorolóxicas, os incendios convectivos... ¿e as 200 vacantes que tiña no Servizo de Prevención de Incendios Forestais, que tiveron que cubrilas en pleno agosto, e eses rapaces e rapazas, porque eran rapaces de 18 anos que se incorporaron ao Servizo de Prevención de Incendios en plena vaga de lumes, que non tiñan experiencia, tiñan experiencia cero? Culpa deles non é, é da falta de previsión da Xunta de Galicia, de vostede, do presidente Rueda, si. (*Aplausos.*)

E fala agora de intensificar a concienciación. Recordo aquí esta deputada defendendo esa medida, e vostede: xa se está facendo. Non se está facendo.

¿E plans de evacuación para as aldeas, señora conselleira? É que os núcleos de poboación están en risco, e, se non muda de modelo, o ano que vén pode pasar o mesmo e pode haber mortes, señora conselleira. Isto non é de risa. Gobernan vostedes.

Claro que é unha carga —como dicía a miña compañeira Silvia Longueira—, é unha carga que teñen que asumir. E non a asumen, pasa por aquí como se non acontecera nada. Agora di: 120.000 hectáreas. ¿Perdón? Os alumnos que hoxe están aquí no Parlamento, que teñen que escoitar isto ante esta vaga de lumes, señora conselleira, pídalles perdón tamén a eles.

Mire, o Pladiga aprobárono tarde, mal e arrastro. Preséntano no Consello Forestal en maio e apróbano aos dous días. ¿E que fan este ano? ¿Coñece o real decreto lexislativo que obriga a que antes de outubro xa estea o Pladiga aprobado? Tiña que estar xa agora presentando o Pladiga do ano que vén, (*Aplausos.*) ¡o Pladiga do ano que vén!, como Asturias, que Asturias xa o presentou. (*Aplausos.*) Pero como todo vai absolutamente mal...

Reduciron as parroquias de alto risco en Ourense, e volveron arder. ¿Que ten que dicir a iso, señora conselleira?

¿E que ten que dicir a que se creen unidades? Claro, vostede saca peito: creouse a Udex. Pero ¿como o fan? Retraendo do persoal que ten a Consellería do Medio Rural; non aumentan, detraen. ¿Iso é xestión, señora conselleira?, ¿iso é xestión? ¿É xestión pedir medios ao Estado mentres vostedes teñen 200 vacantes sen cubrir?

E o que é peor: ¿os montes veciñais este ano que non puideron facer obras de prevención nos seus territorios? 9 millóns de euros sen executar este ano. ¿Que contesta a esta situación? Xa llo preguntamos a Rueda na súa comparecencia de incendios. ¿E que lles vai dicir aos alcaldes e alcaldesas de Valdeorras?, ¿que lles vai dicir? Porque os alcaldes e alcaldesas de Valdeorras, de distintas cores políticas, despois do masacre incendiario, pediron que a Xunta actuara de inmediato, porque as cinzas ían chegar ás captacións. E a Xunta, ben, foi por alí



a conselleira de Vivenda —paseando por alí, facéndose unhas fotos—, pero resulta que non fixeron nada; os alcaldes e alcaldesas rogaron que actuaran, e non fixeron nada. E agora ¿que está pasando en Valdeorras? ¿Ten un plan para Valdeorras? ¿Ou o plan que ten é mirar para o Goberno do Estado, como sempre? Porque eses danos non os provocou a Confederación Hidrográfica, provocáronos os incendios que aconteceron este verán. E xa lle digo: a Confederación ten 17 brigadas en Galicia, de 5 compoñentes, traballando no terreo dende agosto e van traballar cinco meses máis. ¿Que ten vostede no territorio? ¿Que ten a conselleira de Medio Ambiente no territorio, que só fai artigos para falar mal de Pedro Sánchez? ¿Pero onde está a conselleira de Medio Ambiente nesta catástrofe incendiaria?

¿E os parques naturais? Mire, só visita parques naturais de Asturias ou de Portugal, e esa é unha xestión.

E fala agora de «arranxamos 1.000 pistas e 7 cortalumes, e 4...». Mire, perdoe, co Pladiga —que é un documento, isto (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta mostra un documento.*)— vostede non vale con que veña dicindo só tres cifras, ten que traer aquí un informe avaliado polos técnicos que diga exactamente que prevención realizaron este ano, (*Aplausos.*) que prevención realizaron este ano, e que prevención van realizar o ano que vén. Porque agora di que vai axudar os concellos e que Rueda xa... (*Aplausos.*) Ben, é que Rueda, na comparecencia, 15 medidas. ¿Medidas positivas para os concellos outra vez? Eu quero ver esas medidas, porque, claro, é culpa dos propietarios, é culpa dos concellos... ¿En que van axudar os concellos? Esa limpeza subsidiaria, esas miles de cartas que teñen que facer —si si, a Administración local—, sen medios, e incluso sancionar. ¿Para que están vostedes? ¿Para que están vostedes na Xunta de Galicia en materia de montes, en materia de prevención?

Mire, as medidas xa están postas —xa o dixo Besteiro—, 123 medidas; dígame vostede na segunda comparecencia e rétoa a que me diga cales aplicaron e cales van aplicar.

Deixe de falar de orzamentos —como dicía a miña compañeira Lara na comparecencia que tivo vostede, ese sudoku de cifras, de aumento aquí e deixo alá, que xa falarei na réplica do que deixan sen executar— e póñase a traballar dunha vez. Pida perdón aos galegos e galegas polos erros que se puideron ter, e aos rapaces que a están escoitando.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: E xa remato, porque creo que é indignante a actuación da conselleira de Medio Rural e deste goberno en materia de incendios forestais, (*Aplausos.*) porque foi un masacre.

O PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos.

Señora conselleira, permítame antes de nada trasladar o recoñecemento desde o BNG ao brigadista municipal ferido en Oímbra, que vén de recibir a alta tras máis de dous meses hospitalizado. (*Aplausos.*) O seu sacrificio é a proba máis evidente de que Galiza se defende co valor, co sacrificio, pero tamén coa precariedade de quen non debería estar en primeira liña sen experiencia e sen a formación suficiente. A súa recuperación é unha boa nova, pero tamén sobre todo unha advertencia de que as feridas físicas e emocionais das vagas de lumes permanecen vivas e latentes moito despois de que se apague o último foco.

E precisamente por respecto ao traballo de quen estivo nos lumes e á dignidade do seu oficio, a exigencia a esta Xunta non pode ser outra que a acción inmediata e a responsabilidade absoluta na cobertura real de brigadas e de prazas operativas. Porque resulta que, mentres vostede está aquí a falar de resultados, con cero autocrítica, a Xunta pois prepárase para despedir case 1.000 bombeiros forestais o próximo 17 de novembro; 1.000 profesionais que se deixaron a pel este verán van quedar na rúa xusto cando deberían estar facendo labores de prevención, restauración e consolidación dos solos queimados. E vostede sabe que non é unha cifra menor, é un terzo do persoal que defendeu Galiza este verán, e vai ser despedido a pesar de que o país acaba de vivir a peor vaga de lumes do século, con máis de 120.000 hectáreas arrasadas, recoñecidas por vostedes.

¿E como se xustifica isto? ¿Como estes profesionais non van seguir os meses críticos que hai por diante, cando agora temos poboación que está sen auga potable polas cinzas, cando hai solo sen consolidar, cando hai infraestruturas por reparar? Non é aceptable que ano tras ano sigan sen cubrirse as dotacións mínimas, que haxa comarcas con brigadas ausentes, bases pechadas e efectivos á metade por contratos temporais. Cada praza sen cubrir, cada día perdido é unha oportunidade, é unha vida en risco. E non é só unha cuestión laboral, é unha cuestión de seguridade pública e de dereito á protección. Os galegos e galegas merecen brigadas blindadas, unha estrutura robusta todo o ano, máis traballos de prevención no inverno e medios sen escusas burocráticas.

Hoxe, señora conselleira, compareceu, en principio, para falar dos resultados do Pladiga 2025, e a verdade é que o Pladiga non se cumpriu. Os seus obxectivos eran claros: manter a superficie queimada por debaixo das 18.554 hectáreas, conter o 70 por cento dos lumes en menos de 1 hectárea, poñer o noso operativo en condicións de resposta rápida e planificada. A realidade foille outra: máis de 120.000 hectáreas arrasadas —segundo a Xunta—, case 170.000 —segundo os datos europeos—, centos de vivendas afectadas, núcleos desaloxados, zonas rurais sen protección nin asistencia real.

Pero é que, máis alá das cifras, o que se perdeu nestes meses é patrimonio irrecuperable, montes emblemáticos, ecosistemas de biodiversidade única, soutos e carballeiras centenarias convertidas en cinza. Territorios que levaban xeracións a ser coidados, que eran referentes na conservación natural, foron devastados. E a Xunta, mentres, fala de autobombo. E aquí estamos vendo como as consecuencias non rematan cando se apaga o lume. As cinzas están contaminando traídas de auga en Valdeorras, a auga chega escura aos fogares, os depósitos de auga atópanse saturados, as infraestruturas de captación e potabilización sofren. E isto



non é anecdótico, é unha das maiores ameazas sanitarias e ambientais que nunca afrontaron en Valdeorras.

Os alcaldes e alcaidesas das zonas afectadas advertiron dende o inicio que isto ía ocorrer, pedíronlle axuda directa á Xunta para estabilizar e consolidar os solos queimados, actuar nas pendentes para conter cinzas, para facerlle fronte á erosión. A resposta súa ¿cal foi? Abandono: non é competencia da Xunta, non hai equipos técnicos, non hai protocolo especial... Só burocracia, escusas e abandono.

E o propio Pladiga prometía prevención, restauración, máis medios humanos e técnicos. Pero non só non se cumpriron os obxectivos, tampouco se poñen sobre a mesa medidas novidasas nin cambios reais para que se cumpra no futuro inmediato. Seguimos vendo anuncios, cifras, as mesmas declaracións e o mesmo fracaso; porque isto foi o que foi: un fracaso.

O operativo chegou ao verán mermado, con postos sen cubrir, con efectivos xa saturados, non se reforzou a vixilancia presencial, apenas se ampliou a formación, non se garantiu a cobertura real nas 24 horas. Entón, cando chegou a emerxencia, a resposta ten que depender da improvisación das brigadas voluntarias —como esta de Oímbra—, unha vez máis do sacrificio persoal. E non se pode depender do heroísmo, senón da planificación e do compromiso público. *(Aplausos.)*

O BNG propón solucións concretas, e voulle dicir nove.

Primeiro, un grande acordo de país sobre xestión do monte, baseado no monte en mosaico, na diversidade de especies, no abandono real do eucalipto, e non esa moratoria trampa. Un modelo aberto á custodia compartida do territorio, onde a Administración, as comunidades veciñais e as iniciativas tamén de autoorganización de veciñas e voluntarias traballen conxuntamente pola consolidación e custodia do monte.

En segundo lugar, políticas que fixen realmente poboación no rural, apoio ás comunidades de montes veciñais, recuperación do pastoreo como ferramenta de xestión e prevención, formación e emprego forestal durante todo o ano.

Terceiro, consolidar de inmediato eses solos queimados, antes de que as próximas treboadas arrastren todo o que queda e corten definitivamente o abastecemento a centos de poboacións. Restauración ambiental verdadeira, non unha fachada mediática; e non vale cando dixo vostede «para dentro dun ano», habería que actuar xa.

Cuarto, fondos directos para reparar esas traídas, ese asesoramento técnico que necesitan eses alcaldes. Actuación urxente na restauración ambiental e hidráulica.

En quinto lugar —e isto é capital—, reforzar a coordinación absoluta entre todos os corpos de emerxencias —bombeiros urbanos e rurais, os GES, os equipos de extinción—, máis brigadas formadas, máis medios propios e maior cobertura territorial. Non se pode seguir con esta xungla de competencias; coordinación total ou caos garantido.



Sexto, implicación de toda a comunidade, das asociacións veciñais, das comunidades de montes, das cooperativas e dos propietarios, para garantir, de verdade, que haxa unha vixilancia e unha reacción rápida. O territorio coñéceno os que viven nel. Organicemos esa intelixencia colectiva en lugar de ignorala.

Sétimo, investir en puntos de auga e garantir o seu mantemento, mesmo en época de seca. Non é un capricho, é a diferenza entre poder atacar un lume no seu inicio ou deixar que se propague. Vixilancia presencial todo o ano, acceso garantido á auga e coordinación real. Iso é o que precisa a prevención en serio. *(Aplausos.)*

Oitavo, cobertura real de prazas, contratos dignos para os brigadistas e profesionalización total do operativo.

E noveno, revisar e renovar as medidas de prevención do Pladiga e aí escoitar os técnicos e os alcaldes e poñer medidas de cambio real sobre a mesa, non escusas.

Señora conselleira, os obxectivos do Pladiga 2025 non se cumpriron e —o que é máis grave— tampouco se vai polo camiño do seu cumprimento no futuro. Mentres, a Xunta, vostede, instálase na inercia e no autoeloxio. Cada incendio que volva poñer en risco a poboación e os propios profesionais é responsabilidade directa da Xunta. E así debe asumilo, sen agocharse tras estatísticas ou protocolos baleiros, porque cada baixa, cada praza sen cubrir e cada recorte é unha vida en perigo. E agora, ademais, vimos que, en lugar de reforzar eses equipos, a Xunta queda sen un terzo deles.

Galiza merece acción, non anuncios; a cidadanía merece garantías, non a súa propaganda; os profesionais merecen respecto, non precariedade; e o rural merece futuro, non abandono. E este Parlamento agarda respostas e cambios, non máis do mesmo. Se non ten pensado facelo, por favor, déixelle o posto a quen o vaia facer.

De momento, nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira, benvida. Moitas grazas por dar conta das actuacións realizadas e tamén, sobre todo, por falar dese futuro que lle espera ao noso rural, ese futuro esperanzador.

Antes de nada, quería facer unha pequena paréntese. Señora Dacosta, subiu vostede aquí e falou de fotos. Falou de fotos, a verdade, cun ton un pouco alterado. Eu creo que está alterada, motivada —creo— por ver como tantas caras coñecidas do PSOE están en sumarios xudiciais. Iso, loxicamente, altera a calquera. E cando fale de fotos, fale das fotos —ao me—



llor — do álbum que tiñan Koldo e o señor Ábalos. Aí tamén poderíamos falar de fotos. ¿Vale? (Aplausos.) Xa que vostede entrou niso...

Señorías, este verán vimos como o lume ameazaba o noso territorio, pero tamén como Galicia respondeu con entrega, con coordinación e cun operativo que demostrou, cada vez máis, a súa capacidade e o seu compromiso. Por iso, hoxe toca recoñecer o esforzo e renovar o noso compromiso. Porque é fácil falar cando o lume xa pasou, o difícil é estar alí cando hai que decidir, cando hai que actuar e cando hai que protexer vidas e aldeas. E aí, señorías, aí estivo o Goberno galego, co presidente Rueda e coa conselleira, día tras día. Estivo tamén cos profesionais e estivo tamén toda Galicia nunha unidade unida e responsable, respondendo con eficacia ante unha situación que foi extrema.

Tal e como detallou a conselleira, loxicamente, ao día seguinte dos incendios tamén estivo este goberno. ¿Con que estivo? Estivo con axudas tramitadas e xa pagadas. Aí tamén estivo o Goberno. Por iso, hoxe vimos aquí falar de dúas cousas: de leccións e de futuro. Nós —insisto— falamos de leccións e de futuro. ¿De que fala a oposición? Uns falan con ocorrencias, outros sobreactúan. Por suposto, fano sempre os que falan do abandono e «os do non».

Señorías, cando falamos do Pladiga 2025, non falamos só de prevención e de defensa. Non é un plan máis, tamén é unha aposta de mellora continua. É pola fortaleza do modelo que se adapta, que aprende e que segue avanzando para protexer o noso territorio e o noso rural. Señorías, non é un documento máis. É o resultado dun modelo de traballo constante, serio e con experiencia acumulada. É un plan que recolle o aprendido ao longo dos anos, que mellora a coordinación, reforza a prevención e aposta decididamente polos profesionais e polos concellos, señorías. Porque a realidade é clara: a mellor maneira de loitar contra o lume é prepararse antes de que chegue. Iso é o que fai este goberno: anticiparse, planificar e dotar de medios humanos, técnicos e económicos para reducir ao mínimo o risco e actuar con eficacia.

Pero, señorías, cando o lume vence —porque ás veces vence—, o máis importante é dar unha resposta inmediata, coordinada e eficaz, para protexer o territorio e as persoas. E aí estivo este goberno. Isto tamén é planificación: prever, previr e responder con responsabilidade.

E este ano, señorías, facémolo tamén cun orzamento récord de 200 millóns de euros e con eses 7.000 mil profesionais. Entre eles tamén está o persoal fixo discontinuo, que amplía o seu tempo de traballo, señora Valcárcel. Mire vostede para onde estabamos cando vostedes gobernaban —é certo que xa hai moito—. Contamos con 30 medios aéreos e con preto de 380 vehículos pesados despregados por todo o territorio. Iso son realidades e iso é compromiso. Son cifras que non se improvisan, son a mostra dun modelo que mellora ano tras ano.

Neste Pladiga 2025 a Xunta seguiu avanzando nun modelo integral de prevención e de defensa fronte aos incendios forestais, que non se limita á extinción, senón que abrangue a formación, a ordenación do territorio e o apoio directo ao rural. E ese modelo, señorías, é coñecido dentro e fóra de Galicia. É un exemplo de que, cando se traballa con rigor, os resultados chegan. O plan incorporou máis medios, mellor coordinación e mellores condicións de traballo para os profesionais que xogan a vida cada día.



Fálase de reforzar os distritos —hoxe falouse aquí—, de mellorar a cobertura en zonas de risco, de consolidar equipos, de crear novas figuras de coordinación, dunha reacción rápida, etc., etc. Tamén se fala de seguir investindo en formación, porque un operativo preparado é un operativo que salva vidas e o monte.

Aquí, por suposto, quero facer —e debemos facer— unha mención especial aos profesionais: os bombeiros forestais, os e as axentes, os condutores, os pilotos, os técnicos e os voluntarios. Eles son o rostro humano do Pladiga e merecen, por suposto, todo o noso respecto.

Dentro deste operativo, hai unidades que son un motivo de orgullo e que todos coñecemos: a Uifo, a Unidade de Investigación de Incendios Forestais, que permite actuar con rigor e ofrecer e esclarecer as causas; a nova Udex, tamén un compromiso deste goberno, un compromiso que é unha realidade; tamén eses equipos Batracio, que traballan na protección de zonas húmidas; ou os equipos hidroestáticos. Todos eles son compromisos deste goberno. *(Aplausos.)*

Señorías, isto é só unha demostración de que Galicia está na vangarda técnica e operativa na loita contra o lume. Todo isto sería imposible sen unha aposta decidida pola formación e pola cooperación.

Por suposto que destacamos a formación —así o fixo a conselleira—, destinando 1,8 millóns de euros á formación e ao adestramento do persoal antiincendios, cunha previsión de preto de 3.500 unidades formativas. E, por suposto, se hai un símbolo desa profesionalización, é o Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén. É un centro de formación que se consolidou —e así o dixo hoxe aquí a conselleira— como un referente en capacitación e innovación. En Toén fórmanse os bombeiros forestais, os mandos, os condutores, os pilotos, os responsables operativos e tamén se deseñan, señorías —é importantísimo—, os protocolos e os simulacros que logo se aplican en todo o territorio galego. Por iso, non entendemos —ou si o entendemos, porque é sempre o mesmo— como a oposición, unha e outra vez, usa o lume para atacar o Goberno, sen pensar que detrás de cada ataque está cuestionando o traballo de miles de galegos que dan o mellor de si.

Señora Dacosta, vostede non falou nada da UME nin da BRIF. Esta semana pasada o señor Besteiro foi tomar notas a Madrid. Non sei se trouxo algún apuntamento. Se o trouxo, era bo que hoxe nolo comentase. Convén dicilo alto e claro: o lume non se apaga con pancartas, señorías, non se apaga con pancartas. Aínda que cambiemos de praza, a pancarta segue sendo a mesma. Cada vez que chega este debate, *(Aplausos.)* a oposición aparece sempre coa mesma cantilena: «falta de medios», «falta de plans» e «todo se fai mal»; pero cando se lle pregunta cal é a súa alternativa, esta é unha alternativa que non ten un modelo claro. ¿Cal é o seu plan? Por suposto, non teñen resposta. O seu único obxectivo é desgastar, non mellorar. O seu discurso cambia segundo lles conveña, pero o lume, señorías, non se apaga con verbas, apágase con traballo e con coordinación.

Por suposto, tamén hoxe aquí vostedes criticaron o Pladiga, pero logo piden máis recursos, baseándose, curiosamente, nas estruturas e nos programas que o Pladiga crea. Polo tanto, volvemos falar de algo do que vostedes si que presumen, que é de incoherencia, e —in—



sisto— señorías, o lume tampouco se apaga con incoherencia. O noso compromiso vai máis aló da extinción.

O Goberno galego está a reforzar as axudas para a prevención —a conselleira hoxe aquí falou diso—, a limpeza de biomasa, a gandería extensiva e a colaboración cos concellos. Algunhas destas ferramentas son claves e claras para a loita contra o lume.

Ademais, este ano o Pladiga tamén incluíu os plans específicos de prevención nos seis parques naturais galegos e unha colaboración, importantísima, que é transfronteiriza con Portugal. Por suposto, melloramos a resposta nos territorios limítrofes.

A defensa contra o lume comeza nun rural vivo, nun rural activo e nun rural con oportunidades. Por iso, cando falamos deste plan, falamos de territorio, de xestión forestal responsable, de mellora de infraestruturas e, por suposto —e así tamén o dixo hoxe aquí a conselleira—, de cooperación institucional, algo fundamental.

A oposición, como sempre, fala de abandono do rural, pero esquece que foron os gobernos do Partido Popular os que puxeron en marcha políticas reais, como a limpeza e o desbroce, con incentivos, liñas de subvención para a prevención, ferramentas de planificación e a coordinación coas administracións locais. Nós defendemos o rural con feitos, non con frases; é importante dicilo. O lume non entende de siglas, o que si entende é de responsabilidades, e aquí hai dúas opcións: colaborar ou obstaculizar. Este goberno, como sempre, decide colaborar.

O que Galicia precisa, señorías, non é máis ruído, senón máis responsabilidade. Galicia ten memoria pero, por suposto, tamén ten orgullo. O lume golpea, golpea duro, pero non derrota. Cada hectárea queimada é un motivo máis para seguir loitando, para seguir mellorando e para seguir demostrando que Galicia non se rende. *(Aplausos.)*

O Pladiga 2025, señorías, é o símbolo dese compromiso. Hai un plan, hai medios, hai profesionais e hai vontade. Non é propaganda, non é propaganda, señorías, é responsabilidade. Por iso, señorías, quen queira usar o lume para atacar, para dividir ou para buscar titulares saiba que se vai atopar cun goberno e cun Partido Popular firmes, unidos e decididos a defender Galicia sempre, estea o fume onde estea. *(Aplausos.)*

Remato xa, presidente.

Mentres o Partido Popular siga gobernando, Galicia terá un goberno que non fala de lumes, por suposto, senón de solucións; que non busca culpables, senón resultados; e que non baixa a cabeza ante o lume, senón que o encara con firmeza e con orgullo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleira do Medio Rural.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Señora Dacosta, o que acaba de dicir esta mañá non é nada novo neste Parlamento, só veu cunha actitude peor ca a que lle vira nunca. Daría igual, porque vostede a min non me escoitou nin das medidas que dixen nin das medidas realizadas, nin das que non. Daría igual que non me escoitase a min, pero o que acabo de expoñerlle son medidas palpables, propostas e datos técnicos e científicos que explican a especial circunstancia deste verán cos incendios forestais.

A vostede parece que lle dá igual. Xa empeza mirando para España —non vaia ser— e, por suposto, para o señor Besteiro. Prefiren seguir utilizando os lumes e a dor dos galegos como arma política. Alá vostedes. Desde logo, eu non estou disposta a entrar nese xogo.

Señora Valcárcel, quero agradecerlle as súas propostas e o seu ton, moitas das cales xa estamos a levar a cabo dende o Goberno da Xunta de Galicia. Falo desa coordinación excepcional entre todas as forzas e corpos de seguridade do Estado, que quero volver recalcar hoxe aquí neste Parlamento e que me enche de satisfacción. (*Aplausos.*) Falo das axudas aos concellos nesas liñas de axudas que dende Administración Local, dende a Consellería de Presidencia, se puxeron en marcha. Falo de xestión do monte, desas máis de 500.000 hectáreas ordenadas. Falo de diversidade. Falo dos pasteiros que levamos feitos en todos os montes para que precisamente eses gandeiros que teñen o seu gando en extensivo, que son os principais coidadores e protectores do monte galego, teñan as súas vacas mellor, máis coidadas e máis protexidas neses pasteiros, precisamente para loitar contra os ataques —como dicía o señor Ojea— do lobo, que son cada vez peores e, a pesar de todas as iniciativas que se levaron a cabo no Goberno do Estado, non son capaces de permitir ese control de quen está danando os gandeiros e os animais que están a coidar o monte galego. Falo desas axudas ao gando en extensivo e ás razas autóctonas que puxemos en marcha este ano e que foron precisamente moi ben acollidas polo sector.

Señor Ojea, agradecerlle igualmente ese ton que ten habitualmente e as achegas construtivas que vostede presentou. Dicía o outro día na comparecencia de orzamentos que lle parecía pouco o orzamento para o ano que vén de Medio Rural tras os lumes deste verán. Ben, eu voulle lembrar dous datos que reflicten todo o contrario.

En 2026, porque para isto serven os orzamentos, para modificar esas partidas dependendo das necesidades, os investimentos de 300 millóns de euros da Consellería do Medio Rural en políticas de planificación, ordenación forestal e prevención contra os incendios, cifra que supón máis do 40 por cento de todo o orzamento da Consellería do Medio Rural. Ademais, quero mencionar aquí esas oito liñas de axudas da Consellería do Medio Rural, catro no eido forestal e catro no eido agrogandeiro, que van chegar directamente aos damnificados para axudar con esa recuperación das zonas afectadas. Só se miramos o orzamento da Dirección Xeral de Defensa do Monte vemos como sobe un 18 por cento; crece tanto no capítulo I, porque seguimos comprometidos coa estabilidade e melloras do persoal, como dixen na miña primeira intervención, como tamén nas partidas de investimento, especialmente na adicada á prevención, cun 50 por cento máis que en 2025, de 50,5 a 75,38 millóns de euros. E reservamos unha partida, como xa dixen, de 3,2 millóns de euros para esas tarefas iniciais de restauración do monte no ámbito forestal, que vai ser unha tarefa que xa comezou pero na que temos que seguir traballando, como digo, e que se intensificará moito máis no ano 2027.



Despois dunha emerxencia como a que vivimos, o que se demostra é que os galegos e as galegas poden confiar na Xunta de Galicia, pero non no Goberno do señor Sánchez. Non vou lembrar o que todos vimos e vivimos en agosto: ministros de vacacións poñendo tuits de mal gusto ou un presidente que promete todos os medios que fagan falta e logo di que pedimos moito. E, señora Dacosta, ponse aquí moi brava, (*Aplausos.*) pero só apareceu polo Cecopi para saír na foto co señor Sánchez, mentres que dende a Xunta de Galicia seguimos gobernando.

Os diferentes departamentos puxemos con axilidade axudas, como xa dixen, para os damnificados. Moitos xa cobraron ou están a piques de facelo e o Goberno central acaba de publicar un real decreto con apoios para o sector agrogandeiro hai menos de quince días, como dixen antes, unhas axudas que van de 1.500 euros a 10.000; pero ¡que ridículo!

Tanto os compañeiros da Consellería de Medio Ambiente como os de Medio Rural levamos semanas preparando o terreo afectado polos lumes, especialmente naquelas zonas identificadas como críticas polo CSIC, para favorecer a súa recuperación. Como lles dicía antes, estamos actuando a través da técnica do *mulching*, é dicir, repartindo palla dende o helicóptero, co que axudamos a recuperar ese monte e a frear a erosión, e especialmente o estamos facendo na zona de Valdeorras, que dixeron vostedes aquí, así como colaborando cos concellos nas captacións de auga; polo menos dende a Consellería do Medio Rural así o estamos a facer.

E tamén estamos repasando eses cortes de buldócer para que queden limpos e máis firmes.

Outras institucións, dixo vostede aquí, como a Confederación Miño-Sil, deberían tamén asumir a súa responsabilidade e intensificar eses traballos no marco das súas competencias. E ¿a do Douro? ¿Estao facendo tamén?

Miren, eu sei que é moi doado vir hoxe aquí co discurso de sempre, dá igual do que se fale, que a culpa parece que é sempre da Xunta de Galicia, e entendo que o seu papel como oposición non pode ser aplaudir este goberno, pero nun tema de tanta sensibilidade como son os incendios eu creo que algún grupo político debería de ter outra altura de miras, señora Dacosta.

¿Ou acaso se culpa a Dirección Xeral de Tráfico ou o Ministerio do Interior dos accidentes? Señora Dacosta, ¿que opina vostede de que a Galicia se lle siga negando esa base da UME en Toén nunhas instalacións que son referencia en formación ou unha nova BRIF como a que hai en Laza? ¿Acaso non o merecemos os galegos? ¿Cre que despois do que vivimos este verán é xustificable que o Goberno central non atendese as peticións de reforzos de medios? Gustaríame, sinceramente, que me respondese, e, se non está de acordo con esta decisión, pois que nos axude a que se reverta.

Se solicitamos estes medios de reforzo para Galicia, non é porque consideremos que temos medios insuficientes. O noso dispositivo, como lle dixen, é referente para o propio ministerio e para moitas comunidades autónomas e países estranxeiros, e así consta en declaracións públicas en distintos medios. Pero, se consideramos que, vendo a intensidade desta nova tipoloxía de incendios na nosa comunidade, Galicia merece un trato especial por parte do Go-



berno central, que é quen de decidir como distribúe os medios que ten para tal fin, por parte da Xunta de Galicia seguiremos tendendo a man para que veñan a Galicia esas unidades da BRIF e da UME. (*Aplausos.*)

Fálame vostede, señora Dacosta, das medidas de prevención. Leva moitos anos de deputada tratando estes temas e debería de saber como funcionan os traballos preventivos que pode desenvolver a Xunta de Galicia. Díciáo ao principio; por favor, con este tema non traten de enganar a xente. A prevención fronte aos incendios forestais é un traballo de todos e que se fai de xeito continuado. A nosa folla de ruta nesta materia é pública e clara, está no Pladiga. Son actuacións sempre plurianuais, que se encadean ano tras outro, e, pese a todo, os compromisos para 2025 e 2026, como xa mencionei na primeira parte da miña intervención, están practicamente cumpridos.

Poñemos á disposición das comunidades de montes axudas para levar a cabo estas tarefas, tamén dos concellos, a través dos convenios para formar brigadas, ter motobombas ou tractores. Este ano asinamos 260 convenios con concellos de todas as cores, todos os que o quixeron facer.

E non é verdade que non se ofrezca formación aos integrantes das brigadas municipais nin aos do servizo. Precisamente un dos eixes do plan formativo do Pladiga contempla eses cursos de formación a medios das entidades locais, fundamentalmente práctica, en Toén.

Pero, se quere falar de prevención, falemos tamén do convenio que mantemos coa Fegamp, que duplicamos ese orzamento para o ano que vén, precisamente para axudar os concellos nas súas competencias, que están establecidas na Lei do 2007, cando vostedes gobernaban. Parece que se esquecen dalgunha cousa.

Anímoa a dúas cousas: en primeiro lugar, a que se axilice ao máximo este convenio da Fegamp para firmalo o máis axiña posible e poder comezar a facer esas actuacións; e, en segundo lugar, tamén a sigo animando a instar os concellos do seu partido a que se adhiran ao devandito convenio, porque hai algúns deles, e bens significados, aos que parece ser que non lles interesan esas axudas para as faixas secundarias.

E, en canto ás medidas do ditame da comisión parlamentaria aprobado en 2018, hoxe son unha realidade. Practicamente o 90 por cento das iniciativas incorporadas, que, como saben, afectan varios departamentos da Xunta, están desenvolvotas ou en execución, e dende o Goberno galego continuaremos desenvolvendo as que aínda están pendentes. Non lles caiba ningunha dúbida.

Esta nunca foi unha lista pechada. Proba disto é que hoxe xa temos enriba da mesa novas medidas que nos axudarán a estar mellor preparados para o presente e o futuro, tanto no plano preventivo como na parte de extinción. Medidas como o incremento de actuacións en materia de prevención, tanto propias como en colaboración cos concellos e coas comunidades de montes; o investimento en prevención para 2026 supón xa o 65 por cento do global da dirección xeral. Medidas como o aumento de medios aéreos e, ademais, vehículos terrestres. Medidas como as melloras nas infraestruturas existentes e que se ampliarán a outras



novas. Ou medidas de apoio ao persoal, tanto no ámbito formativo coma no equipamento ou no eido das súas condicións laborais, que seguiremos mellorando.

Resulta paradoxal lembrar agora, tras escoitalos, o que defendían vostedes cando gobernaban. Mire, en 2006, cando vostedes, os do BNG, estaban na Consellería do Medio Rural, o coordinador da Executiva do BNG, Francisco Jorquera, sinalou en rolda de prensa, tras os lumes daquel verán, «terroristas medioambientais que actuaban de forma coordinada»; son palabras textuais recollidas en medios de comunicación.

Dado que vostedes son amigos de facer enumeracións, gustaríame aproveitar esta réplica para lembrar algunha que outra cuestión importante que diferenza aquela época da de agora.

En canto ás melloras da estabilidade do persoal, do que aquí se falou hoxe, temos 3.000 persoas dependentes da Administración no servizo e a maior parte traballan durante todo o ano. En 2008 o dispositivo estaba formado por 1.900 persoas dependentes da Xunta e non todas traballaban os doce meses; a eses sumábaseles en campaña de alto risco, é dicir, só durante tres meses, 1.000 persoas contratadas. Ademais, foi en 2016 cando se creou a figura dos bombeiros forestais, antes considerados peóns forestais, por certo, unha categoría que o Goberno central aínda acaba de recoñecer.

Podemos falar de melloras na formación do persoal. Actualmente existe un plan formativo anual continuo, integrado no Pladiga; antes non había nada disto. Melloras nos EPI do persoal; os EPI do persoal de incendios actuais son dos mellores que hai en España. Melloras a nivel de xestión interna e coordinación, da que aquí se falou, no caso dun incendio; implantamos o sistema de mando e control operativo, coa creación de figuras que apoian o director de extinción —en 2006, evidentemente, non existía nada disto—. Melloras na comunicación interna; temos comunicación tamén cos efectivos da UME ao instante, inmediata; hoxe temos unha rede de comunicacións entre todos os membros do dispositivo que permite, entre outras cousas, a súa xeolocalización en cada segundo —en 2006 non existía nada disto—. Melloras tecnolóxicas no dispositivo; hoxe todos os lumes están referenciados. Existe unha aplicación onde se pode ver a orografía do terreo, os datos meteorolóxicos, ata os medios repartidos en cada lume, como dicía, xeolocalizados dende os centros de control, onde se toman tamén as decisións de como se distribúe o persoal. Melloras en tecnoloxía tamén no territorio; esas 181 cámaras de videovixilancia, que se suman aos puntos fixos e que son fundamentais para a detección e para o seguimento dos lumes, pero tamén para a investigación das súas causas; antes non existía nada disto. Melloras nos vehículos e equipamentos; vehículos coa última tecnoloxía, un parque completamente renovado e tecnificado. Melloras nas bases aéreas e construción doutras novas; a de Verín-Oímbra, esa base transfronteiriza que compartimos co veciño Portugal, as novas que imos facer, a nova base de Valga, que se iniciará neste 2026, ou a de helicópteros de Lalín, que xa se está a executar. Melloras e implantación progresiva das bases das unidades operativas nas que están o persoal e os vehículos; estiveron este ano preocupados pola apertura das novas, antes nin existían; esta mesma semana vimos esa, visitamos a de Rianxo, unha base moderna e que é un sitio de referencia que os convido a que vaian visitar. E, por último —aínda que podería seguir moito máis—, falamos tamén de melloras na investigación, porque tamén é importante saber como se causan os incendios forestais; hoxe temos unha unidade de investigación específica sobre os incendios forestais, que permite



identificar as causas e os autores, que permite que saibamos con certeza, por exemplo, que o 70 por cento dos lumes de agosto foron intencionados.

Por este camiño continuaremos, apostando polas melloras a nivel transversal en todo o dispositivo. Lémbrolles o que dicía ao comezo desta comparecencia: que me gustaría que fose unha oportunidade para o recoñecemento de todos e cada un dos profesionais, pero tamén para o entendemento entre todos nós. Un asunto desta transcendencia como é a loita contra os incendios forestais debería quedar á marxe de calquera liorta partidista e suscitar o consenso; tamén debería xerar consenso algo suficientemente probado e que semella que moitas veces se quere agochar: Galicia non arde soa, a Galicia quéimana.

Apelo a que hoxe neste Parlamento todos vostedes rexeiten con contundencia a acción dos incendiarios, que poñen en perigo a vida dos galegos e das galegas.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Saúdos de novo.

Ben, rematou falando dos incendiarios e entón vou falar un pouco diso. A porcentaxe de incendios intencionados que dixo é practicamente —segundo vin nos informes— o que xa viña sendo desde anos atrás; ou sexa, que nese tema, polo tanto, non se avanzou nada, segue habendo a mesma porcentaxe, sobre ese tema non se logrou mellorar, porque desde hai bastantes anos os datos din que esa porcentaxe de incendios provocados é máis ou menos a mesma, deixando de lado os que son por negligencias ou por outros motivos.

Vostede falaba das melloras tecnolóxicas que temos; os incendiarios tamén teñen melloras tecnolóxicas; é dicir, que a cuestión ao mellor non é plantexar isto como unha guerra entre os equipos forestais e os incendiarios, sexan individuos illados ou sexan hipóteses de organizacións con intereses creados ou o que sexa. Hai que actuar de xeito que as malas intencións de quen sexa e na medida en que sexa esa a causa pois non teñan efecto; sinxelamente, que xa sabemos que hai xente que toma ás veces decisións negativas para o ben público, pero o que hai que tratar é de neutralizar iso.

Entón, o que din os expertos é que se debe actuar sobre todo sobre as condicións indirectas que causan os lumes, que estamos fartos de dicilo aquí: a despoboación do rural, a falta de organización forestal en mosaico ou a falta de remuda xeracional nas actividades agropecuarias; é dicir, hai que actuar sobre esas condicións indirectas para que non se creen as condicións que dan lugar a eses lumes, sobre todo estes lumes de última xeración. Dende logo que iso atinxe a todos os membros do Goberno, e non soamente a vostede, porque os incendios teñen causas e consecuencias relacionadas con todos os aspectos do Goberno.



Entre as cousas que din os expertos, por exemplo, é que moitos medios convencionais xa non son eficaces. Por exemplo, falou de que os avións botan a auga e que xa se evapora no aire, eses incendios que alcanzan as temperaturas de sexta xeración; efectivamente, os expertos mesmo din que a influencia dos avións que botan en auga é mínima nestes últimos tipos de incendios. Foron pensados, sobre todo, para os incendios de segunda xeración, dos anos 70, aproximadamente. Agora pois ao mellor hai que plantexalo doutra maneira. Vostede recoñeceu a pouca eficacia deses medios; din os expertos que se traballa mellor con medios terrestres.

Pero —volvo repetir— a min dáme a impresión de que toda a acción de goberno da Xunta neste aspecto é meramente reactiva; ou sexa, parece como se os incendiarios e os factores que interveñen na creación dos incendios tomen a iniciativa e o que fai a Xunta é reaccionar, e os expertos din que non, que hai que tomar medidas proactivas, que non hai que esperar á iniciativa da outra parte, sexa natureza, sexa o que sexa, para reaccionar en consecuencia.

O Goberno ten que tomar medidas proactivas a priori: ordenar o territorio, fomentar industrias forestais sostibles, crear arraigo no territorio a través tanto da economía como da cultura e da educación, o que dicíamos antes de que os expertos, os profesionais do gremio, que interactúen coa xente.

Hai unha cousa que tamén din os expertos, que é aproximar a toma de decisións ao ámbito local, que parece que o ámbito local ten a mínima competencia cando é ao mellor quen mellor coñece o territorio, quen mellor coñece as necesidades, quen mellor coñece a probabilidade de que se produzan incendios por determinadas causas. O ámbito local é ao mellor quen coñece se hai persoas potencialmente inclinadas a esta clase de medidas, que moitas veces son incluso persoas con algún tipo de psicopatoloxía e que realmente non teñen, ao mellor, máis responsabilidade.

Fala das faixas secundarias. Tamén hai que escoitar as asociacións cidadás, de afectados, etc. O outro día seguramente leu na prensa, coma min, que había que tratar de delimitar mellor as faixas secundarias, que non era cuestión de facer unha liña imaxinaria así *grosso modo*, en trazo groso, de 50 metros; ao mellor habería que medir con máis precisión desde as casas e os sitios concretos e non coller así o mapa e facer unha liña imaxinaria sobre un croquis. Iso dicíanllo as asociacións, que tamén lle dicían que había que mutualizar o gasto, non cargar todo o gasto sobre os propietarios, que moitas veces tamén lle dicían que haberá que escoitar isto. Eu non sei se esa é unha medida correcta. Tamén lle dicían eses afectados ou esas asociacións que ao mellor había que deixar ata 50 centímetros de marxe, porque se non había que desbrozar con moita frecuencia, dada a rapidez coa que crecía a vexetación, e non era rendible de ningunha maneira e, polo tanto, na realidade, na práctica non se ía conseguir facer.

Falou tamén da necesidade de educación e de campañas. Fálase moito tamén da diferente percepción do risco que hai en diferentes capas sociais. Por exemplo, no ámbito rural pois hai outra percepción do risco, outra percepción do perigo e nos ámbitos urbanos pois ao mellor non se ven tan directamente afectados polos incendios. Hai outra percepción e ao mellor cando se vai ao campo ou se vai pola estrada, pois ao mellor tómanse accións irresponsables porque non hai a percepción real do risco que supón a creación dun incendio. Ao mellor en determinados segmentos sociais non se dá esa experiencia, e aí pois ao mellor tamén había que actuar.



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: Volvo insistir na mellora das condicións laborais da xente, porque —xa digo— o traballo debe ser todo o ano e de múltiples maneiras. Acabaríanse aforrando cartos, porque é moito máis caro despois apagar e recuperar. Hai que recuperar —vólvolles repetir— polo menos na provincia de Ourense, nas comarcas máis afectadas; a prioridade agora é a recuperación.

E volvo repetir que o orzamento da Xunta de Galicia me parece moi pequeno para iso, porque eu penso incluso que este ano a perspectiva dos orzamentos debería ser na provincia de Ourense nos incendios en todas as consellerías, e non só a súa. Nese sentido vai ir a emenda á totalidade que facemos nós nos orzamentos.

Pero si, a mellora das condicións laborais.

E outra cuestión que tamén me chamou a atención e que din os expertos é...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: ...—si— que nos casos de catástrofes —e non soamente nos incendios— os medios de comunicación tivesen tamén unha especie de normativa específica, unha especie de estado de excepción informativo, para que desen información realmente relevante para a sociedade e se tomasen decisións acertadas desde todos os ámbitos.

Entón, é unha idea que tamén queda aí, se ao mellor os propios medios de comunicación tamén teñen nesas condicións excepcionais que ser sometidos a algún tipo de normativa, seguindo —como digo— os consellos os expertos.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Viso, bos días, pero imos ao importante.

Señora conselleira, falaba vostede de consenso, ao PSdeG; é que resulta que o único partido que votou a favor do ditame e das 123 medidas elaboradas polos expertos foi o PSdeG. (*Aplausos.*) ¿Para que? Para que mudasen de modelo, e non o fai.

E pregunteille, si, si, que me contestara sobre esas medidas e cales van pór en marcha e resulta que non contesta. Prefire falar vostede outra vez de que a Galicia quéimana. Pero mire, non sei se sabe que a Fiscalía xa hai moitos anos que desbotou o tema de que exista terrorismo incendiario, si, a Fiscalía de Galicia; non siga por aí, señora conselleira.



Volve falar de condicións climatolóxicas. Mire, señora conselleira, eu non sei se deu lectura a unhas recomendacións —eran tres libros— que os expertos aportaron á Consellería de Medio Rural —na Consellería de Medio Rural naquel momento estaba José González no cargo—. Á parte do ditame, unha das medidas que contiña era adecuar os medios materiais humanos ás necesidades de cada provincia. E vostede e o anterior conselleiro non mudaron nada, seguen a repartición igual. Entón, ¿como quere que cambie esta situación en Ourense e en Lugo?

Ademais, teño que preguntarlle unha cousa: ¿vostede cre que as medidas que queren implantar agora para cambiar de modelo é o que realizan a través da Lei de acompañamento? É dicir, flexibilizaron a moratoria do eucalipto e flexibilizaron os plans de ordenación de recursos forestais (*Aplauso s.*). ¿Vostede cre que esas son as medidas que van supor un cambio de modelo? Porque sen flexibilizar a moratoria imaxinen que nos incendios que aconteceron en Ourense con máis plantacións de eucalipto ¿que pasaría, señora conselleira?, ¿que pasaría? Vostedes agora, en vez de ampliar unha moratoria, como pedimos os socialistas, por cinco anos, o que fan é unha moratoria falsa completamente. ¿Iso é un cambio de modelo? E os plans de ordenación de recursos forestais para 19 distritos —non será tan difícil—, que levamos anos solicitando, agora queren simplificalos para que se convertan nun papel mollado? ¿Ese é o cambio de modelo que vostede quere propiciar, señora conselleira? Eu entendo que non.

Falando de execución orzamentaria —porque falaba de orzamentos, desta subida do 1 por cento, pero que a prevención ascendía a máis do dobre—, no Programa de infraestruturas e equipamentos no medio rural deixou sen executar en dous anos —o 2023 e o 2024— un 22 por cento do orzamento. No Programa de accións preventivas e infraestruturas forestais deixou sen executar máis de 17 millóns de euros, que non se transformaron —o que dicía— en rozas, en cortalumes, nin en mantemento de pistas forestais. No Programa de dinamización económica do medio rural deixou sen executar 185 millóns entre o 2023 e o 2024. Esa é a xestión da Xunta de Galicia.

É o primeiro ano que o Pladiga non é presentado neste Parlamento dende hai moitísimos anos. ¿Por que? Por ocultación. Si, señora conselleira, presentouse en comisión e daquela maneira. Vostedes queren flexibilizar o eucalipto, baleirar de contido os instrumentos de planificación forestal e non cambiar de modelo.

Mire, con este orzamento, dígame: ¿vai cumprir a Lei de montes de Galicia e elaborar os plans de ordenación de recursos forestais? Conteste, xa que non contestou na primeira rolda. ¿Vai cumprir co ditame parlamentario do 2018, que aprobamos os socialistas? ¿Vai cumprir a proposta do Partido Socialista de Galicia de crear un corpo único profesional e equipado ou vai seguir co modelo de brigadas municipais? En relación co plan de pastos, ¿vano realizar, con ese cambio de modelo? Eu creo que non, señora conselleira.

Entón, mire, despois de realizar cero autocrítica, despois de non dar conta real das medidas preventivas que establece o propio Pladiga —que era este o momento, pero tamén de enviar un informe escrito do cumprimento desas medidas, que non o vai facer—, despois de mentir en relación co operativo —porque sempre falan de 7.000, 5.000 efectivos, pase o que pase e



aconteza o que aconteza—, despois de non querer mudar de modelo forestal e despois de non dicir nin unha palabra do abandono do rural —porque ¿quen quitou servizos no rural?, si, ¿e quen está a incidir neste abandono?; vostede e o seu Goberno—, eu creo, señora conselleira, xa despois de cero autocrítica, de cero cambio de modelo e da súa intervención indignante hoxe, que é o momento.

Eu utilicei un ton que «non é o habitual» —dicía vostede— porque non é que estea indignada eu, senón teñen que estar indignados os galegos e as galegas, e sobre todo os veciños e as veciñas que sufriron esta lacra de lumes. (*Aplausos.*) Por iso, pedimos a súa dimisión inmediata, señora conselleira.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Señora conselleira, vostede veu dicir aquí que todo foi ben, que hai máis orzamento e que o novo Pladiga vai ser mellor, pero déixenme ser moi clara: o risco que corren as vidas dos galegos e as galegas fronte ao lume é inmediato e real. Os números non menten: este verán arderon —recoñecidas por vostedes— máis de 120.000 hectáreas, e —máis importante aínda— arderon casas, aldeas enteiras, proxectos empresariais... Non estamos a falar só de monte —que é moi importante—; estamos a falar de que o lume chegou ás portas das casas, ás familias, ás vidas. E non é anecdótico, señora conselleira; é a nova realidade dos incendios forestais en Galiza. (*Aplausos.*) Os novos lumes son xa na interface urbano-forestal, os montes chegan ás casas e as casas están en risco. E o máis grave é que isto non vai rematar nin en Valdeorras nin en Ourense, nin no sur de Lugo.

Os modelos climáticos son claros —agora que por fin xa cren no cambio climático, ¿recorda que na primeira intervención eu a vostede lle preguntei se cría no cambio climático?; por fin xa vexo que si— e din que as situacións de seca extrema que vimos en Ourense e no sur de Lugo van ocorrer en calquera lugar de Galiza e van ocorrer con máis frecuencia e máis intensidade, je xa o está a facer! Por exemplo, na Mariña de Lugo, que histórica e climaticamente non ten incendios, xa ocorreu e teñen eucaliptos en continuidade, porque a nova situación son precipitacións que agora se concentran en menos días e con períodos secos que se alongan cada vez máis. É dicir, señora conselleira, en cinco ou en dez anos en calquera territorio de Galiza poderase sufrir o que sufriu Valdeorras. Ninguén está a salvo, porque o cambio climático non pregunta pola xeografía; altera os padróns globalmente.

E, mentres, a retórica oficial fala de «incrementos» para o 2026, pero a estrutura operativa, a precariedade laboral e a ausencia dun modelo forestal transformador mantéñense intactas. O Pladiga 2026 non vai supoñer un salto cualitativo, senón simples retoques a un sistema que se demostrou esencialmente deficiente. Precísanse cambios estruturais de verdade, non máis discurso sobre incrementos orzamentarios. Porque o cambio climático non pregunta



por orzamentos nin pregunta por promesas; pregunta por vidas protexidas, por casas defendidas e por paisaxes adaptadas ao novo escenario, e vostedes pois presumen de medidas.

Eu, xa que antes dixo que lle gustaban as nosas medidas e que as ía ter en conta, pois voulle falar de medidas reais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me diga que non, porque, ademais, creo que ata lle marcamos a axenda: empezaron a falar do tempo de reacción ante o primeiro lume a partir de que o levei eu a unha comisión. Nós encantados desde o BNG de que marquemos a axenda. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

As medidas reais voullas dicir.

Serían, en primeiro lugar, transformar a interface urbano-forestal, crear devasas efectivas arredor das casas de cada núcleo habitado e protexer con máis metros cada vivenda. Aquí recórdolle que deixaron este ano máis de 10 millóns de prevención; eu voulle ser máis xenerosa que a miña compañeira socialista e deixalo en 10 millóns, pero son máis.

Segundo, ter un operativo robusto, capaz de responder á simultaneidade de lumes na interface urbano-forestal, onde todo é máis próximo, máis perigoso e máis rápido, e non equipos fragmentados. Tamén hai que avanzar na comarcalización dos parques de bombeiros, xa que non temos a estrutura territorial axeitada, e crear unidades especiais de apoio, con equipos e persoal específico para grandes incendios.

Terceiro, repensar a xestión do monte nos próximos anos —volvo insistirle—, sabendo que a seca pode chegar a calquera área de Galiza. Isto significa diversificar as especies, crear mosaicos de frondosas autóctonas —esta palabra é importante—, que freen a propagación, e non masas continuas de combustible. Aquí voulle amosar unha foto. *(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto amosa unha fotografía.)* ¿Sabe vostede que é? É un cortalumes nos montes de Agolada. Isto é un cortalumes. ¿Ve como está? Menos cortalumes, é calquera cousa. *(Aplausos.)* E en montes xestionados publicamente. Non lle me dea á cabeza, que os propios comuneiros o denunciaron e lle escribiron un montón de cartas. *(A conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, nega coa cabeza.)* Isto é así: denuncian que non hai cortalumes.

Cuarto, creo que é importante a restauración inmediata e comprometida dos solos queimados antes de que cheguen as treboadas e que continúen as cinzas propagándose na auga —que xa está ocorrendo—.

Señora conselleira, os galegos e as galegas non poden permitirse esperar ese Pladiga 2026. Tampouco poden permitirse o luxo de crer que a seca só vai afectar Ourense, porque vai afectar calquera sitio de Galicia. O risco hoxe é real, inmediato, e vai chegando a todos os recunchos de Galicia —como lle dicía—. Vostedes teñen a responsabilidade de pasar de anuncios á acción, de programas á mudanza real, de palabras á protección de vidas, porque os próximos lumes non van esperar e as cinzas xa están chegando ás traídas de auga. Necesitamos acción xa, e non máis do mesmo.

O PRESIDENTE: Grazas. Remate.



MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: E vólvollo repetir: se non está disposta, por favor, déixellelo a outros. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, señor presidente.

Grazas, conselleira, tamén pola súa intervención.

Señorías, despois de escoitar as intervencións da oposición, un ten a sensación de que falamos de dúas Galicia distintas: a Galicia real, a que traballa, a que loita contra o lume e a que confía nos seus profesionais; e a Galicia que vostedes debuxan cada vez que teñen un micro diante, que, segundo vostedes, está cada vez máis abandonada, sen medios, sen coordinación e sen plan. Non obstante —así o dixo a conselleira e así están os datos—, cada vez hai máis medios, cada vez hai máis coordinación e cada vez o plan é máis completo. *(Aplausos.)*

Señorías, non deixan de sorprendernos cada ano co mesmo discurso, coas mesmas frases e co mesmo obxectivo. Eu aquí levo dous discursos sobre o tema do Pladiga e o tema dos incendios, e veñen contando o mesmo. Señorías, desgastar o Goberno non mellora o sistema.

Señorías do PSOE, señora Dacosta, bos días —xa que nos saudamos de ti a ti—. Franca-mente, señora Dacosta, teñen vostedes moita cara para vir aquí dar leccións de compromiso co territorio, porque, se de abandono falamos, cómpre mirar primeiro cara ao seu propio Goberno: o que suprime as paradas de autobús, o que pecha cuarteis da Garda Civil no rural, o que elimina as paradas do tren en pleno corazón de Galicia, na Gudiña... ¡Este, señorías, é o seu rural! *(Aplausos.)* Abandono, señorías do PSOE, tamén é prometer fondos europeos para o rural e deixalos sen executar. Abandono é non enviar axudas cando se precisa e responder dous meses despois cunha gran medida —dicían vostedes— que, como ben dixo a conselleira, como moito, chegaremos aos 10.000 euros para os afectados polos incendios. E por moito que lles pese, señorías, a verdade é que Galicia ten un modelo consolidado, con operativos que funcionan, con formación continua e cunha coordinación recoñecida mesmo noutras comunidades.

E, señora Dacosta, Galicia arde porque existen pirómanos que lle plantan ao monte. Iso é así: Galicia arde e así o dixo a conselleira. O que pasa é que a oposición non soporta que traballemos e que melloremos naquilo que erramos, porque é certo que ás veces erramos, pero traballamos para mellorar. Cando hai incendios, acúsannos de incapacidade, e, cando non os hai, din que foi casualidade. Esa é a coherencia: se arde, culpa do Partido Popular, e, se non arde, tamén.

Ben, e ¿que dicir das señorías do BNG? Señora Valcárcel, espero que a foto sexa real; xa sabe que vostedes ás veces teñen malas pasadas coas fotos. En principio, cando falan de lumes, ¿por que non aplican as súas medidas máxicas, sobre todo, falando de incendios? Teñen uns no seu propio partido, como vimos esta fin de semana, que parece que teñen uns aquí, no seu Goberno de Santiago.



Vostedes veñen aquí dar leccións de responsabilidade, pero logo seguen sendo os palmeiros do Goberno e abstéñense no Senado —señorías, é importante recordalo— no caso Koldo, acusando o Partido Popular de manipulación política. Miren, señorías do BNG, manipulación é falar de corrupción cando lles interesa e calar cando o seu socio é quen ten que dar explicacións. (*Aplausos.*) Manipulación é usar o lume como trincheira electoral mentres se reclama unidade.

Hoxe falamos de realidade, falamos de colaboración, falamos de coordinación —por suposto, cos concellos e coas comunidades de montes— e falamos de voluntarios; a conselleira tamén falou de empresas e de administracións traballando xuntas. Iso é a clave do éxito deste modelo; iso fai que sexa forte este modelo e que realmente o noso sistema, dalgunha maneira, destaque pola unión e non polo sectarismo.

Señorías, vir aquí cada ano co mesmo discurso, copiar o guión do ano anterior e dicir o contrario do que din cando gobernan en Madrid non é coherencia. Non falan dos compromisos, señora Dacosta. Deberían falar do compromiso das confederacións hidrográficas; hoxe díxollo aquí a señora conselleira, vostede non o nomeou; non falou da UME, a señora conselleira díxollo por dúas veces e vostede non a nomeou; e non falou da BRIF, vostede tampouco a nomeou. Señorías, hai que ser coherentes e dicirlles aos galegos cal é o modelo de rural que queremos.

Cando falamos tamén de traballo e de compromiso, falamos da coordinación, falamos da prevención e falamos da formación. Ese é realmente o modelo que ten este Partido Popular.

Señorías, o lume pode destruír o monte, pero tamén deixa ao descuberto moitas cousas. Deixa ao descuberto quen está no territorio e quen só aparece cando hai cámaras, deixa ao descuberto quen asume responsabilidades e quen se agocha detrás dun discurso fácil e deixa ao descuberto quen constrúe e quen intenta queimar, politicamente, o traballo alleo. Este goberno non se esconde, dá a cara. Este grupo non improvisa, defende.

Señorías —grazas, conselleira—, seguiremos traballando para garantir que Galicia estea, un ano máis, preparada, máis protexida e máis unida. Porque, mentres outros xogan coa política do titular, nós seguiremos coa política da responsabilidade e, mentres uns utilizan o lume, nós estaremos ao carón da xente que o apaga. Señorías, esta é a diferenza entre falar e gobernar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Señorías, hoxe vin aquí dar conta da situación vivida en Galicia este verán, falando de incendios forestais, das súas causas e das medidas a adoptar. Tras volvelos escoitar aquí hoxe a vostedes, a pesar da súa negatividade, sigo sen perder a esperanza de que poidamos chegar a acordos e a consensos nun tema tan importante como é a loita contra o lume en Galicia.



Xa vexo, señora Valcárcel, que é vostede nova aquí, igual ca min, pero mire, de tempos de reacción xa viñan falando antes de chegar nós. Seguimos a ter eses tempos de reacción en conta sempre e asegúrolle que dende a dirección xeral é algo que está sempre alí presente. Cada segundo conta á hora de chegar a un incendio. Seguro que marcharemos nós de aquí e seguirán falando de reducir os tempos de reacción.

Vivimos un ano extremo, en moitos niveis: extremo a nivel meteorolóxico, extremo na intensidade e na propagación do lume, extremo na simultaneidade —sobre todo na simultaneidade dos grandes incendios—, así como no número de incendios que tivemos neste mes de agosto. Vólvoos dicir: foron 673 incendios, aos que chegaron con éxito na maior parte dos casos. É un servizo do que me sinto profundamente orgullosa e estou segura de que, dentro desta expresión que eu fago hoxe aquí, podo recoller a da inmensa maioría dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Todos estes foron factores de risco, pero, como lles dixen, e sigo insistindo, Galicia non arde soa. Non se pode negar nin esconder que a principal causa dos incendios forestais é a intencionalidade e, ano tras ano, vemos como isto é así, pero a vostedes parece que lles custa asumilo. ¿Que máis probas necesitan que as propias investigacións da Uifo, da Garda Civil ou da Policía Autonómica? Asumir esta circunstancia non implica non asumir responsabilidades nin novos compromisos. Como administración responsable, a Xunta de Galicia estivo dende o primeiro momento onde tiña que estar. Non se escatimou na extinción e apoiamos os veciños afectados con esas axudas contundentes dende o minuto un, ao tempo que iniciamos os traballos de recuperación do monte.

Por suposto, non dicimos que todo estea feito, nin moito menos. Podemos e debemos seguir mellorando, en varias cuestións. Proba diso é o paquete de medidas, avanzado hai dous meses polo presidente Rueda nesta Cámara, medidas que quedaron recollidas nos orzamentos de 2026. Realizaremos máis tarefas preventivas propias e, ao mesmo tempo, duplicamos o noso apoio para favorecer unha mellor xestión da biomasa nas faixas secundarias; unha xestión que —volvo lembrar— debemos facer todos: os propietarios en primeira instancia, os concellos e tamén a Xunta de Galicia, que estará aí para apoialos. Acabamos de axilizar esta xestión mediante un cambio introducido na Lei de medidas, no caso de que o propietario non cumpra coas súas obrigas antes do final de maio e se trate dunha zona de risco de incendio.

Seremos escrupulosos co cumprimento da normativa, pero, do mesmo xeito, tamén apoiaremos aqueles concellos e, polo tanto os seus veciños, para que fagan as cousas ben. Apoiarémolos no envío de notificacións, como xa o facemos, e nesas execucións subsidiarias que se enmarcan dentro do convenio e se contratan con Seaga. Este apoio ofrecerase, sobre todo, a aqueles concellos de menos de dez mil habitantes, pois coñecemos as dificultades que poden ter para xestionar todo este traballo. A Xunta de Galicia sempre estará ao lado daqueles que cumpran e será estrita con aqueles que non o fagan, porque non facelo pode implicar poñer en risco toda unha aldea no caso de rexistrarse un lume.

Tamén lle pedimos un esforzo extra ás comunidades de montes para que, dentro dese 40 por cento de reinvestimento dos ingresos xerados, destinen un mínimo do 10 por cento a tarefas preventivas e de protección para loitar contra os incendios.



Como digo, o traballo preventivo reúnenos a todos: á Xunta de Galicia, aos concellos, ás deputacións e tamén aos propietarios. Non me cansarei de repetilo: neste ano 2025 investimos 50,5 millóns de euros para a prevención, o dobre que en 2018 e moito máis do que se destinaba en 2007. En 2026 —volvo repetir— esta partida incrementarase nun 50 por cento con respecto a este ano, para chegar a eses 75,38 millóns de euros, o que supón un 65 por cento do orzamento de investimentos da Dirección Xeral de Montes.

Prepararémonos máis e mellor en caso dun incendio. Son 3,7 millóns máis para máis medios aéreos, para reducir eses tempos en chegar a un incendio, e máis vehículos terrestres, e máis de 9 millóns para mellores infraestruturas e novas bases aéreas por todo o territorio.

A maiores das melloras materiais, seguiremos reforzando o operativo humano: nada de precariedade laboral, polo menos na Xunta, que está dirixindo este dispositivo —dei conta de todas esas melloras na primeira intervención—, cun compromiso claro coa súa estabilidade, como vimos demostrando nos últimos anos, e con melloras nas súas condicións laborais, nas que seguiremos traballando e mellorando. *(Aplausos.)*

Tamén afondaremos na sensibilización e na concienciación da poboación, con máis charlas, tanto en concellos como en centros educativos. A través dese programa específico, o alumnado poderá coñecer máis de preto o dispositivo, as súas tarefas e tamén como a xente pode e debe colaborar para minimizar o risco de incendio. Son os equipos humanos os que marcan a diferenza. Os 3.000 efectivos do servizo de prevención e de defensa contra os incendios forestais de Galicia son persoas amplamente formadas e a inmensa maioría con sobrada experiencia pola súa veteranía. Son profesionais que deron todo e máis este verán, que axudaron a protexer os veciños en máis de catrocentos núcleos de poboación e que se enfrontaron a lumes cambiantes e imprevisibles en moitos casos. Sei que non me engano cando digo, en nome de todos os galegos e as galegas: moitas grazas a todos os que colaboraron na loita contra o lume, grazas polo voso traballo e pola vosa entrega.

Nos vindeiros anos, dende o Goberno galego seguiremos apostando por mellorar o dispositivo e por preparalo ante os novos retos, afianzando o seu prestixio nacional e internacional.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Declaración institucional

O PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, en concreto en solidariedade e apoio ás persoas defensoras dos dereitos humanos que hoxe nos acompañan na tribuna, xunto tamén coa Asociación de Mulleres Rurais Santa Águeda, de Ourense, e outros invitados que hoxe tamén nos acompañan na tribuna do Parlamento. A declaración di así:

«Con ocasión da visita a Galicia de tres defensoras acollidas no programa Galicia Abriga, que ten o obxectivo de dar un espazo seguro ás mulleres defensoras dos dereitos humanos



que pertencen a organizacións e a movementos sociais de países onde está presente a cooperación galega e que teñen ameazada a súa integridade por motivo do seu labor, o Parlamento galego fai a seguinte declaración institucional:

O Parlamento galego manifesta o seu máis profundo respecto, apoio e solidariedade coas persoas defensoras dos dereitos humanos, con aquelas que resisten nos seus territorios e coas que se ven forzadas a os abandonaren como medida de protección. Reafirma o seu compromiso coa consideración dos dereitos humanos individuais e colectivos, tal e como foron recollidos nos instrumentos internacionais, como na Declaración universal dos dereitos humanos, neste o seu 80 aniversario, e na Declaración de defensores e defensoras dos dereitos humanos.

Entendo que todos e todas temos, xunto ás organizacións sociais, responsabilidades na protección e no recoñecemento das persoas defensoras e, polo tanto, facemos un especial chamamento ás institucións públicas para o pleno cumprimento das súas obrigas neste eido. Así mesmo, rexeita os procesos de criminalización que, dende determinados sectores económicos e políticos, se articulan contra o labor pacífico destas persoas, cuxo traballo en defensa da vida conta co recoñecemento e a protección desta cámara.

O Parlamento galego recoñece o valioso labor desenvolvido polos programas de protección temporal de defensores e defensoras de dereitos humanos, que actúan en coordinación coas institucións e coas organizacións sociais da cooperación e da solidariedade internacional. Tamén salienta o compromiso das ONG do Norte e do Sur global, así como da política galega de cooperación ao desenvolvemento, que cumpre máis de trinta anos promovendo redes e alianzas pola defensa dos dereitos humanos e de todo o mundo.

Finalmente, o Parlamento de Galicia insta a cooperación galega a seguir fortalecendo a sociedade civil dos países socios e trasladará esta declaración institucional ao Goberno de Galicia, á Valedora do Pobo e ao Goberno de España, solicitando que, de acordo coas súas competencias, activen os mecanismos necesarios para garantir o pleno e libre exercicio dos dereitos humanos por parte das persoas defensoras en calquera país do mundo». *(Apróbase por asentimento.)*

Esta é a declaración e moitas grazas a todos. *(Aplausos de toda a Cámara.)*

Continuamos coa orde do día.

Pasamos ao punto segundo, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás

O PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.)



Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobación dun plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e as plantas de biogás, considerando o chan agrario e a súa capacidade de carga. Neste plan adoitarase pola Xunta de Galicia de forma específica medidas efectivas para tratar todo o purín xerado na comarca da Limia, que é o territorio con maior carga gandeira intensiva e a principal candidata a ser declarada Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN) en aplicación da Directiva europea.

2. Se promova dende o Goberno galego unha regulación normativa das plantas de biogás e de biometano, na que se inclúan as seguintes medidas: a) En solo rústico, se valore a fixación de distancias respecto de núcleos rurais e respecto de vivendas illadas.

b) En ubicación en polígonos industriais non se aplicarán as distancias mínimas, senón que cada localización se avaliará caso por caso, mediante o correspondente Estudo de Impacto Ambiental (EIA). Na lei 21/2013 de avaliación ambiental, xa se recollen medidas de protección tendo en conta o planeamento urbanístico e as medidas de protección de patrimonio e de espazos naturais.

c) Respecto á limitación da capacidade máxima no tratamento das instalacións: deberase dimensionar a capacidade da planta ligada a dispoñibilidade real no radio optimizando as medidas de mitigación, condicións de operación incorporando a pegada de carbono ao transporte (cálculo e reporte no ACV, optimización das rutas, consolidación de cargas, xestión de horarios, se procede, límites de fluxos) como criterio de deseño e explotación para asegurar o balance climático neto positivo.

d) Respecto ás distancias máximas de transporte e límites obrigatorios de Co₂, esixirase a Análise do Ciclo de Vida (ACV) e o balance enerxético climático con valores obxectivos, orientativos e de flexibilidade cando se acrediten mellores resultados ambientais ou socioeconómicos.

e) En relación ao tráfico pesado, probar un Plan de mobilidade específico coordinado cos concellos afectados, no que se fixen os itinerarios/horarios, medidas de seguridade e seguimento anual tendo en conta o principio de proporcionalidade.

f) Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización, tendo en conta a aplicación da normativa europea ou estatal como complemento de plans de mostraxes e trazabilidade xustificadas polo risco local.

g) Integración e coordinación efectiva por parte do goberno Galego no sistema estatal de Garantía en orixe de biometano, xunto co necesario apoio técnico para os produtores galegos.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, señor presidente, señora presidenta.



Bo día, señorías.

Permítanme saudar a tribuna de convidados, moi especialmente todas as veciñas e veciños afectados por plantas de biogás que hoxe están connosco neste Parlamento. Benvidos.

Vimos falar de lumes, vimos falar de modelo do rural, de modelo de monte, e imos seguir falando de rural, porque se hai un territorio que ten un protagonismo especial, un protagonismo específico na transición enerxética, non é outro que o rural. Cando falamos de biogás, cando falamos de enerxía eólica, cando falamos de balsas de auga para plantas hidráulicas reversibles, estamos falando do rural, estamos falando de persoas, estamos falando de familias que se ven obrigadas a convivir con esas instalacións, de agricultores e gandeiros que poden aproveitar as oportunidades que dá a tecnoloxía do biogás, pero que tamén teñen que convivir coas súas consecuencias.

Cada instalación de enerxía renovable debe ser, ante todo, unha aposta pola vida digna no rural, pola creación de emprego e pola mellora da calidade de vida. A transición enerxética non pode ser unha escusa para o espolio ou para impoñer modelos de desenvolvemento alleos ás realidades locais; debe ser, polo contrario, unha oportunidade para democratizar a enerxía, para crear a economía circular, para dar valor engadido ao territorio e para garantir que o rural siga a ser o motor do futuro deste país. Por iso, defendemos hoxe aquí unha regulación que respecte as persoas, o medio e o patrimonio, que potencie proxectos cooperativos, que reverta beneficios no rural, que asegure que aquelas persoas que manteñen vivo o territorio sexan tamén protagonistas da súa transformación. Porque Galiza será sustentable se é capaz de garantir a equidade entre o urbano e rural, recoñecendo que sen rural vivo non hai país nin transición rural, e Galiza será sustentable se deixa de lado os proxectos especulativos e deixa de ser un territorio de sacrificio.

Hoxe defendemos unha moción de sentido común: Galiza precisa unha regulación clara, moderna e estrita para as plantas de biogás e biometano.

O debate non é sobre a propia tecnoloxía en si —aí estamos de acordo en que é unha oportunidade e en que debe ser aproveitada—, o debate está en como debemos beneficiarnos desta tecnoloxía, en como se garante realmente o coidado ambiental e social do país.

No último pleno, cando lle formulabamos esa interpelación á conselleira, ela fixo gala do máximo rigor técnico, e repetiuno ata en tres veces como unha especie de mantra, quizais para autoconvencerse, para convencerse a si mesma. Aseguraba que Galiza cumpre a normativa para os informes públicos, que todo está controlado, sobre todo a través dun documento que se chama Plan de residuos industriais de Galiza, o Priga. Pero abonda con ler este Priga, abonda con ler este plan, para atopar feixes de debilidades. No propio plan recoñécese falta de información real, deficiente trazabilidade de residuos e mesmo unha ocupación das actuais plantas de tratamento de xurros dun 37 por cento. Hai contradicións evidentes. Por unha banda, a conselleira presume de implantación ordenada e segura e, pola outra, o Priga admite déficit de información, incapacidade para medir o cumprimento de obxectivos e insuficiencia no control; insuficiencia no control de algo tan sensible como a trazabilidade dos residuos perigosos, moitos dos cales, por certo, veñen de fóra do país, veñen de fóra da Ga-



liza. E eu preguntome, ¿como pode haber máximo rigor técnico se a propia Administración admite carencias estruturais e datos contraditorios? O Priga, ao contrario do que nesta tribuna dixo a conselleira, non menciona nin unha soa liña de distancias mínimas a poboacións das plantas de biogás nin a limitación na recollida do material para a dixestión. Todo o que se recolle no Priga está referido á normativa estatal, está referido a dous reais decretos que fundamentalmente regulan explotacións gandeiras, nomeadamente granxas de cochos. É curioso que esa normativa si establece distancias entre granxas, establece distancias entre as granxas e vivendas, pero non establece distancias entre plantas de biogás e granxas. É todo un dislate. Por iso nós demandamos aquí coherencia.

Entendemos que o que dixo a conselleira foi máis que nada un erro. Non pretendo dicir que a conselleira viñese aquí mentir, pero creo que tivo un lapsus ou que lle pasaron mal as notas. Igual que é un erro falar de regulación de plantas de biogás e centrarse no Plan de xestión de residuos industriais, e moito máis cando temos que entender que unha das materias que máis se utiliza para a metanización é o xurro, é o esterco, e nós defendemos que tanto o xurro como o esterco son un recurso, non un residuo, e isto é un punto fundamental para partir neste debate.

O resultado de todo isto témolo diante de nós: plantas proxectadas ao chou, un plan sectorial galego que non existe e non hai criterios comúns. Mentres, noutras comunidades, como Cataluña ou como mesmo Castela-León, onde goberna tamén o Partido Popular, avanza en regulacións técnicas sobre a capacidade de distancias ou sobre que facer co dixestato, con ese produto que queda ao final. Non esquezamos que con este produto, o dixestato, a conselleira asegura que todo está controlado, pero non sabemos se existe unha norma nin sabemos se se vai tratar como un residuo ou se lle van dar outro tipo de tratamento. E temos exemplos bastante claros, como o de Xunqueira de Ambía, onde proxectan balsas de lixiviados en zonas inundables, expoñendo cultivos e persoas a riscos notables. Non hai norma que o evite, e iso non é rigor técnico, como dicía a concelleira, iso é desidia institucional.

Hoxe o BNG trae aquí unha proposta que pretende regular as plantas de biogás en Galiza mediante unha normativa autonómica que garanta a súa viabilidade e que converta nunha oportunidade real para o territorio este tipo de tecnoloxía.

Demandamos, entre outras cousas, o establecemento de límites físicos entre as plantas de biogás e biometano e os núcleos de poboación ou as vivendas habitadas, incluso cos elementos patrimoniais e bens naturais, se fose necesario. Isto significa definir distancias baixo criterios técnicos para non situalas de xeito indiscriminado. Temos que facer compatible o desenvolvemento enerxético coa protección social e ambiental.

Esta mesma medida sería compatible coa creación de «zonas tampón» que amortezan os efectos que poidan presentar estas plantas. Debemos establecer distancias máximas para a recollida dos produtos a dixestar; debemos facer unha avaliación enerxética do que se gasta en recoller ese produto e do que se produce nesa planta; debemos facer unha avaliación en termos de CO₂, en termos de emisións, para saber se é viable ou non é viable, e todo baixo criterios técnicos e científicos; e debemos de limitar a capacidade das plantas. Non podemos ir a macroplantas, non podemos converter o rural nun centro de transformación dos resi-



duos. Esa non é unha política que necesite o noso rural, sobre todo porque este modelo de macroplantas de biogás o que impulsa son macroplantas gandeiras tamén. Debemos establecer criterios estritos sobre materiais que entran e sobre como entran, e tamén sobre os produtos xerados, sobre o dixestato, tanto en formato líquido como en formato sólido. Requírense controis químicos e bacteriolóxicos rigorosos, incluso para detectar microorganismos, bacterias ou metais pesados. Non podemos permitir en Galiza prácticas que se lles están prohibindo a outras zonas de Europa. E debemos controlar a odorización. Os promotores das plantas deben controlar os cheiros usando as mellores tecnoloxías dispoñibles do momento, pero deben medir no perímetro das plantas e poñer eses datos á disposición do público para saber en todo momento como están estes niveis. O tráfico rodado asociado a estas plantas é un problema para as poboacións locais. Débese limitar, débese controlar e débense exixir aos promotores rutas alternativas para evitar afeccións maiores.

Propoñemos tamén a creación dun sistema galego de garantías de orixe de biometano —algo análogo ao que se fai no sistema eléctrico— que certifique a trazabilidade ecolóxica do produto. Iso permitiría aos compradores do biogás avanzar na descarbonización das súas actividades, certificando que o gas procede dun proceso controlado e limpo.

Todas estas medidas, señorías, van moito máis alá dunha improvisación, dunha defensa retórica, como fixo aquí a conselleira hai quince días. O que propoñemos é unha regulación moderna, proteccionista do territorio e que garanta un modelo de enerxía circular, seguro, e un modelo galego. Galiza merece unha política ambiental enerxética, seria, moderna, eficaz e galega, e non debemos resignarnos á improvisación, á falta de control nin ao uso partidista dunha oportunidade histórica. O futuro do biogás debe ser unha ferramenta ao servizo da xente do rural e da economía circular e nunca un risco nin unha oportunidade especulativa para uns poucos.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Monserrat Prado Cores): Grazas, señor Golpe.

É agora a quenda do grupo emendante. Polo Partido Socialista, a señora Patricia Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Doulles tamén a benvida ás persoas afectadas pola instalación de plantas de bioenerxía, de biogás e de biometano no noso territorio.

Hoxe falamos dunha cuestión que vai ter enorme transcendencia para o noso país: a necesidade de regular a implantación de plantas de biogás e biometano en Galicia.

A moción que agora se debate, a iniciativa do BNG, ao noso xuízo, é un pouquiño máis equilibrada que a PNL, que tamén, a iniciativa do BNG, se trouxo e debatemos en xullo deste ano, porque criamos —e así por iso emendamos— que non se adaptaba á nosa realidade



galega, xa que pretendía emular a regulación que se fai das plantas de biogás no territorio de Castela e León, e nada ten que ver a realidade galega coa de Castela-León.

Porque supoño que todos os aquí presentes coincidimos en algo, en que é preciso regular no noso país as plantas de bioenerxía, pero non de calquera maneira. E todos coincidiremos en que o Goberno galego non está a facer absolutamente nada; tira balóns fóra, como sempre fai, pero non fai absolutamente nada. Regular non é poñer paus nas rodas nin frear tampouco o desenvolvemento dunha fonte de enerxía renovable que pode contribuír de maneira decisiva á descarbonización da economía galega, á xestión sostible dos nosos residuos e á xeración de riqueza no rural. Regular é poñer orde, planificar e dar seguridade xurídica e garantir o equilibrio territorial e ambiental, e facelo, sobre todo, con rigor e con diálogo coas comunidades afectadas. É importante tamén dicir que regular non é colocarse por sistema, sempre, detrás da pancarta, porque iso, señorías, crea moita incerteza e moitos medos ás veces, evidentemente, lexítimos dos veciños e das veciñas. Hai que ser claros, hai que ser rigorosos. Galicia precisa unha planificación, non unha sucesión de proxectos de bioenerxía illados, como é o que temos agora, e, sobre todo, o que temos en Galicia é que non temos unha política de transición ecolóxica recoñecida no país; non a hai, non é recoñecible. E a proba témola no último proxecto de lei, o Proxecto de lei do clima, onde se perde unha oportunidade para facer unha política de transición ecolóxica, de loita contra o cambio climático. Nada, de nada, de nada. Esa é a proba tamén. E temos 90 parques eólicos suspendidos en territorio galego xudicialmente, pero por causa imputable á improvisación do Goberno galego no desenvolvemento eólico do noso país.

Nas plantas de biogás pode pasar exactamente o mesmo. Temos enriba da mesa xa proxectos específicos de biogás e biometano, e todos están enriba da mesa sen que a Xunta fixese ese labor de planificación previo, global e, sobre todo, sen participación temperá das comunidades locais e dos concellos afectados. Iso é o que xera desconfianza: a falta de transparencia, a falta de información do Goberno galego, que é o que debe, ademais, liderar. Temos procesos moi pouco transparentes e moi opacos. Existen proxectos que poden ser unha oportunidade, proxectados en Lugo, como en Castro de Rei, ou en polígonos como o do Ceao, co proxecto Lugaz; na Coruña, en Curtis e na Laracha e en Meirama, e tamén en Ourense. Trátase de proxectos que en moitos casos poden ter un gran potencial, xa que aproveitan residuos da industria láctea, gandeira, urbana, e que poderían contribuír de maneira real a esa economía circular que todos buscamos.

O biogás e o biometano poden ser unha oportunidade, pero non poden converterse nun foco de conflito social. O que falla non é a tecnoloxía e o estado da ciencia, o que falla é a falta de planificación, a falta de regulación e a falta de transparencia do Goberno galego do PP. (*Aplausos.*)

¿Por que aposta o Partido Socialista de Galicia? Apostamos, señorías, por unha regulación seria, técnica e adaptada á realidade galega, porque Galicia ten unha realidade agraria e territorial moi singular. Nós non somos Castela-León, non temos macrogranxas nin territorios concentrados, como se sostiña na anterior PNL a iniciativa do BNG, que pretendía trasladar a realidade de Castela-León á nosa realidade, e non ten nada que ver. Temos unha agricultura e unha gandería baseadas a maioría en pequenas e medianas explotacións dispersas, cunha paisaxe moi fragmentada e cunha poboación rural moi viva, que quere ser protagonista.



Por iso, logo de escoitar e consultar con expertos e expertas nesta materia, o PSdeG...

O PSdeG presentou e presentaremos unha batería concreta de iniciativas con propostas específicas do que debería ser a regulación das plantas de bioenerxía na comunidade autónoma; unha proposta baseada na evidencia técnica, científica, na planificación territorial e no diálogo imprescindible co sector e coa veciñanza e que estea aliñada coa folla de ruta aprobada xa polo Goberno de España en novembro do ano 2022. Aquí, no ano 2025, non temos nada. Temos, ademais, a regulación do Real decreto —que se mencionou— 376/2022, que pode ser un punto de partida para a regulación da realidade galega das plantas de bioenerxía.

Como primeira medida propoñemos —evidentemente, o Priga non é suficiente, ten numerosas lagoas— un plan galego de xestión combinada integrada das explotacións gandeiras e das plantas de bioenerxía que recolla a capacidade de carga do chan, o equilibrio dos nutrientes, a planificación comarcal e racional dos recursos e medidas específicas para zonas especialmente sensibles, como a comarca da Limia, onde se concentra a maior carga gandeira intensiva de Galicia.

Por iso emendamos a moción do BNG e incluimos as distancias respecto de núcleos rurais e respecto de vivendas illadas; a avaliación caso por caso de se as plantas de biogás pretenden instalarse en polígonos industriais —aí atenderemos o estudo de impacto ambiental—, a limitación da capacidade máxima de toneladas a tratar ao ano, as distancias para o transporte de residuos e tamén as restricións do transporte pesado polos núcleos urbanos e polos núcleos rurais; unha regulación, en definitiva, rigorosa do dixestato, o rexistro xerado, para evitar contaminacións de chans e das augas. E, sobre todo —e xa remato—, algo moi importante. É necesario que en Galicia a poboación estea informada e sexa madura, que poida opinar nestes proxectos antes de que se convertan en feitos consumados. Non queremos manipulación veña de onde veña, do Goberno galego ou de detrás das pancartas; queremos rigorosidade e queremos participación cidadá real e temperá antes de que os proxectos de autorización se presenten.

Xa remato, señorías.

As plantas de biogás e biometano non son un inimigo. O inimigo é a improvisación, a falta de regulación e a ausencia de planificación. (*Aplausos.*) Porque queremos que Galicia produza enerxía limpa, que xestione ben os seus recursos naturais —a auga, o vento...— e, sobre todo, que se respecte o seu territorio e a súa xente. Iso só se consegue cun goberno galego que escoite, que planifique e que actúe con rigor e con verdade.

Nada máis. Moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señora Iglesias.

O Grupo Mixto non está. Ten, entón, a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor López.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.



Moitas grazas, presidenta.

O biogás e o biometano, como xa dixeron os meus compañeiros, constitúen fontes de enerxía cen por cento renovables, cun poder enerxético moi similar ao do gas natural, e contribúen á economía circular e á transición enerxética, permitindo a substitución de combustibles fósiles e dando saída a residuos agrícolas, a xurros —eses «preciosos xurros» dos que falaba o señor do Bloque Nacionalista—, a residuos tamén alimentarios e a augas residuais, xogando un papel esencial, por exemplo, na redución da contaminación dos acuíferos con nitratos.

Actualmente en Galicia xa existen oito instalacións de biogás rexistradas como xestoras de residuos. Estas plantas están autorizadas para a obtención de biogás a partir de residuos orgánicos, e somos a sétima comunidade produtora de enerxía renovable de España a partir dunha materia coa que contamos en cantidades abundantes.

Ata que o BNG non puxo o foco nelas, non existían problemas aquí, en Galicia. *(O deputado Gonzalo Trenor López vírase para dirixirse á presidenta da Cámara.)* Galicia conta, ademais, cun gran potencial neste eido. Podemos crear máis emprego, podemos xerar máis enerxía cen por cento renovable; podemos tamén mellorar a xestión dos residuos e tamén a deses «preciosos xurros». Dende o Partido Popular defendemos, por suposto, a necesidade de garantir o equilibrio entre o impulso das enerxías renovables e a creación de riqueza e emprego con respecto ao medio ambiente e á saúde pública.

Xa existe, señorías, regulación. Todos os proxectos teñen a súa tramitación ambiental. Nas tramitacións ambientais analízanse moitos factores, entre eles as afeccións sobre a poboación e a saúde. Así, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que o estudo de impacto ambiental dun proxecto deberá incluír —entre outras cuestións—, a identificación dos posibles efectos significativos sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade ao chan, ao subsolo, ao aire, á auga, ao medio mariño, ao clima, ao cambio climático, á paisaxe, aos bens materiais do patrimonio cultural e á interacción entre todos estes elementos.

Señorías, xa estamos a ver como os estudos de impacto ambiental contemplan todo o que a oposición ata o de agora non sabía que se estaba a analizar, pero si que se analiza. E no caso da avaliación de impacto ambiental simplificada, tamén se teñen en consideración todos estes elementos. Pero é que, ademais, en Galicia, para garantir unha implantación ordenada e ambientalmente segura das plantas de biogás, contamos tamén co Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, o Priga 2030, e coa normativa sectorial de aplicación na avaliación dos diferentes proxectos, e téñense en conta criterios, por exemplo, baseados na localización e no impacto ambiental, na racionalización da capacidade das plantas, na regulación dos materiais procesados, na regulación da xestión dos dixestatos despois do proceso de metanización e na restrición da circulación do transporte pesado. Todo iso xa o contempla, señorías, o Priga, e ademais, xa que falei da xestión do dixestato, aquí tamén se lle aplica outra lexislación, porque, ao ser un residuo biodegradable que pode ser transformado en fertilizante, si cumpre os requisitos da Lei 7/2022 e do Real Decreto 506/2013, do Regulamento da Unión Europea de 2009 e do Regulamento 1009/2019. Esa regulación actual



diferencia, por exemplo, entre dixestato e compost e asegura tamén a aplicación directa deste dixestato nos solos, segundo os criterios que establece ese real decreto.

En conclusión, señorías, analízanse todas as afeccións sobre a poboación, sobre a saúde, sobre o ambiente e todas as cuestións relacionadas co transporte de residuos. Iso xa se está a facer na actualidade, así de simple. *(Aplausos.)*

O Bloque Nacionalista xa o sabe. Pero eles, señorías, aínda que o saiban, están a outras cousas. E, cando os escoito, a min xa se me disparan as alarmas. Xa empezaron a dicir iso que nos soa a todos os galegos de «plantas de biogás, si, pero non así». E cando empezan con «plantas de biogás, si, pero non así», eu xa digo: isto xa me soa, esta música xa me soa. A vostedes, señorías, tamén lles soa, e, por exemplo, á señora Iglesias xa lle soaba e por iso dicía: coidadiño coas campañas que vostedes inician.

Pero é que non só acaba aí. Di o Bloque Nacionalista Galego: «plantas de biogás, si; pero macroplantas, non». Xa cando o Bloque Nacionalista fala de macroplantas, señorías, ou de macrograxas, ou de macrocelulosas... Señorías, o prefixo «macro» é o pistoletazo de saída para as campañas de bulos, de acoso e de manipulación do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señorías, aquí xa nos imos coñecendo, e os galegos tamén os coñecen a vostedes. Nas súas campañas de manipulación recorren vostedes a todo o que poden, e este Parlamento non é unha excepción diso. Xa trouxeron unha proposición non de lei moi parecida ao que propoñen hoxe aquí, en xullo, hai escasamente catro meses. Era aquela iniciativa do copia e pega que xurdía dunha noticia dun periódico de Castilla y León. Todos nos abraíabamos de que a xente utilizase con tanta facilidade ese *copy* tradutor e de que logo se reproducise directamente nas iniciativas. Trouxérono como interpelación e agora como moción, pero é que xa rexistraron vostedes outra proposición non de lei pedindo o mesmo que hoxe imos votar e cuestionando o proxecto de Xunqueira de Ambía.

E despois, señorías, xa sabemos o que vai pasar. Despois van traer iniciativas moi similares, pero en cada unha das comisións. Levaranas á Comisión de Cultura, levaranas á Comisión de Medio Ambiente, levaranas á Comisión de Industria e incluso á Comisión do Mar, como xa fixeron con outras iniciativas. Xa nos imos coñecendo. Pero o peor para vostedes é que non só é que aquí os coñezamos nós, é que os galegos tamén os coñecen.

O outro día vostedes conseguiron tumbar un proxecto que ía contar con sete millóns da Unión Europea. E a súa impulsora, a señora Carmen Lence, dixo: «...desistiron da iniciativa pola polarización e polo clima de confrontación». E «empezaron» —entre comiñas, di ela— «con rumores, empezaron con reunións informativas, deseñaron logos con fábricas fumeantes e consignas. En fin, xa sabemos todos como segue o guión», dicía a señora Lence. E claro que si, xa o sabemos todos. Despois van vir os bulos, despois virá o photoshop, despois van vir os escraches, van vir as campañas de acoso, van vir os informes científicos elaborados por membros do Bloque Nacionalista Galego... Iso xa o coñecemos, porque xa o vivimos aquí, en Galicia.

Conseguiron vostedes tumbar o proxecto de Lugaz, conseguiron tumbar moitos proxectos bos para Galicia, conseguiron paralizar todo un sector como o sector eólico, e, por culpa da súa pa-



ralización, estamos a emitir todos os anos 2,5 millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera. Pero iso ao Bloque Nacionalista Galego impórtalles moi pouco, porque o seu obxectivo é outro. *(Aplausos.)*

Vostedes non van parar, señorías, ata que paralicen Galicia, porque ese é o seu obxectivo, señorías: algaradas, conflitividade, parálise... Son vostedes, señorías, «os do non». E, ademais, é que vostedes o poñen por escrito; é unha ruta que xa coñecemos, porque vostedes se encargaron de facelo público. Son vostedes «os do non», os do non a todo o que cree emprego; son tan do non que onte viamos *(O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.)* que pagaban unha campaña nas redes precisamente para dicir que non eran vostedes «os do non». Vostedes pagaban unha campaña para dicir que non son «os do non». *(Aplausos.)* Señorías, non se pode facer máis o ridículo e non se lles pode ver máis as costuras a vostedes.

Miren, eu supoño que o comité central lles deu a instrución de levar a conflitividade absolutamente a todos os sectores, a todos e cada un dos sectores...

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Ten que terminar, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...económicos de Galicia, pero, señorías, os galegos son moito máis listos ca vostedes, están moito máis preocupados polo futuro ca vostedes e, sobre todo, actúan sen ter que seguir o ditado da Unión do Pobo Galego. *(Aplausos prolongados.)*

Máis nada e moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señor Trenor.

Ten agora a palabra o deputado autor da moción, o señor Golpe Acuña, ao que lle rogo que se pronuncie sobre a emenda presentada.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Tamén lle vou dar as grazas ao señor Trenor. Grazas, señor Trenor, por recoñecer aquí e agora que é o BNG quen marca os ritmos deste Parlamento. Como dixo aquel sabio, «non gobernamos porque non queremos»... *(Aplausos.) (Risos.)*

E permítame agora que lle fale á xente que veu hoxe escoitar aquí este debate e que acaba de escoitar como o representante do Goberno galego, o representante do Grupo do Partido Popular, acaba de dicirvos que está todo feito, que toda a lexislación que temos é suficiente para garantir que o modelo de plantas de biogás no noso país se desenrole de forma ordenada e de forma consecutiva e que teña un retorno efectivo, sobre todo para as zonas onde están implantadas estas instalacións.

Eu quero que fagades unha reflexión —vós, que vides desde distintos puntos do noso país— e que pensedes se esa avaliación é coherente: que permitan en Xunqueira de Ambía montar dúas balsas de lixiviados nas que non collen os lixiviados —e así se recoñece no propio proxecto—. Esa é a rigorosidade da lexislación que temos hoxe en día. E, por certo, balsas de lixiviados aos que lles chama eufemisticamente biofertilizantes, que van dentro da zona inundable e que



cando a auga faga o seu traballo vai esparcir todo ese conxunto de nitratos e fosfatos por todas as plantacións de pataca —¡van estar moi ricas as patacas fritas da Limia cando esta planta estea en funcionamento!—. Quero que pensesdes tamén na rigorosidade da tramitación que se fai dende a Xunta de Galicia deste tipo de plantas cando vexades o proxecto de Coeses —os que coñecedes o proxecto de Coeses, en Lugo—, que o tumbou abaixo a Confederación Hidrográfica Miño-Sil porque vertían o lixo a un regato. Esa é a rigorosidade da lexislación que temos, non é outra. *(Aplausos.)* Por certo, unha planta que ía tratar residuos Sandach, tipo 2 e tipo 3 —é dicir, restos de animais mortos—, e que se estaba situando escasamente a 300 metros de vivendas. Iso tamén é regulación; esa é a regulación da que falamos aquí. Non me mire con esa cara, que está no proxecto e eu estiven nun sitio. *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Por certo, pero non informou de xeito negativo a Xunta, quen informou de xeito negativo foi a Confederación Hidrográfica Miño-Sil; *(Murmurios.)* na Xunta obviouse. *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

Quero que pensesdes tamén na regulación que permite que se promocióne ou que se proxecte unha planta de biogás onde non hai onde darlle saída a ese biogás. Temos un exemplo moi claro na Agolada, onde hai unha planta planificada nunha zona de difícil acceso e onde non hai canalización da rede nacional de gas. ¿En que se lle vai dar saída a ese gas? En camións, aos que haberá que sumar tamén os camións produto da entrada; é dicir, todo unha festa. E todo isto está regulado, non sabemos onde, pero di o señor Trenor que está regulado.

E, por último, ¿como non?, os que vides tamén de Lugo sabedes que a planta da Lugaz, que promocionaba a señora Lence, desgraciadamente, non se vai levar adiante por culpa do BNG, a pesar de ser o BNG o grupo político que recibiu a señora Lence e o seu proxecto e o seu tecnólogo para expoñerlle como funcionaba este proxecto e a pesar de que nós non collemos ningunha camiseta nin collemos ningunha pancarta, pero tamén temos a culpa. ¡Como dixen ao principio, non gobernamos porque non nos dá a gana, así de claro! *(Aplausos.)*

Miren, señorías, o BNG aposta por unha transición enerxética xusta que faga do biogás unha panca de cambio, unha oportunidade para o país e non un problema para o territorio.

E pronúnciome sobre a emenda. Señorías do Partido Socialista, entendo que ten aspectos construtivos, pero basicamente replica a nosa, cun pouquiño máis de literatura. Por tanto, penso que a poden deixar para esa batería de iniciativas que van facer vostedes máis adiante e hoxe pretendemos votar a nosa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, señor Golpe Acuña.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Socialista.



(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 1 da parte resolutiva que terá o seguinte contido:

1. No ámbito da ordenación e conservación do monte galego: .

Aprobar unha moratoria de cinco anos á plantación de eucalipto, sen flexibilizacións, tendo en conta tanto a evolución da superficie ocupada por esta especie como as necesidades de diversificación produtiva e de sustentabilidade do monte galego.

Así mesmo, promover a posta en marcha dun programa específico de redución da presenza de eucalipto nas zonas de interface urbano-forestal, co obxectivo de minimizar o risco de incendios, mellorar a seguridade da poboación e favorecer a recuperación de especies autóctonas nestas áreas de especial vulnerabilidade.

Emenda de adición.

No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir un novo parágrafo in fine, que terá o seguinte contido:

«Impulsar programas de investigación, innovación e transferencia de coñecemento desde o Centro de Investigación Forestal de Lourizán, orientados a desenvolver alternativas forestais viables, sostibles e adaptadas ás condicións ecolóxicas e socioeconómicas de Galicia, co fin de garantir unha base forestal diversificada, resiliente e de alto valor ambiental e produtivo.»

Emenda de adición.

No punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

«Reforzar a loita contra as pragas forestais que afectan o castiñeiro e outras especies autóctonas, mediante a elaboración e execución dun plan específico, dotado dun orzamento suficiente e estable, que inclúa axudas directas aos propietarios forestais, accións de investigación aplicada e medidas de prevención, control e restauración dos souts e masas arbóreas afectadas.»)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Para formular a moción ten a palabra a súa autora, a señora Valcárcel Armesto.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidenta.

Bo día de novo, señorías.

O pasado 22 de outubro expuñamos neste pleno a gravidade da situación do eucalipto en Galiza. Hoxe traemos unha moción que require da responsabilidade de todos os grupos para



facen fronte a unha realidade incontestable: a expansión do eucalipto está descontrolada, os límites legais están sendo incumpridos e as consecuencias son devastadoras.

A conselleira Gómez defendía que non se vai ampliar a superficie de eucaliptos e que a moratoria segue vixente, pero os datos desmenten rotundamente isto. Segundo o *Inventario forestal continuo*, a superficie de eucalipto pasou de 409.026 hectáreas en 2022 a 419.051 hectáreas en 2023; máis de 10.000 hectáreas de incremento nun só ano en plena moratoria. E as estimacións apuntan que en 2024 xa se superaron as 430.000 hectáreas. Desde que entrou en vigor a moratoria en 2021 aumentou en máis de 20.000 hectáreas. Isto non é unha moratoria, isto é unha burla! (*Aplausos.*) A chamada «flexibilización» abre a porta á plantación masiva de eucalipto *nitens* en Lugo, a Terra Chá e Ordes. E mentres a superficie crece sen control, a Xunta presume de 1.100 expedientes sancionadores, pero estes datos son ridículos en comparación co ilegal que hai. En moitas zonas están legalizando plantacións ilegais con instrumentos á medida, porque sae máis barato pagar a multa que arrincar os eucaliptos. Non hai control efectivo, non hai vontade real de facer cumprir a lei.

A expansión do eucalipto non responde ao interese xeral de Galiza, senón ás necesidades de Ence, Altri e Navigator. (*Aplausos.*) Ata o 17 por cento da produción galega é exportada á industria portuguesa. Estamos a converter Galiza nunha factoría de materia prima para multinacionais que non deixan aquí máis que terra queimada. Nas Fragas do Eume —parque natural, ben o saben—, o eucalipto aumentou un 48 por cento nos últimos anos, mentres o bosque atlántico retrocedeu un 17,6 por cento. A banda marrón devastou uns piñeiros, pero, en lugar de alternativas reais, a Xunta incentiva a substitución por eucalipto. ¿Que máis exemplos fan falta para falar do fracaso forestal da Xunta?

E aquí voules traer un relato, o da xeógrafa australiana, Natacha Pauli, nun artigo que publicou polo Ibader, en que describe perfectamente o que vemos hoxe en Galiza —recorden, australiana—. Ela foi á ría de Pontevedra e chamáballe a atención a densidade dos rodaís de *Eucalyptus globulus*, todos da mesma idade e que estaban moi xuntos, e o que notou é que non había outra especie de árbores. Decía ela —mirando logo as fotos, aínda lle sorprende máis—: «Hai ausencia total de amplos cortalumes que separen as plantacións de eucaliptos». E comentaba que no seu estado natal: «...os propietarios de plantacións forestais deben manter cortalumes polo menos de 15 metros de ancho» —igualito que aquí, ¿verdade?—. E engade unha reflexión fundamental que lles vou ler, tal como está posta: «*Lamentablemente, las cualidades que han permitido a los eucaliptos prosperar y diversificarse en las condiciones de Australia son las mismas cualidades que los convierten en una amenaza para la ecología gallega*». Porque estamos falando de especie foránea, non o esquezan.

¿Que exiximos nós? Planificación seria; criterios técnicos, ambientais e sociais; recuperación ambiental e xestión sustentable das comunidades de montes. Porque Galiza conta con 3.312 comunidades veciñais en man común, que ocupan 665.000 hectáreas. A xestión comunitaria garante a conservación da biodiversidade, evita o abandono e reduce o risco de incendios. Pero a Xunta dálles a volta.

Remataba o outro día a conselleira a interpelación tentando facer unha graza —aínda que eu creo que con moi pouca chispa—, dicindo que lle gustaría saber de onde sae o pano de papel.



Pois, miren, traio aquí un pano de liño galego. (*A deputada Montserrat Valcárcel Armesto mostra un pano de liño.*) Así se soaban as nosas avoas durante séculos, e agora queremos seguir facendo as netas. (*Aplausos.*) O liño foi a fibra téxtil máis importante de Galiza. (*Aplausos.*) ¿E que pasou? Que ese coñecemento, esa industria rural desapareceu porque nunca houbo política de apoio á diversificación produtiva. Agardo que non pase o mesmo co castiñeiro.

E tráiolles unha lembranza do meu pai, do Incio, da miña terra. O meu pai contábame como o castiñeiro era a árbore do pan. O Incio é terra de castiñeiros, de soutos centenarios que dan as castañas que todos comemos nos magostos, pero para que siga habendo magostos fan falla castiñeiros; castiñeiros en pé, cos seus panos froiteiros, coas súas raíces profundas, que fixaron xeracións de familias a este territorio. E non vai haber magostos se a Xunta segue enchendo de eucaliptos até os soutos. Non vai haber celebración, non vai haber tradición, non vai haber futuro se escollemos a ganancia rápida do eucalipto sobre a riqueza do castiñeiro.

E vólvolles ao liño. Hoxe, a industria téxtil fábrica tecidos de eucalipto —si, o *biocell*—; pero ese tecido, ¿saben onde se fai? En Alemaña, en Austria; non aquí. E, se se levase adiante o proxecto de Altri en Palas de Rei —que agardo que non—, pois ese tecido aínda seguiría fabricándose fóra, porque só sería outra máquina de extraer celulosa. (*Aplausos.*) Non sería industria téxtil en Galiza, sería máis extracción dos nosos recursos forestais. (*Aplausos.*) Pero para vostedes é máis fácil flexibilizar a moratoria para que Ence, Altri e Navigator teñan materia prima barata, e así non só esquilma os solos e a biodiversidade, senón que ata o valor engadido dos tecidos feitos con eucalipto queda fóra de Galiza. E mentres o liño galego desapareceu, os soutos abandónanse e as frondosas caducifolias autóctonas representan só o 3 por cento do volume da madeira cortada. E non é cuestión de soarse con follas de castiñeiro, é cuestión de que non se está a apostar nin a investir na recuperación do noso patrimonio natural e nas especies que fan de Galiza unha terra única.

Pedimos o apoio desta Cámara a unha moción que busca protexer o noso territorio, garantir a sustentabilidade ambiental...

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Ten que terminar, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: ...e frear —agora acabo— a expansión descontrolada dun monocultivo que só beneficia unhas poucas multinacionais. Estamos a favor dun monte galego vivo, diverso, sustentable e ao servizo do país, non das pasteiras.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señora Valcárcel.

É agora a quenda do grupo autor da emenda, o Partido Socialista.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.



En primeiro lugar, quero lembrar que o Grupo Parlamentario Socialista leva tempo presentando iniciativas neste Parlamento reclamando unha avaliación exhaustiva dos efectos da moratoria do eucalipto, a súa prórroga efectiva e a posta en marcha dos plans de ordenación de recursos forestais, auténticos PXOM do monte galego. Tamén propuxemos un plan de choque urxente contra a banda marrón do piñeiro, impulsar a investigación en novas especies de coníferas adaptadas ás condicións de Galicia e reforzar a protección do noso patrimonio forestal. Pero, señorías, nin caso. A Xunta ignorou estas propostas e segue instalada na improvisación, na falta de transparencia e na ausencia total de planificación.

E hoxe, lamentablemente, temos que volver falar dunha manobra política máis: a flexibilización da moratoria do eucalipto, que o señor Rueda introduce ás agachadas na Lei de acompañamento dos orzamentos; unha trampa lexislativa que desactiva o pouco que se avanzou e unha moratoria falsa e sen efecto real. A chamada moratoria do eucalipto da Lei de acompañamento —reitero— é unha farsa, un instrumento nado do cálculo político e non da planificación forestal. Ata febreiro de 2021, a Xunta defendía un plan forestal que prevía aumentar un 3 por cento a superficie do eucalipto no primeiro quinquenio. E dous días despois anunciaron unha moratoria; unha contradición total sen explicación técnica nin ambiental e con efectos nulos, porque as talas e replantacións masivas arrastraron entón milleiros de hectáreas en frondosas e piñeirais. Aquela moratoria chegou tarde e mal coa Lei 11/2021, contradicindo o Decreto 140 do mesmo ano, que seguiu permitindo plantacións. Son dúas normas dicindo o contrario. Isto non é política forestal, isto é un esperpento lexislativo.

Desde o PSdeG defendemos unha moratoria real e efectiva de cinco anos de duración, que free a expansión do eucalipto mentres se poñen en marcha medidas de restauración e de diversificación produtiva.

Queremos unha moratoria temporal, pero firme, con control público, avaliación técnica e obxectivos claros, non unha moratoria flexible que só serve para xustificar a inacción, porque unha moratoria sen control é tan inútil como non ter ningunha. E tampouco compartimos a proposta do Bloque Nacionalista Galego dunha moratoria indefinida, que xeraría inseguridade xurídica. A nosa aposta é o equilibrio, unha moratoria temporal con control e avaliación periódica. (*Aplausos.*) A falsidade desta moratoria queda en evidencia coa modificación introducida pola famosa Lei de acompañamento, a Lei de medidas fiscais e administrativas.

No caso dos piñeirais afectados pola banda marrón, miren, autorízase que, tras a corta, ata o 50 por cento da superficie poida replantarse con eucalipto. En román paladino, en lugar de aproveitar para recuperar especies autóctonas, a Xunta permite substituílas por eucalipto, e todos sabemos o que pasará. Así que non estamos ante unha moratoria que protexa o monte, senón ante un truco legal para seguir plantando baixo outro nome. E iso é enganar a cidadanía galega, porque o rexeitamento social á expansión do eucalipto é crecente; tamén entre o que vota ao Partido Popular e non quere ver Galicia convertida nun monocultivo sen futuro.

En Galicia a plantación do eucalipto está prohibida, como dicía, dende 2021, pero algo funcionou mal. Lonxe de conterse, o eucalipto crece e, segundo os expertos, achégase xa ás 430.000 hectáreas; 20.000 máis que cando entrou en vigor a moratoria.



O *Inventario forestal continuo* estimaba 409.000 hectáreas en 2022 e 419.000 en 2023 —un incremento en plena moratoria— e o Observatorio forestal xa apunta a máis —como dicía— de 430.000 en 2024. Esperamos que a Xunta de Galicia dea luz e taquígrafos sobre estes datos. É dicir, a especie segue expandíndose mesmo coa moratoria vixente e a decisión do Partido Popular de flexibilizar ata 2030 con novas excepcións non fará senón que acelerar o problema.

O propio enxeñeiro forestal Juan Picos, da Universidade de Vigo, advertía e dicía literalmente: «Se o obxectivo é conter a superficie, flexibilizar non vai nese camiño». E ten razón, se coa moratoria en vigor medraron 20.000 hectáreas, coa falsa moratoria medrarán moitas máis; un ataque frontal á planificación forestal.

E o máis grave é o método. Rueda segue usando a Lei de acompañamento para modificar a lexislación forestal, sen debate parlamentario nin avaliación oficial. A moratoria nacía para parar, para avaliar e para reconducir e o seu obxectivo era recuperar o piñeiro, frear a expansión do eucalipto e avanzar cara a un monte diverso e resiliente. O límite era decembro de 2025, con avaliación previa, mais hoxe non hai avaliación oficial nin control.

A flexibilización que introducen agora significa excepcións e autorizacións extraordinarias, e a trampa é evidente. Pódese eliminar eucalipto nun sitio e plantalo noutro. Sen boa cartografía e sen rexistro fiable é imposible controlar o proceso, como advirten, non só o PSdeG, senón os propios técnicos da Xunta de Galicia, que falan de inseguridade xurídica —si, señor Viso, fale con eles—, de complexidade técnica e de risco real de expansión encuberta. Así, a moratoria deixa de ser moratoria para converterse nun mecanismo de mantemento e mesmo de aumento da superficie.

A proposta socialista é unha emenda de substitución que indica: aprobar unha moratoria de cinco anos ás plantacións de eucalipto sen flexibilizacións, promovendo un programa específico de redución de eucalipto nas zonas interface urbano-forestal, para reducir o risco de incendios e recuperar frondosas autóctonas; tamén impulsar a investigación e transferencia de coñecemento dende o centro de Lourizán, orientada a desenvolver alternativas forestais viables, sostibles e adaptadas ao territorio galego, que garantan unha base forestal diversificada, resiliente e de alto valor ambiental e produtivo; e reforzar a loita contra as pragas forestais, especialmente a do castiñeiro e a banda marrón do piñeiro, que si o establecen mediante un plan dotado de orzamento suficiente e estable, con axudas directas aos propietarios e accións de prevención, control e restauración.

Señorías, o que está en xogo é un modelo para Galicia: canto eucalipto temos, canto podemos plantar e onde. Ou hai planificación forestal seria ou seguimos con improvisación e maquillaxe política. A moratoria aprobouse para reducir as hectáreas de eucalipto, pero, como dicía, os datos demostran o contrario.

Por iso, exiximos ao presidente, a Rueda, que retire a flexibilización introducida na Lei de medidas fiscais e administrativas, que respecte o Pacto de 2021 e que poña en marcha unha política forestal seria baseada na ciencia, na planificación e na participación social, porque a moratoria de Rueda non é unha moratoria, é un plan encuberto de expansión do eucalipto, e, fronte a iso, Galicia necesita rigor, transparencia e compromiso co futuro do seu monte.



Nada máis e grazas, presidente.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi bo día outra vez.

Señorías, hai quen fala do monte galego como se fose un decorado de postal que de verdade é bonito dende lonxe pero alleo á realidade de quen vive del.

A oposición leva anos describindo Galicia con ese descontrol de eucaliptos, pero ao mesmo tempo viven comodamente da súa mensaxe apocalíptica do rural. O verdadeiro problema para vostedes non é o eucalipto, señorías. O que están a facer é un discurso de salón que converte o traballo dos galegos nunha causa ideolóxica máis.

O debate sobre o eucalipto é, en realidade, o espello dun territorio: os que cren que prohibindo se resolve todo e os que preferimos planificar. E por iso hoxe falamos da capacidade de Galicia para decidir o seu futuro forestal, sen ruído, sen demagogia e sen medo. O monte galego non é un slogan, señorías, é un modo e medio de vida. *(Aplausos.)*

Señorías, vostedes fan oposición coa motoserra dialéctica, cortando datos, esnaquizando argumentos e podando a realidade ao seu gusto. Vostedes queren converter o debate forestal nun campo de batalla ideolóxico, pero o monte galego precisa xestión, planificación e investimento. E iso exactamente é o que está a facer a Xunta.

Señorías, hai unha realidade económica e social que non se pode negar: o monte galego dá vida ao rural. O sector forestal xera emprego e fixa poboación, iso é unha realidade. Criminalizar unha especie sen ofrecer alternativas viables non é a defensa do medio, é poñer en risco o salario de milleiros de familias.

A Xunta propón medidas para combinar aproveitamento e sustentabilidade, e esas medidas teñen un marco, señorías, señora Valcárcel, o Plan forestal de Galicia 2021-2040, que vostede ben coñece, que guía a transición cara a un monte máis diverso e máis rendible. Falamos de rigor e de sentido común, de pura prudencia e realismo, non de barra libre, como lle escoitei nalgún caso.

A Xunta decidiu manter a moratoria do eucalipto ata o 2030, despois de escoitar o sector e actuar con responsabilidade, e introduciu dúas medidas de flexibilización moi concretas, pensadas para favorecer a sustentabilidade, aumentar a produtividade e loitar contra o abandono; eses tres obxectivos que ninguén dos grupos da oposición pode discutir —a verdade— con seriedade.

En primeiro lugar, a primeira desas dúas medidas é: permitirse... *(Murmurios.)* —insisto, señorías, é importante escoitar con atención— a plantación só para substituír outras xa



existentes e sempre que a parcela inicial se transforme en coníferas ou frondosas. A nova superficie non poderá superar con carácter xeral o 75 por cento do eucalipto que había na orixinal. E, por primeira vez, señorías, poderase facer esta substitución entre titulares distintos; ou sexa, facilitando a cooperación entre propietarios.

E, en segundo lugar, a segunda medida é que se dará unha alternativa aos propietarios de piñeirais afectados pola banda marrón; unha praga que está a causar graves perdas. Neste caso, poderán substituír ata o 50 por cento das árbores por eucaliptos durante unha quenda de corta —señorías, é importante ler a frase enteira—, obrigándoos a reforestar o outro 50 por cento con coníferas ou frondosas. Unha situación temporal e puntual que non é ideolóxica e que busca dar resposta a un problema real e evitar o abandono do sector.

Con estas dúas medidas, señorías, non se aumenta a superficie do eucalipto, redúcese e, sobre todo, ordénase mellor. (*Aplausos.*) E todo isto, señorías, mantendo as limitacións xa vixentes: prohibición de plantar en Rede Natura 2000 e prohibición de plantar en solos agrícolas, en zonas de frondosas caducifolias e, por suposto, nas franxas de protección.

Señora Valcárcel, vostede, loxicamente, ten que opinar e pode opinar o que considere, o que pasa é que ás veces non debería faltar á verdade. Hai pouco eu lía un artigo seu nun diario no que vostede afirmaba —si, escoite—: «Mentres tanto, o sector do piñeiro afúndese no abandono». Por suposto, isto simplemente é mentira, non é certo.

Na actualidade non só existe un plan de prevención de pragas e de apoio á recuperación do piñeiro, senón que a Xunta destinará 1,4 millóns de euros á investigación e aos tratamentos fitosanitarios para frear as enfermidades que o afectan e desenvolver variedades máis resistentes. Iso é unha realidade.

Isto é planificación técnica e isto, por suposto, é responsabilidade política. E isto non se fai con discursos, faise con orzamentos. Xa sei que esa palabra por esta banda non soa moi ben, pero é certo, temos orzamentos, e para o 2026 a planificación e a ordenación forestal contarán con 85,7 millóns de euros, un 3,4 por cento máis que o ano anterior; e 8 millóns destinaranse especificamente á loita contra pragas e enfermidades, sobre todo no piñeiro, señora Valcárcel; catro millóns e medio máis que no 2025. Iso é unha realidade.

Ademais, a Xunta reforza o apoio á propiedade forestal: 1,14 millóns de euros para impulsar agrupacións de xestión conxunta; unha ferramenta clave para evitar o abandono e mellorar a rendibilidade das explotacións.

En resumo, señorías, hai planificación, hai investimento e hai resultados; mentres outros seguen instalados no slogan e na protesta permanente.

A realidade é que a Xunta controla, sanciona e regula o sector con rigor. Por suposto, non hai interese, hai cumprimento da lei e control público, e iso é unha realidade.

E, señorías, algo que teño que volver recalcar cando se fala dos incendios é que os culpables dos incendios teñen nome e apelidos, os que prenden o lume. Eses son os culpables dos in-



cendios. E o maior risco para o monte, señorías, non é o eucalipto; o maior risco para o monte é o abandono, e iso sabémolo todos os que o coñecemos.

Por iso, a Xunta aposta por un monte diverso e ordenado, e iso demóstrase nas liñas de axudas para frondosas e na eliminación de eucalipto en Rede Natura e en faixas secundarias, algo que comentabamos con anterioridade.

O Plan forestal de Galicia 2021-2040 marca un camiño claro: incrementar, mellorar e diversificar. Incrementar as masas de frondosas e coníferas autóctonas; mellorar a produtividade das plantacións existentes; e diversificar os usos. Falamos de madeira, falamos de castaña, falamos de pasto, falamos de biomasa e falamos, como non tamén, de turismo rural, por suposto.

Hai axudas —insisto—, hai investimento e hai planificación. Non abonda con dicir «prohibamos», hai que explicar tamén canto custa iso, tamén os empregos que se perden e, por suposto, hai que ofrecer alternativas.

Señorías, o monte galego non precisa salvadores de fin de semana nin sermóns de laboratorio, precisa xestión, investimento e respecto por quen vive del. A diferenza é clara: uns falan de prohibir, nós falamos de planificar; uns buscan culpables, nós buscamos solucións. E, por iso, hoxe defendemos algo moi simple e moi serio: que o rural non sexa o prezo das batallas ideolóxicas. O futuro do monte non se escribe a golpe de pancarta nin de titular, aínda que a algúns se lles dea ben; escríbese con responsabilidade, con diálogo e coa certeza de que cada decisión ten consecuencias reais sobre miles de familias. Porque o que está en xogo é a capacidade de Galicia para seguir sendo produtiva, sostible e libre das receitas simplistas que todo o destrúen e nada constrúen.

Mentres algúns se empeñan en facer ruído, nós seguiremos facendo monte, facendo futuro e facendo o territorio. (*Aplausos.*) E mentres outros botan discursos incendiarios, nós apágámoslos con traballo, con orzamentos e con futuro, porque defender Galicia non é gritar máis forte, é garantir que o noso monte siga dando vida, riqueza e orgullo para as próximas xeracións.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Grazas, señor presidente.

Escoitamos con atención as intervencións dos distintos grupos, e quero deixar claras, antes de nada, catro cousas fundamentais.

A primeira: os datos non son opinables. Non estamos a inventar cifras nin a exaxerar. O *Inventario forestal continuo de Galicia* recolle negro sobre branco que a superficie de eucalipto medrou máis



de 10.000 hectáreas entre 2022 e 2023, en plena moratoria. E se a Xunta ten outros datos, que se publiquen xa. Se hai transparencia realmente, que nos mostre o *Inventario* de 2024, que seguen a ocultar. Mentres vostedes non o fagan, a sospeita é evidente, e os datos son aínda peores.

E a propósito de datos, o outro día a conselleira acusoume de non ter credibilidade porque hai un ano dei, supostamente, mal os datos sobre o eucalipto en China. E eu preguntolles: ¿ás galegas e aos galegos que lles importa o que pasa en China? O que lles importa é o que pasa aquí, en Galiza. Impórtalles que o eucalipto medrou 20.000 hectáreas desde 2021; impórtalles que nas Fragas do Eume —parque natural— o eucalipto aumentou o 48 por cento; impórtalles que a Xunta flexibilice agora a moratoria para que Ence, Altri e Navigator teñan materia prima. Estes son os datos que importan; non intenten desviar a atención. (*Aplausos.*) Os problemas témolos na nosa casa, no noso monte.

Segunda. O outro día a conselleira falou —e vostede, señor Viso, creo que tamén— de non falar de frondosas, que son as maioritarias en Galiza. E preguntolles, ¿pero acaso non sabe a conselleira que o eucalipto é unha frondosa? O eucalipto é unha especie arbórea do xénero *Eucalyptus*, familia *Myrtaceae*, e botanicamente clasifícase como frondosa perennifolia. Aí esta diferenza. O que a diferenza das nosas frondosas autóctonas de Galiza —do carballo, do rebolo, do castiñeiro, do bidueiro, mire se non hai especies—, é que estas son caducifolias.

Galicia conta con máis de 620.000 hectáreas de frondosas caducifolias autóctonas fronte ás 419.000 hectáreas de eucalipto. ¿Parécenlles moitas? ¿En serio? Vai ser que non, porque estamos a falar de carballo, de rebolo, de castiñeiro, de bidueiro e de moitas máis especies. E no caso do eucalipto, dunha soa especie foránea; especies —as nosas— que forman os nosos bosques atlánticos, que conservan a biodiversidade, que regulan o ciclo hídrico e que forman parte da nosa paisaxe e da nosa cultura. O eucalipto, por moito que botanicamente sexa unha frondosa, non ten nada que ver coas nosas frondosas autóctonas. E se realmente a Xunta apostase polas frondosas caducifolias, como di, porque só se cortan 0,3 millóns de metros cúbicos de frondosas autóctonas ao ano, fronte aos 6,2 millóns de eucalipto e aos 3,5 millóns de piñeiro, vería que as frondosas caducifolias autóctonas representan só o 3 por cento do volume. Isto non é apostar pola frondosas.

Terceiro. Non é unha cuestión ideolóxica, é unha cuestión de cumprimento da Lei de planificación forestal. O Plan forestal de Galicia marcaba como obxectivo reducir o eucalipto nun 5 por cento de aquí a 2040; é dicir, eliminar 20.000 hectáreas. Pero desde que entrou en vigor a moratoria aumentou 20.000 hectáreas, e ábrese a porta, entón, a esa expansión masiva, como dixemos, de eucalipto *nitens* en zonas...

O PRESIDENTE: Remate por favor.

MONTSERRAT VARCÁRCCEL ARMESTO: ...onde non o había. E como non prosperaba aí o *Eucalyptus globulus*; entón, de alternativa, pois o *nitens*, que aínda é máis agresivo. Isto non é flexibilizar, isto é dar luz verde á avalancha que denunciámos.

E cuarto. Non estamos sós nesta denuncia. As organizacións forestais, ecoloxistas, ou fundacións como Arume ou Juana de Vega, xa pediron ampliar a moratoria precisamente polos



mesmos motivos que expoñemos nós. E, cando fale dos piñeiros, por favor, pídolles que ese convencemento que me quería facer a min llo faga a Finsa, que acaba de deixar o clúster da madeira...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Así que, por favor, ¿que quere que lle diga? Ou dígallo tamén aos titulares da Comunidade de Montes de Castroverde e da zona da montaña de Lugo, que se están unindo e que están dicindo que esa flexibilización...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMENTO: ...que teñen vostedes en canto a cambiar os titulares non lles convence para nada...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Valcárcel.

(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

¿Sobre a emenda?...

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Sobre a emenda, quero dicirlle que non a imos aceptar, aínda que concordamos con moitos dos puntos que di, porque nós si que pedimos unha moratoria indefinida, dado como está a situación do eucalipto en Galiza. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Favorecer o diálogo político de cara a tramitación do proxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA de réxime común e a súa aprobación e solicitar formalmente a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros para Galiza.



2. *Negociar no Parlamento Galego unha reforma fiscal que elimine os beneficios fiscais e as bonificacións que favorecen ás grandes fortunas e garanta unha proposta realmente redistributiva».)*

O PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señorías, o PP en Galicia leva anos representando a mesma obra: moito falar de Galicia, pero sempre mirando cara a Madrid e confrontando por sistema co Goberno de España para facerlle a ola ao xefe de filas, que, evidentemente, segue a ser o señor Feijóo. E xa cansa, porque estamos no Parlamento ga-le-go, e debémolle un respecto á cidadanía do país, porque cando toca estar nas mesas de diálogo, nas conferencias sectoriais, o que temos do Goberno galego é plantón tras plantón: plantón no Consello de Política Fiscal e Financeira, plantón na repartición solidaria dos menores migrantes que chegan ao país fuxindo de conflitos bélicos sen nais e pais, plantón no Cumio do clima, plantón no Comité de Emerxencias... Ata se negan a facilitar ao Ministerio de Sanidade os datos de cancro de mama, señorías. E iso non é mirar para Galicia, é unha falta de lealdade institucional e facer un seguidismo vergoñento do señor Feijóo; ese líder desnortado que segue a caer en caída libre nas enquisas e que, por certo, mantivo durante un ano o presidente da Generalitat valenciana, o señor Mazón, sobre o que pesa a gran traxedia e 229 mortos —sobre as súas espaldas— (*Aplausos.*) e do que onte tivemos que sufrir esa dimisión en diferido; dimisión absolutamente indigna da política que practica o Partido Popular.

Un dato que resume esta hipocrisía e esta falta de respecto a este Parlamento en Galicia —que é a institución que, ao final, nos está a pagar aos deputados galegos— é que a maioría das iniciativas do Partido Popular no Parlamento galego se dirixen ao Goberno de España. Evidentemente, isto é algo insólito, pero isto significa que o grupo maioritario do PP, que ten maioría absoluta —como sempre nos recorda—, emprega este Parlamento galego como se fose unha delegación de Génova; fai un uso partidista en toda regra do Parlamento de Galicia. E nós seguiremos insistindo e traeremos as veces que faga falta a necesidade de que o Goberno galego pida, solicite, a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros que lle ofrece o Goberno de España. E seguiremos insistindo no *dumping* fiscal que practica o Goberno galego, favorecendo os que máis teñen a custa da maioría dos galegos e das galegas. Son dúas cuestións que van unidas, señorías. Por iso, imos tentar ter un debate rigoroso sobre estas cuestións. E, por favor, pídolles que non convertamos este hemicycle nun teatro e nunha sucursal de Génova. Píddollelo, por favor. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Falemos da quitación da débeda. O Grupo Socialista de Galicia propoñemos algo moi sinxelo e sensato. O Goberno progresista de Pedro Sánchez pon enriba da mesa unha proposta de quitación da débeda para as todas as comunidades autónomas de réxime común, que, evidentemente, é boa para Galicia. Supón —que xa non será débeda galega— 4.000 millóns de euros. E si que temos un problema de débeda pública, señorías: máis de 12.000 millóns de euros de débeda triplicada respecto ao 2009. Pagamos polos xuros desa débeda acumulada o gasto equivalente na terceira Consellería da Xunta de Galicia, máis de 1.800 millóns de euros. Aceptar esa quitación de 4.000 millóns suporía aforrar un terzo dese pago, preto de 620 millóns de euros anuais. ¡Bueno, é evidente que é boa para Galicia!



Señorías, a realidade é teimuda, é moi teimuda. Págaselles máis aos bancos que os incrementos do gasto social no Proxecto de orzamentos para Galicia no ano 2026. Aceptar esa condonación permitiría, sen lugar a ningún tipo de dúbidas, reducir a débeda —é evidente,— rebaixar xuros —é evidente,— reducir as amortizacións —aforrar, por tanto; é evidente tamén— e mellorar a capacidade financeira de Galicia. E vostedes din «non», pero non porque non lle convén a Galicia, din «non» porque non lle convén a Feijóo. Mentres Galicia rexeita esta quitación, as comunidades autónomas máis favorecidas van ser: Andalucía, Murcia, Valencia... ¡Que casualidade, todas gobernadas polo PP! Isto non é un traxe a medida para Cataluña, señorías, favorece as comunidades autónomas gobernadas polo PP. ¿Quen, con «sentidiño» —esa palabra que tanto lles gusta— non aceptaría que o banco lle perdoe un terzo do que debe? A este paso —xa o dicía no anterior pleno—, vaise beneficiar a Cataluña, non polo que digan os independentistas, senón por seguir as ordes do señor Feijóo. ¡O mundo ao revés totalmente!

Ademais desta incoherencia, falemos da política fiscal irresponsable do Goberno galego, porque, mentres se negan a aceptar a quitación de 4.000 millóns, manteñen un modelo profundamente inxusto na política fiscal, e imos ir aos datos. O 88 por cento máis rico acumula o 76 por cento do patrimonio total, e vostedes seguen a bonificar o imposto de patrimonio. E mentres se negan a aceptar a quitación da débeda e se negan a aforrar 620 millóns de euros anuais, o Goberno galego deixa de ingresar case 800 millóns de euros en 2026 por estas rebaixas fiscais. Podemos sumar todo: 620 millóns, a quitación da débeda de 4.000 millóns e os beneficios fiscais que representan 800 millóns de euros, que di o Goberno galego que «está no aforro das familias». Son rebaixas que non benefician as rendas máis baixas, senón as rendas máis altas e os grandes patrimonios. Se non, explíqueme, señora Sanz, ¿por que se mantén a bonificación do 50 por cento do imposto de patrimonio, que beneficia aquelas persoas que acumulan un patrimonio neto de preto dun millón de euros? ¿Como se explica? ¡¿Como se explica?! Que, traducido ás cousas do comer, que entende calquera galego ou galega que nos siga, significa que ter un autogoberno fiscal responsable —que é o que defendemos as socialistas— implicaría máis recursos para reforzar o noso Estado de benestar, contratar máis profesorado de apoio para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais —que empezaron este ano absolutamente desprotexidos—, abrir novas residencias públicas e centros de día nas comarcas envellecidas, reforzar a atención primaria no Sergas ou financiar un sistema de dependencia, en absoluta emerxencia social.

Ademais, a Airef tamén sinalou os perigos deste *dumping* fiscal que practica o Goberno galego, máis acusado incluso co presidente Rueda, e deulle un bo tirón de orellas ao advertir que Galicia pode incumprir a senda de estabilidade, a regra de gasto; esa á que, por certo, votou o PP tres veces en contra no Congreso dos Deputados, non polo lado dos gastos, senón polo lado dos ingresos públicos; é dicir, por recadar menos do que debería e por perder impostos dos que máis teñen.

Se de verdade queren falar de orzamentos sociais, poden empezar por facer que os que máis teñen contribúan máis. Empecen, señorías, eliminando a bonificación do imposto de patrimonio e amosen que van aceptar a emenda que nós presentaremos para eliminar esa bonificación no Proxecto de orzamentos.



Así que deixen de facer «numeritos» que ninguén entende, deixen de facer oposición ao Goberno de España, respecten o Parlamento de Galicia e respecten a Galicia. O PSdeG está aquí para facer o que é xusto: aceptar e propoñer que se acepte por parte do Goberno galego —que gobernan— a quitación de 4.000 millóns de euros; defender un sistema fiscal progresivo en termos de xustiza social redistributiva —é dicir, que paguen máis os que máis teñen—; e un respecto institucional que devolva Galicia ao lugar que merece. Todo iso, ademais —como dicía ao principio—, é teatro, señorías, que ninguén entende cando se lle fala das cousas do comer. O público, señorías, xa está un pouquiño canso desta función.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como cuestión xeral, avanzo que concordamos no fondo das propostas do Grupo Socialista, que teñen que ver con dúas cuestións que teñen unha enorme importancia para o futuro deste país: unha, a quitación da débeda, que, sen dúbida, o Goberno galego debe aceptar, porque vai ser beneficiosa para Galiza e vai axudar a resolver un dos problemas económicos máis importantes das nosas finanzas e deste país; e, a segunda, cuestionar a fiscalidade antisocial do Partido Popular na Xunta, que é negativa para Galiza e que é negativa, sobre todo, para as maiorías sociais, porque non garante a distribución da riqueza e debe ser reformada.

Presentamos unha emenda para algunha cuestión de matiz, e agradecemos a oportunidade de poder facer precisamente isto que facemos hoxe, que é poder debater, do máis xeral, os matices sobre propostas que son necesarias para que Galiza avance. E digo isto porque, lamentablemente, é algo escaso neste momento político por irresponsabilidade dun Partido Popular que vemos cada vez máis botado ao monte e cada vez máis asentado na brocha gorda e na falta de diálogo, absolutamente subsumido na estratexia do Partido Popular de Génova, a do «non polo non», sen negociación, como vemos coa quitación, e a do baleirado absoluto do sistema público, que vemos en dúas grandes cuestións.

Unha é que cada vez están máis botados ao monte co cuestionamento absoluto de organismos estatutarios de control e de asesoramento. Vímolos recentemente nesta propia tramitación orzamentaria con ese atraco á man armada que lle imponen á Valedora do Pobo para quitarlle funcións, ou con ese intento de perverter absolutamente —e menos dun ano despois da aprobación nesta Cámara por unanimidade— o Consello Galego de Estatística para poder controlar politicamente tamén iso, a información estatística deste país. Isto despois de ter cuestionado o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega, o TSX...; cada día algo distinto para que todo sexa como a TVG: un baño de masas, un baño de darlle a razón ao Partido Popular.



E outra cuestión na que o Partido Popular de Galiza está seguindo a estratexia de Génova é tamén nesa competición por rebaixar impostos, que ocupa unha axenda central na dereita; neoliberalismo puro, como se os servizos públicos caesen do aire.

Polo tanto, insisto en que valoramos positivamente estas dúas cuestións que se presentan hoxe. Vemos na cuestión da quitación, como insistía agora, o «non polo non» do Partido Popular, e vímolos desde o minuto un. No lugar de negociar por Galiza, estivo asentado nunha absoluta *performance* día e noite, sen facer os seus deberes. Agora recentemente presentaban unhas alegacións; por fin, algo por escrito da posición da Xunta co que se podería negociar, pero a este paso van vostedes tarde, e nós o que pedimos na nosa emenda é que faciliten a tramitación e que faciliten a negociación política para que Galiza poida e deba acollerse a esa quitación.

Afortunadamente, mentres a Xunta do Partido Popular estivo de brazos cruzados, outros si que fixemos o noso traballo e defensa de Galiza, e si que chegamos, por exemplo, a conseguir iso que o Partido Popular dicía que era imposible, iso ao que o Partido Popular votaba afirmativamente nun debate do estado da Nación en 2023, que é que a quitación non se circunscribe única e exclusivamente ás comunidades que acudiron ao FLA e que se permitise tamén a entrada daquelas que, como a Xunta do Partido Popular, foron á banca privada. Xusto o que pedía o Partido Popular, pero que unha vez que lle dan a razón e din que vai ser posible, de repente din que non e é un gran conflito porque se rompe España.

E agora a gran desculpa é tamén que o problema de fondo deste país é o sistema de financiamento. Benvidos por fin a descubrir que o sistema de financiamento que firmou do seu puño e letra o señor Feijóo é un problema para este país. Non será por anos e anos insistindo desde o BNG neste Parlamento e impulsando unha comisión de estudo específica que o Partido Popular bloqueou, por certo, e que non ten conclusións. Anos e anos insistindo en renegociar un sistema de financiamento caducado desde o ano 2014, cando aínda gobernaba o señor M. Rajoy, e que ao Partido Popular non lle preocupaba nin sequera desde o ano 2018, que está outro señor sentado na Moncloa. Tampouco negociou. Agora benvidos á importancia deste debate, pero ninguén cre as súas escusas de que é incompatible debater o sistema de financiamento e aceptar unha quitación da débeda que, sen dúbida, aliviaría un dos problemas económicos máis importantes do noso país, porque hai que dicilo, é un problema económico fundamental, unha hipoteca, ademais, de 12.000 millóns de euros; máis de 14.000 se lle sumamos esas chapuzas de colaboracións público-privadas como o Álvaro Cunqueiro, aínda con sombras que aclarar. Polo tanto, é fundamental que se aborde esta cuestión.

Porque, ademais, a pregunta —volvemos insistir— é: ¿que fixo o Partido Popular con esa gran débeda? ¿Serviu iso para soste os nosos servizos públicos? Pois non. Vémolo, por exemplo, nese recorte acumulado de máis de 1.600 millóns de euros en atención primaria, que explican por que hoxe é unha quimera ter cita no médico ou médica de familia en menos dunha semana; ou que explican, por exemplo, por que o profesorado galego foi á folga hai apenas uns días porque aínda non recuperou sequera os dereitos laborais e as horas lectivas de antes da crise. E isto que estamos comentando está profundamente ligado coa cuestión da fiscalidade.



Polo tanto, nós defendemos que neste Parlamento se negocie —e sería unha boa oportunidade esta tramitación orzamentaria— unha nova política fiscal; unha política fiscal que realmente acabe coa maioría dos beneficios fiscais que determinou o Partido Popular por antisociais e que, desde logo, acabe con esa política, non porque o diga a Airef, nunha interpretación optimista que fai a voceira socialista dese informe, senón porque realmente é absolutamente lesiva para Galiza.

E quero recordar que xa o propio informe do Consello de Contas, respecto ao sistema de financiamento, alertaba do baixo desempeño da política económica do Partido Popular no exercicio do autogoberno en materia impositiva. Polo tanto, aí temos un problema, porque é unha fonte de ingresos fundamental, e o Partido Popular decide non empregala. Efectivamente, se miramos a propia memoria económica deste orzamento, vemos como máis de case 800 millóns de euros van precisamente para beneficios fiscais, e o Partido Popular fai demagogia sempre con ese argumento de que hai unha parte que van para determinadas cuestións claramente sociais, etcétera. Si, evidentemente, deses 800 millóns de euros, hai algúns que están xustificadas, pero hai tamén enormes medidas regresivas —sobre todo desde o ano 2014, e sobre todo desde que a partir de 2020 empezou a dar o saldo a deber con esta política fiscal— que son absolutamente cuestionables, e quixera poñer algún exemplo. Por exemplo, a bonificación do 50 por cento de patrimonio, que continúan a manter neste orzamento e que custa case 37 millóns de euros. Pois, miren, aí terían vostedes unha gran fonte da que obter financiamento, por exemplo, para ese Plan galego de saúde mental que o propio Consello de Contas di que non se executou e no que se investiu por baixo do prometido; ou, por exemplo, para non racanear profesorado de reforzo educativo e para non ter que ver vergonzas como a que vimos hai apenas unhas semanas, que a miña compañeira, a señora Rosana Pérez, trouxo aquí. Era un problema concreto de Noia, que non tiña solución ata que a tivo porque tivo transcendencia pública. (*Aplausos.*) ¿Cantos nenos e nenas hai neste país sen ser ben atendidos como corresponde no sistema educativo porque o Partido Popular consegue tapar eses casos? É unha absoluta vergonza. Ou, por exemplo, o actual marco do IRPF, que multiplica por 25 o aforro aos tramos máis altos en detrimento dos tramos máis baixos, e cunha demagogia absoluta de que os tramos máis baixos tamén teñen unha rebaixa, cando é, obviamente, moitísimo menor.

Polo tanto, sobran os argumentos, sobran as posibilidades e defendemos, efectivamente, si a quitación, si que, por fin, o Partido Popular rectifique e negocie por este país e si tamén que se revise unha política fiscal que non só é inxusta, non só non redistribúe a riqueza, senón que, nun contexto no que faltan recursos económicos, no que hai unha imposición, ademais, centralista do marco de déficit e no que, ademais, temos moitos problemas de recursos tamén que o propio Goberno recolle na súa memoria de orzamentos, non deixa de recibir recursos económicos por dar prebendas ás rendas máis altas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (*Pausa.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.



CRISTINA SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Iglesias, celebro que traia de novo o debate da quitación da débeda a este Parlamento, porque nos permitirá deixar clara unha vez máis a verdade, o grande engano que socialistas e independentistas pretenden facer a custa do peto dos galegos. Levan presentado esta iniciativa mil veces, e mil veces diremos o mesmo: non imos apoiar unha condonación da débeda que prexudica os galegos. *(Aplausos.)*

Pero hoxe introducen outro tema, hoxe introducen os beneficios fiscais que, segundo o argumentario da esquerda, favorecen as grandes fortunas en Galicia; asunto sobre o que vostedes levan mentindo moito tempo e repiten insistentemente, especialmente nestes días de tramitación orzamentaria. Ata tal punto é así que, se vostedes non trouxesén hoxe a debate esta iniciativa, traeríámola nós para falar con rigor, sen demagogia e con datos que desmontarán o falso do seu relato.

Señorías, vostedes poden seguir coas súas teimas e coas súas mentiras, pero a realidade é que a práctica totalidade das rebaixas fiscais benefician todos os cidadáns galegos, e de xeito especial os colectivos vulnerables e as rendas medias e baixas, e non, como sosteñen vostedes, os ricos.

Non lles pido que me crean a min, pero si lles exixo que vostedes, que tanto presumen de coñecementos, acudan ás fontes e falen con rigor. Prégolles que collan un dos documentos que forman parte do Proxecto de orzamentos, que é a Memoria de beneficios fiscais, porque nestas comisións temos oído falar moito de memoria, pero nunca oín que se falase deste documento, dos beneficios fiscais. Paréceme que o esqueceron. *(A deputada Cristina Sanz Arias mostra un documento.)* Prégolles que o lean completo, pero, se non, que vaian á páxina número 67, porque na páxina 67 deste documento se recolle o resumo de todos estes beneficios fiscais; total: 793,22 millóns de euros.

¿E que din alegremente os grupos da oposición? Que a Xunta de Galicia adica 800 millóns de euros —aí xa soben— a beneficiar os ricos; diñeiro co que se contratarían médicos, se construírían hospitais, carreteras, se contratarían profesores, se farían residencias, etcétera. ¡Vaia exercicio de demagogia! ¡Vaia cara máis dura! ¡Como menten aos galegos! *(Aplausos.)* ¡Menos mal que os galegos non son parvos!

Señorías, de todos os beneficios fiscais que establece a Xunta de Galicia tan só un deles beneficia as rendas altas, e é a bonificación no imposto sobre patrimonio, que, se ven a táboa, *(A deputada Cristina Sanz Arias mostra unha táboa.)* daranse conta de que acada aos 36,50 millóns de euros; é dicir, tan só o 4 por cento de todos os beneficios fiscais.

Seguimos. O resto, 326,8 corresponden ao imposto sobre sucesións e doazóns. Parécelles mal que os galegos non paguemos por herdar os aforros de toda a vida dos nosos pais, ou parécelles de ricos que as herdanzas inferiores a 25.000 euros de parentes de terceiro grao nun tributen, e 79,5 millóns de euros do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos



xurídicos documentados. ¿Non lles gusta que se lle bonifiquen os impostos a quen compra unha vivenda usada, habitual, a quen sexa unha familia numerosa, a quen sexa unha vítima de violencia de xénero, a quen sexa unha persoa xove ou este ano a quen sexa unha familia monoparental? Non lles gusta. ¿Parécelles de ricos baixar os impostos a quen merque un coche usado?, ¿ou parécelles insolidario que non tributen os contratos de vitalicio, por primeira vez este ano, para que os nosos maiores poidan ser coidados nos seus fogares, que é onde eles queren?

Sigo. 46,94 millóns de euros corresponden ao IRPF. *(A deputada Cristina Sanz Arias mostra un documento.)* Non lles gusta, por exemplo, que no ano 2022 se deflactasen os tres primeiros tramos, señora Presas, para que ás rendas máis baixas non lles afectase a progresividade en frío da inflación. Case un millón e medio de galegos foron beneficiados polas baixadas no IRPF establecidas pola Xunta de Galicia, e, segundo vostedes, son medidas que só van aos ricos. Moitos ricos hai en Galicia, ¿non lles parece? ¿Tamén pensa que é de ricos apoiar as familias que teñan menos de 30.000 euros de renda para que compren os libros e o material escolar dos seus fillos? ¿Ou parécelles inxusto que non teñan que tributar axudas para os enfermos da ELA ou para as vítimas da talidomida? *(A deputada Cristina Sanz Arias mostra un documento.)* ¿Parécelles mal esta bonificación de 300 millóns de euros nas taxas e prezos públicos? ¿Saben que se fai con eses 300 millóns de euros? Bonifícanse a universidade, as escolas infantís e os comedores escolares. ¿Están en contra de que en Galicia se dean as mesmas oportunidades a todos os rapaces, independentemente do lugar no que nazan? *(Aplausos.)*

En definitiva, señorías, o 96 por cento dos beneficios fiscais beneficia as rendas medias e baixas e os colectivos vulnerables. En calquera caso, rétoa, señora Iglesias —xa que non lle gusta o noso modelo—, a que aproveite a súa réplica e nos diga exactamente, das medidas que anunciei, cales quitaría vostede.

Señorías, podo admitir que temos un modelo fiscal diferente porque, de feito, o temos, pero o que non podo admitir é que mintan sobre os beneficios fiscais do Goberno galego. Como acabamos de ver, de toda esta lista, o tan cuestionado imposto sobre o patrimonio tan só representa 36,5 millóns de euros, o 4 por cento do total. Desde o Partido Popular defendemos que se manteña esta bonificación, porque vostedes saben perfectamente que un dos seus obxectivos é evitar a deslocalización deses patrimonios que están en Galicia e que elixan trasladarse a territorios cunha fiscalidade máis leve ou incluso sen fiscalidade. Se estas persoas de rendas altas marchan —señora Presas, vostede sábeo ben—, perdemos non só o 100 por cento do que pagan do imposto de patrimonio, senón que perdemos a parte que nos corresponde do 100 por cento do IRPF que vén a Galicia e dos impostos ao consumo —IVE e impostos especiais— e estas persoas deixan de construír en Galicia —non pagan IBI, non pagan licenzas— ou deixan de contratar aquí. Trátase dun risco que temos que evitar, na medida do posible, e moito máis nunha comunidade que está tan cerca de Portugal, que é un lugar no que poderían instalarse con facilidade estas familias. Ademais, penso que é un tema que non lle teño que explicar precisamente a unha socialista; vostedes predican co exemplo: o irmán do presidente de España fixou a súa residencia fiscal en Portugal sen ningún tipo de rubor ou dificultade. ¿É o que vostedes propoñen?, ¿que eliminemos esta bonificación e que os galegos máis ricos vaian a Portugal? Pois nós non, señorías, porque se estes patrimonios quedan en Galicia, ganamos moito máis do que perdemos; así que fagan os seus cálculos.



De todos modos, entendo que non lles guste o modelo fiscal galego porque é radicalmente distinto ao modelo fiscal de Sánchez, que tan só ten unha característica: inferno fiscal para as clases medias, pemes e autónomos. Desde que Sánchez chegou á Moncloa subiu preto de cen veces os impostos ás cotizacións sociais, e a súa voracidade recadadora é insaciable —como vimos, por exemplo, na nova ameaza aos autónomos da semana pasada—. Como digo, Sánchez é insaciable; *(A deputada Cristina Sanz Arias mostra un documento.)* xa o Fondo Monetario Internacional nos avisa de que o ano que vén os españois acabaremos pagando 6.500 millóns de euros máis aínda de impostos. Ese é o seu modelo: que os cidadáns paguemos impostos ata a asfixia.

Ben, quedame moi pouco tempo, pero, respecto á quitación da débeda, diríalle unha primeira cuestión. Di vostede, señora Iglesias, que Sánchez está condonando parte da débeda a todas as comunidades autónomas. Entón, como teño moi pouco tempo, só lle pediría que na súa réplica me diga a onde vai esa débeda. ¿Desaparece?, ¿volatilízase?, ¿tápase cun típex?, ¿xa non está?, ¿ou os bancos a perdoan? Dígame, ¿pasa iso ou o que pasa é que se reparte e se mutualiza entre todos?

Segundo, que xa se lle explicou claramente —vén no Anteproxecto da lei, vén na Lei de estabilidade orzamentaria e díxoo a Airef—: a condonación da débeda non xera maior capacidade de gasto.

E, por último, tamén vostede di que se aplica o principio de solidariedade, polo cal as comunidades máis prósperas teñen que axudar as menos favorecidas —conságrao a Constitución—. Ben, pois eu penso que a débeda, tal como está proposta, o que garante é o principio de insolidariedade, porque ás comunidades con menos capacidade financeira pero que sempre actuaron de xeito responsable cos seus recursos e co seu endebedamento —como é o caso de Galicia— vannos facer pagar o que comunidades máis ricas gastaron de xeito irresponsable.

Señorías, repetireino as veces que faga falta, pero é que xa non sei que exemplo poñer —porque o das hipotecas saíu hoxe, pero eu xa falei del o outro día—. Se mo permiten, direilles que, con esta proposta, cada «Uxía» pasará a deber 226 euros para que a cada «Jordi» se lle perdoen 404 euros; Uxía debe máis e Jordi debe menos. *(Aplausos.)* Eu penso que iso si se entende, ¿verdade, señorías?

Ben —remato xa, presidente—, a diferenza é que vostedes, os socialistas, están aquí para branquear as medidas que ten que adoptar Sánchez polas chantaxes independentistas, aínda que nos prexudiquen. E vostedes, os nacionalistas, están aquí para dicir que non a todo, excepto neste caso, nun tema que nos prexudica, que din que non a todo pero non lle din «non» a Sánchez. ¡Menos mal que en Galicia goberna o Partido Popular, que está aquí para defender por enriba de todo os intereses das galegas e dos galegos!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.



Señora Sanz, mire que lle dixen que non quería que se fixese teatro e que mantivésemos un discurso rigoroso e solvente sobre a quitación da débeda. A cara dura está nesa bancada do PP. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Voulle dicir as preguntas, que son moi sinxelas de responder, para que o entendan todos os galegos e as galegas que nos están vendo. ¿Aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros ofrecida polo Goberno de España beneficia a Galicia? Si, sen matices de ningún tipo. *(Aplausos.)* Non é incompatible con negociar un sistema de financiamento autonómico. ¿A quen beneficia a política de *dumping* fiscal e de rebaixas fiscais de preto de 800 millóns de euros? Á maioría dos que teñen patrimonios e rendas máis altas. *(Murmurios.)*

Vou dicir aquí as palabras literais do señor Corgos o pasado luns: «Os beneficios fiscais de 793 millóns de euros que temos proxectados na Lei de orzamentos de 2026 beneficiarán 115.000 galegos e galegas». Por unha regra de tres, señora Sanz, evidentemente, só beneficia o 4,2 por cento e deixa fóra 2,6 millóns de galegos e galegas. ¿E á custa de que, señora Sanz? Da maioría restante —como digo—, que seguen a sufrir ano tras ano a deterioración dos servizos públicos.

Esa nena da que falaba, Uxía, ten que sufrir os recortes educativos no seu centro e non ser atendida por un profesional docente con necesidades educativas especiais. *(Protestas.) (Aplausos.)* Uxía, que vive no rural, non ten pediatra no seu centro de saúde, señora Sanz. E esa Uxía ten un avó que leva máis dun ano esperando por unha resolución de dependencia da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Esa é a política que practica o Goberno galego do PP: privatizar e aumentar os concertos á privada á custa dos servizos públicos, *(Murmurios.)* mentres benefician os que máis teñen. Esa é a realidade; o demais, contos, falta de rigor e teatro que practican desde esa bancada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostedes poden repetir o guión que lles manden desde Madrid. As comunidades autónomas máis beneficiadas pola proposta da quitación son comunidades autónomas gobernadas polo PP: Valencia, Andalucía, Murcia... Son comunidades autónomas gobernadas polo PP. ¿Que vai facer o señor Feijóo? ¿E que vai facer o señor Rueda cando se lle poña enriba da mesa?, ¿vai solicitar esa quitación de 4.000 millóns de euros? ¿Que vai facer? Xa lle dicía: ja este paso, por seguir as ordes de Feijóo, Cataluña vai ser a comunidade autónoma máis beneficiada, e non polos independentistas, senón pola orde de Feijóo! ¡De verdade, é que é o mundo ao revés! ¿Pero en que cabeza cabe? Empecen por retirar a bonificación do 50 por cento do imposto de patrimonio, eses 37 millóns. Empecen por aceptar a emenda que presentaremos aos orzamentos; empecen por iso e amosen que realmente non miran polos patrimonios e as rendas máis altas en Galicia. Social, si, pero para arriba, señora Sanz, ¡para arriba! Iso é o que practica o Goberno galego.

Vostedes non gobernan para Galicia, gobernan contra España. Gobernan para darlle oxíxeno a ese líder desnortado, que segue caendo nas enquisas polo abrazo da extrema dereita. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. Cando rexeitan 4.000 millóns de euros de condonación de débeda sen motivo, ninguén o entende. No bar non entenden por que non aceptan os 4.000 millóns de euros de condonación da débeda. *(Murmurios.) (O presidente pide silencio.)* Non o entende a xente; os galegos e as galegas non o entenden.



Entón, remato cunhas ideas moi sinxelas. Nós cremos noutra Galicia e cremos que é bo pedir e aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros sen matices. É bo. Punto. Creamos nun sistema fiscal xusto, social e redistributivo para fortalecer os servizos públicos, en absoluta deterioración no noso país. Creamos nun autogoberno fiscal, señora Sanz...,

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

PATRICIA IGLESIAS REY: ...que non marche das mesas de negociación e que non dea plantón.

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

PATRICIA IGLESIAS REY: Respecto á emenda, entendemos que a nosa moción xa contén os puntos da emenda do BNG. Por tanto, non a imos aceptar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Moi ben. Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Votamos en primeiro lugar a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do señor Golpe.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Montserrat Valcárcel.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de Patricia Iglesias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 3º da orde do día, as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congreso dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Débese engadir un novo terceiro parágrafo na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar as mesmas bonificacións que nas autoestradas de titularidade estatal AP-9 e AP-53 nas autoestradas de titularidade autonómica AG-53 e AG-57, como paso para implantar a gratuidade total nas devanditas autoestradas.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Roberto Rodríguez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución, ratificar o seu apoio ao contido íntegro da proposición de lei orgánica de transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da titularidade e competencias da autopista do Atlántico, aprobada por unanimidade nesta Cámara e reivindicación plenamente vixente e con tal fin solicita á Xunta de Galicia que se dirixa aos grupos políticos nas Cortes Xerais a retirada das emendas rexistradas por desvirtuar o texto orixinal que reflexa o sentir maioritario do pobo galego.

Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar cantas medidas sexan necesarias para facer respectar este acordo e garantir unha AP-9 plenamente galega, cunha xestión pegada ao territorio e libre de cargas, así como tamén a demandar do Goberno de España que elabore e faga público un estudo que avalíe, como mínimo, os seguintes aspectos: o custe do rescate da AP-9, de implantación da súa gratuidade e de aplicar as bonificacións vixentes ata final da concesión e facilite, en cumprimento co principio de transparencia, os cálculos nos que se basea.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Roberto Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Abro comiñas: «La situación actual es de una autopista sujeta a un contrato concesional en vigor con una duración de 75 años y con unas tarifas establecidas que deben cumplirse, no siendo viable proceder al rescate de la concesión por el altísimo volumen de gastos que ello supondría, inasumible por la Administración y con efectos claros lesivos para el Estado». Pecho comiñas. Rocío Báguena Rodríguez, secretaria xeral de Transporte Terrestre do Goberno de España, o pasado 28 de outubro, na Comisión de Transportes do Congreso dos Deputados.

Dicía o que foi o primeiro ministro británico, Harold Macmillan, que deberíamos usar o pasado como trampolín e non como sofá. Poucas reflexións máis acaídas para recomendárllela



ao Goberno de Pedro Sánchez e aos seus socios, xusto cando o que toca é falar non do pasado, senón do presente e do futuro da AP-9.

Hoxe, unha vez máis, denunciámos dende esta tribuna o boicot do Goberno de Pedro Sánchez e dos seus socios a Galicia; o boicot á tramitación da transferencia da titularidade e as competencias da autoestrada que nos vertebra social e economicamente, a AP-9; transferencia acordada por unanimidade neste Parlamento e tomada en consideración hai xa 500 días. É un boicot que ata hai dúas semanas consistía no bloqueo á tramitación desta lei que, pese a ser acordada polo procedemento de urxencia, o Goberno exerceu a través do seu control na Mesa do Congreso en forma de 45 prórrogas ao trámite de emendas; 45 labazadas a Galicia, unha detrás da outra.

Finalmente, o pasado 22 de outubro púxose fin a esta fase de boicot para pasar a outra aínda peor. Se ata entón a Galicia se lle estaba a furtar o debate, agora o que se lle pretende furtar é a súa vontade; a vontade lexítima e unanimemente expresada a través da primeira institución que representa o pobo galego, o seu Parlamento.

Señorías, Sánchez non está a castigar o Parlamento, non está a castigar a Xunta, nin sequera está a castigar o Partido Popular. Sánchez está a castigar Galicia, e as emendas presentadas polo Partido Socialista (*Aplausos.*) opoñéndose á transferencia da titularidade da AP-9 non son só un castigo; son tamén un insulto e unha traizón a Galicia.

Di o Goberno de Sánchez por boca da secretaria xeral, a señora Báguena, que *«la AP-9 forma parte de la Red de carreteras del Estado al estar integrada en un itinerario de interés general y servir al tráfico internacional y a puertos y aeropuertos de interés general.»* E logo, ¿isto non o sabían cando llelo prometeron aos galegos? Pero é que ademais isto tamén ocorre coa AP-1 ou a AP-7, que foron liberadas de pago por Sánchez. ¿Cal é entón a diferenza, señorías? Dígolla eu: que a AP-1 atravesa o País Vasco, a AP-7 atravesa Cataluña e a AP-9 atravesa Galicia. Esa é a diferenza, que para Galicia e os galegos non hai nin a vontade política nin os recursos económicos que si hai noutros territorios, señorías. ¿De verdade alguén pode crer que isto pasaría coa AP-9 se discorrese polo País Vasco ou por Cataluña? ¡Que vergonza e que traizón a Galicia o que están a facer vostedes en Madrid coa AP-9, señorías! (*Aplausos.*)

Porque, mentres todo isto ocorre, ¿onde están vostedes? ¿Onde está esa oposición tan brava coas políticas da Xunta? Señorías do PSdeG, vostedes case era mellor non saber onde estaban, porque o que deberían é de estar escondidos. Vostedes hoxe non teñen un papelón; vostedes hoxe teñen unha misión imposible. Quedaron espidos ante os galegos e só lles queda elixir entre quedar coas mentiras pasadas de Sánchez ou abrazar as mentiras futuras de Sánchez. Pero, en calquera caso, Galicia xa ten acreditado que vostedes son uns mentireiros. Mentiron cando prometeron a gratuidade, mentiron cando asinaron a transferencia no pacto co BNG para investir a Sánchez, menten cando falan do camiño da gratuidade e menten cando din que o rescate é imposible. Mentiron sempre e en todo momento, e así o certificou o propio ministro Puente a pasada semana cando dixo que non vai haber transferencia; que non vai haber rescate, salvo que o diga un xuíz, e que non vai haber gratuidade, senón que haberá peaxes menos gravosas. No resto do Estado, rescate e gratuidade de oito autoestradas; en Galicia, peaxes menos gravosas. ¡Que insulto, que traizón! (*Aplausos.*) En definitiva, que vergonza, señorías.



E o BNG, ¿o BNG onde está? Pois incendiando a rúa, seguindo ao pé da letra o catecismo da UPG. Maniféstanse absolutamente contra toda política da Xunta; maniféstanse por todo, menos polas aldraxes de Sánchez a Galicia. Maniféstanse por Altri, pola TVG, pola sanidade, pola educación, pola lingua. Tamén pola igualdade. Ese día confundíronse de sede e foron ás nosas en vez de ir á sede dos que reciben o seu apoio incondicional en Madrid: os da lei do só si é si, os dos Bernis, os Ábalos, os Koldos ou as pulseiras de AliExpress. Maniféstanse absolutamente por todo menos pola AP-9. ¿Que foi, señorías? ¿Quedaron sen ideas de tanto slogan? ¿O das pancartas está de baixa por estrés? (*Aplausos.*) Miren, por falla de recursos, señorías, non deixen de facelo, porque a tomadura de pelo a Galicia e aos galegos na que teñen convertido, coa súa complicidade, a AP-9, ben merece unha manifestación.

E —insisto— por nós que non quede. Na nosa vocación de servizo público, estamos incluso dispostos a botarlles unha man. Aquí teñen: (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa unha fotografía.*) «transferencia si, pero non así», coa señora Pontón e co mesmo señor Besteiro xuntiños detrás da pancarta. (*Aplausos.*) ¡Non perdan a ocasión! O que pasa é que, ben, estou pensando que fun demasiado optimista. Dáme que xusto a esta manifestación o señor Besteiro mesmo pode que non vaia posar coas estreladas.

Señorías, en resumo, ¿que é o que demandamos? Reclamamos que se transfira a Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e os servizos ata o de agora exercidos pola Administración xeral do Estado, nos termos acordados unánimemente neste Parlamento. E, para iso, é imprescindible que o Goberno retire as emendas presentadas á Lei de transferencia. É imprescindible que vostedes se planten en Madrid e que, ademais de bravos aquí, o sexan tamén alá. Levantar hoxe aquí a man —se é que o volven facer—, non ten xa ningún valor; os galegos non son parvos, deixen de tomalos por tal.

En segundo lugar, instamos o Goberno a que xustifique por que o rescate non é unha opción. Nós afirmamos, porque así o cremos, que si é unha opción. E facémolo con base no informe elaborado pola Xunta e remitido xa hai meses ao Goberno, no que se estimaba o custo dese rescate en 2.356 millóns de euros; cantidade equivalente ao gasto destinado ás bonificacións ata a fin da concesión, e que se vai incrementando.

O Goberno non pode desbotar sen máis a oportunidade que, tras o ditame da Unión Europea, se abre para rescatar a AP-9, sen sequera avaliar ese rescate, e decidir, polo contrario, prorrogar a situación actual, que tan só beneficia a concesionaria, que, ano tras ano, aumenta os seus ingresos, mentres os galegos pagamos máis que nunca polas peaxes máis caras de España e de Europa. Niso se traduce a prórroga de Sánchez: máis cartos no peto da concesionaria e menos no peto dos galegos, señorías.

En definitiva, ¿que pedimos? Pedimos que se cumpra coa palabra dada aos galegos, nin máis nin menos que o que a vostedes dous lles prometeron. Unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Sígolle agradecendo, señor Rodríguez, que nos volva dar a oportunidade de debater sobre a AP-9, porque permite insistir sobre de onde vimos, onde estamos e tamén que é o que fai o Goberno galego alí onde ten responsabilidades; é dicir, nas autoestradas de titularidade autonómica.

Despois do agradecemento, hai que ter valor para presentar sobre un tema tan debatido unha proposta do mes de marzo, de hai oito meses. Home, con corenta deputados podíanse esmerar vostedes un pouquiño máis e actualizar as propostas, (*Aplausos.*) porque traer un texto que necesariamente debe de ser autoemendado, señor Rodríguez, por cumprirse xa o segundo punto que pretenden aprobar, resulta bastante ridículo. Claro, tiveron que presentar a autoemenda, que en pouco se parece á inicial presentada. Será unha práctica parlamentaria legal, pero parece un xogo das boliñas escondidas. Esta autoemenda é un completo circo, cheo de contradicións, e resulta imposible entender o que se propón. Moi propio de vostedes, campións do enfrontamento.

Gustaríame saber que lle parecería ao presidente deste Parlamento se nos chegase do Congreso un acordo para dicirlles aos grupos deste Parlamento o que deben facer e votar. E pregunta o señor Rodríguez que onde estamos. Pois mire, é moi sinxelo. Os socialistas reafirmámonos no apoio ao texto que este Parlamento votou por unanimidade. ¡Tan sinxelo! (*Aplausos.*) E xa lle anticipo que non estamos escondidos, non vaia ser que lles deamos unha sorpresa.

Mire, despois do agradecemento imos á parte que a vostede non lle gusta nada: a historia de onde vimos. Si, señor Rodríguez, vimos dunha infame decisión do presidente do Goberno de España —falo do pasado, claro que si—, do señor Aznar, que nos castigou cunha prórroga de 25 anos da que só levamos 2, cunha privatización para favorecer a concesionaria; 23 anos nos quedan de condena. Agora parece que non coñecen o señor Aznar e que non son conscientes da repercusión.

Pero, señor Rodríguez, coa cantidade de veces que trae iniciativas sobre a AP-9, ¿cando pensan vostedes pedir perdón ás galegas e aos galegos polo atraco que supuxo a decisión do seu admirado señor Aznar? (*Aplausos.*) ¿Cando recoñecerán aquí, en sede parlamentaria, que vostedes, o PP de Galicia, non se opuxeron a esa prórroga? ¡E agora hai que solucionalo de inmediato sen ter en conta a repercusión económica das decisións do PP! ¿Cando vai pedir perdón o PP aos que pagan todos os días na AP-9?

¡E xa está ben do argumento de bloqueo, de que o Goberno bloquea a transferencia da AP-9! É vergoñoso vindo do PP que, cun galego na Presidencia do Goberno, Rajoy, e cunha galega como presidenta do Congreso, bloqueaban sistematicamente a toma en consideración de normas que saían adiante por unanimidade neste Parlamento.



Miren, foi un Goberno de Pedro Sánchez en 2018 quen desbloqueou a decisión e someteu a debate a toma en consideración do texto remitido polo Parlamento de Galicia. Gústalle moito a vostede falar de mentiras, e o único que mente aquí é vostede. O último texto remitido en 2023 polo Parlamento xa foi debatido no Congreso, sendo o propio voceiro do noso grupo, o señor Besteiro, un dos encargados de defender o texto, e contando este cunha amplísima maioría a favor da súa toma en consideración. Non minta; a tramitación continúa, foi aprobado o que vostede pretendía xa.

E a segunda cuestión que non lle gusta a vostede é a situación na que estamos. Os gobernos do PP de Aznar e Rajoy nunca expuxeron o camiño á gratuidade e, por suposto, nunca decidiron ningunha bonificación. A gratuidade é o que queren os obrigados a pagar por Aznar, non se confunda. E ese camiño da gratuidade pola vía das progresivas bonificacións ten nome e apelido: presidente do Goberno, Pedro Sánchez; ese con quen vostedes soñan e do que se acordan sempre. As bonificacións foron progresivas, aforrando moito aos galegos e ás galegas. Deberíase vostede deter nesa conta e poñela en valor. Como vostedes non van lembrarilles aos galegos e ás galegas a redución hoxe aplicada, fágoo eu: o esforzo económico das arcas do Estado beneficia Galicia en máis de 80 millóns ao ano. Iso si que é preocuparse por Galicia.

Por certo, o presidente de Andalucía do PP, o señor Bonilla, manifestou publicamente que estaba en contra desas bonificacións. Este é o PP de Feijóo, de Mazón e de Ayuso, en contra de Galicia; e vostedes calados ante as súas declaracións. *(Aplausos.)*

Miren, con todo, en relación coas dúbidas que sempre tivemos os socialistas galegos sobre a transferencia total da titularidade da AP-9 a Galicia, sen ser a AP-9 unha autoestrada que segue por Portugal, xorden novas dúbidas ocasionadas polo novo escenario nacional e europeo existente. Por unha banda, polo expediente da Comisión respecto desa situación da autoestrada e, por outra, polas dúbidas xurídicas existentes sobre se as bonificacións estatais que están vinculadas aos orzamentos poderían manterse se se producise o traspaso da titularidade. Porque se a titularidade fose deste Goberno do PP, ¿mantería as bonificacións actuais ou farían o mesmo que coas autonómicas?; esas bonificacións —sobre as autoestradas autonómicas, que xestionan— das que vostedes sempre votan aquí en contra. Ténome que hoxe tamén as rexeitaran.

Neste sentido, para os socialistas é moito máis importante avanzar cara á gratuidade e cara a capacidade de toma de decisións que o feito de que no nome da AP-9 apareza Galicia sen que logremos ningún dos demais obxectivos. Cabe destacar —quero recordarlle ademais— que das primeiras bonificacións aprobadas polo Goberno do Estado no 2021, vía orzamentos xerais do Estado, votaron en contra tanto o PP como o BNG.

E a terceira cuestión que a vostede lle incomoda é a xestión que vostedes fan das autoestradas da súa titularidade —¡titularidade, señor Rodríguez, titularidade de autoestradas autonómicas!—, sobre as que poden tomar decisións hoxe, mañá e cando queiran, tan fáciles como as que se exigen aos demais.

Por iso, insistimos na nosa emenda de dar o mesmo tratamento das bonificacións nas autoestradas autonómicas que as vixentes nas autoestradas do Estado. Presentarémola unha e cen veces, e esperamos que algún día se digne vostede nestes debates a que se aprobe.



Polo tanto, isto é o importante: o camiño cara á gratuidade iniciado polo Goberno do Estado; cuestión que vostedes alí onde xestionan autoestradas autonómicas non cumpren, facendo pagar aos galegos día tras día. *(Aplausos.)*

Señor Rodríguez, ata a próxima. Seguro que pronto estaremos encantados de volver falar da AP-9 e de que os galegos saiban por que pagan.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señor Rodríguez, nótolle unha certa pulsión masoquista a vostede con este tema. Xa non sei se é masoquista ou sadomasoquista, pero algo de «ista» ten. Porque fala vostede das prórrogas da Mesa do Congreso e a verdade é que teñen toda a razón nesta cuestión, mais hai un matiz que non é menor: non son vostedes os máis acaídos para falar de prórrogas, cando vostedes aprobaron a maior prórroga na AP-9, que foi a de concederlle 25 anos máis de concesión a Audasa, *(Aplausos.)* a súa grande amiga, a empresa amiga, para que fixese caixa, recadando 4.500 millóns de euros. E esta é a única causa e a raíz dos problemas e dos debates que estamos tendo hoxe aínda despois de 25 anos; mire vostede, unha decisión, unha prórroga do Partido Popular.

E hai outro matiz tamén, que é de memoria. A vostedes agora non lles gusta falar do pasado, pero imos falar do pasado, claro, e imos falar de memoria. É un matiz que non é pequeno: estamos no ano 2025 e a transferencia e a gratuidade da AP-9 seguen pendentes por decisións do Partido Popular e do Partido Socialista, que se comportan cando gobernan exactamente igual. E voulle ler unhas citas. Mire, en 2024: «El ministro Óscar Puente ha explicado que la transferencia de la AP-9 a la Comunidad gallega tiene un encaje jurídico complicado, por lo que es tremendamente difícil que llegue a materializarse». Vostede leu unha cita parecida a esa. Decembro de 2016: «No hay traspaso. La Autopista del Atlántico forma parte de la Red de carreteras del Estado, y así se queda. El Estado seguirá manteniendo su titularidad. El ministro Íñigo de la Serna reconoce que existen problemas jurídicos y, en estos momentos, da por zanjado el tema de la transferencia». E fago unha nova cita esta vez citándoo a vostede: que vergoña e que traizón a Galiza o que fixeron vostedes coa AP-9, señor Rodríguez. *(Aplausos.)* ¡Que vergoña é que traizón a Galiza!

Voulle dar un titular tamén para facerlle memoria: «Xunta e Fomento substitúen a transferencia da AP-9 por unha comisión para supervisar a autoestrada». Decembro de 2016, o señor Feijóo e o señor De la Serna, de ganchete, prometendo unha comisión para a AP-9. Ese foi o seu gran logro, a súa grande aportación en todos estes anos. Porque, efectivamente, cando gobernaron vostedes, foron os grandes inimigos da transferencia da AP-9.



E critican agora que houbese 45 prórrogas, dixo vostede. Efectivamente, nós tamén denunciámos eses atrancos, eses paus nas rodas que puxo o Grupo Socialista na Mesa do Congreso; e non só iso, senón que as emendas son para devaluar por completo a iniciativa aprobada neste Parlamento —xa lle dixen un día de quen foi a idea é o texto inicial—.

Pero claro, ¿que fixeron vostedes cando gobernaban?, ¿cantas prórrogas fixeron vostedes no Congreso dos Deputados? ¿Sabe cantas fixeron? Ningunha, cero. E, ¿sabe por que? Porque vostedes nin sequera admitiron a trámite a proposición de lei aprobada por unanimidade neste Parlamento. (*Aplausos.*) ¡Vostedes traizoaron este Parlamento e vetaron a admisión a trámite por tres veces, tres veces! ¡Non unha; tres veces! E, ademais, con argumentos que o Tribunal Constitucional declarou que eran ilegais e que non se podían utilizar para vetar a tramitación dunha lei. Esa, esa é a súa executoria, señor Rodríguez.

E non quedamos aquí. É que a semana pasada houbo unha sentenza do Tribunal Supremo que lle daba a razón ao recurso presentado pola Fiscalía e polos consumidores en colectivo que denunciaron a asociación. Esta sentenza condenou Audasa polo cobro abusivo de peaxes durante tres anos, de marzo de 2015 a xullo de 2018, polos atascos da ponte de Rande nas obras de ampliación. ¿Saben quen gobernaba daquela no Goberno da Xunta e en Madrid?, ¿sabe quen se negou sistematicamente a aplicar medidas e sancións contra Audasa por este motivo? Nin auditoría, nin sanción, nin nada. Foron vostedes, señor Rodríguez. E non só iso, senón que vostedes, aínda por riba, lle deron un premio a Audasa con esta auténtica foto da vergoña, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha fotografía.*) que foi o 30 de decembro de 2017, o último día hábil do ano, en que inauguraron —isto pasará á historia— un incremento de peaxes; non a apertura provisional da ponte de Rande. Inauguraron o señor Rajoy e o señor Feijóo un incremento das peaxes para favorecer Audasa, despois de tres anos machucando a xente cobrándolle as peaxes e sen abrir ningún expediente sancionador. Esa é a súa historia, señor Rodríguez.

E, por último, con respecto á iniciativa. Claro, vostedes, a verdade, presentaron agora unha autoemenda que, en fin, ímola debullar un pouco porque ten o seu aquel. Miren, ten unha primeira parte sobre a defensa do texto aprobado neste Parlamento, coa que, loxicamente, temos que estar a favor, aínda que temos dúbidas sobre a legalidade do texto na parte final, cando se solicita á Xunta que se dirixa aos grupos políticos, porque isto a min paréceme que é —digamos— saltarse a división de poderes. Nós podemos, o Parlamento pode dirixirse á Mesa do Congreso ou a outra institución, pero xa pedirlle o Goberno a un grupo político que non poida actuar de acordo coas súas ideas, os seus criterios, xa me parece un pouco excesivo. En todo caso, xa digo que estamos de acordo na parte fundamental, que é a defensa do texto aprobado polo Parlamento.

Na segunda parte, a defensa dunha AP-9 libre de cargas, incluíndo as peaxes, por suposto, estamos totalmente de acordo porque este acordo xa o tomamos aquí en numerosas ocasións, moitas veces por instancia do BNG. Pero hai tamén aquí un elemento que nos fai dudar de cales son realmente as súas intencións, porque vostedes seguen a insistir no tema do rescate da concesión, e xa lles dixemos que isto é un erro, que cometeron tamén no estudo que lle encargaron a Eptisa, que é unha empresa que traballa para Audasa. E non vaia ser que vostedes o que queiran sexa engordar a conta da indemnización, porque aquí o que hai



que facer, como di a Comisión Europea, é anular a concesión que foi concedida ilegalmente, e iso elimina o lucro cesante e, polo tanto, a cantidade coa que hai que indemnizar á empresa. Polo tanto, miren, ben, esta cuestión, non vaia ser que metamos a pata.

En todo caso, eu recoméndolle ao Goberno central, se toma nota deste acordo e fai este estudo, que non vaia por esta vía, porque é unha vía totalmente equivocada, e o BNG, co estudo rigoroso que lle encargou á Universidade da Coruña, demostrou que o custo da indemnización sería moito menor, que andaría polos 1.000 millóns de euros e non polos 2.500 que lles queren pagar vostedes. En todo caso, sería o equivalente, ou incluso menos, desas compensacións que habería que aboar á concesionaria ata o ano 2048.

Polo tanto, o BNG cre que hai que adiantar ese diñeiro, que hai que anular a concesión e recuperar a propiedade, a titularidade e a gratuidade da autoestrada, para ter, dunha vez por todas, unha AP-9 galega e libre de peaxes. Porque xa nos estafaron demasiado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor Font, por curiosidade, ¿vostede segue a militar no Partido Socialista?, ¿non cambiou neste rato? Dígoo porque está vostede a falar como se as emendas que queren dinamitar a Lei de transferencia as presentase o Partido Popular, jé que xa é espectacular! (*Aplausos.*) Eu tamén lle recoñezo a vostede que hai que evolucionar nestes debates tan reiterados. E, señor Bará, masoquismo, sadomasoquismo... Ben, polo menos, xa sabemos quen é o dos soños húmidos no BNG, iso xa nos quedou claro. Pero teño que dicirllo, señor Bará, teño que dicirllo: o noso é imposible. (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez sorri.*) Vou ser elegante: non é vostede; son eu, pero é imposible. Así que non se preocupe por esas cuestións.

Miren, señorías do Partido Socialista, ímosllo poñer máis fácil ca nunca. Só lles imos pedir que sexan vostedes mesmos e que fagan o que mellor saben facer; sexan vostedes mesmos, ¡e cambien de opinión! Miren, vostedes dixéronnos que non pactarían con Bildu, e pactaron; dixéronnos que non formarían goberno con Podemos, e formaron goberno; dixéronnos que non habería amnistía, e houbo amnistía; dixéronnos que non habería indulto, e houbo indulto; dixéronnos que non habería condonación da débeda a Cataluña, e houbo condenación pagada por todos. ¡Por favor, fagan o mesmo coa AP-9! (*Aplausos.*) Fagan exactamente todo o contrario do que agora din que van facer. Cambien de opinión unha vez máis, dean un xiro de 360 graos, desmíntanse a si mesmos por enésima vez, retiren as emendas e traballen para darlles aos galegos o que lles prometeron na campaña electoral: unha AP-9 100 por cento galega, 100 por cento gratuíta.

Pero con Galicia temémonos que non o van facer, porque vostedes con Galicia nin cambian de opinión, nin os seus cómplices necesarios en tanto desleixo, o BNG, son quen, non xa de



facerlles cambiar de opinión, senón sequera de retirarlles o seu apoio. Este aldraxe a Galicia seguirá, e seguirá co apoio incondicional do BNG, porque vostedes en Madrid tragan con todo o que Sánchez decide.

Voulles facer a mesma recomendación que lles fixen aos seus compañeiros da Coruña. Señorías, unha das acepcións do verbo «tragar» é a de soportar ou disimular algo moi desagradable. Á vista disto, está claro que tragar é a calidade máis apreciada para o labor que vostedes fan en Madrid. E, dado que veñen de tragar cos incumprimentos dos seus pactos para investir a Sánchez, coa corrupción da familia, coa corrupción do Goberno e coa corrupción do partido de Sánchez, e dado que van tragar tamén coas emendas de Sánchez á transferencia da AP-9, poño á súa disposición, por cortesía do Grupo Popular, estas pastillas. *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa unhas pastillas.)* Segundo o seu prospecto, alivian os síntomas de irritación e a dor de garganta de forma efectiva, contando con propiedades analxésicas e antiinflamatorias que proporcionan catro horas de alivio. Alcanzarlles para o debate e votación das emendas á Lei de transferencia, ¡porque van necesitar unha garganta en perfectas condicións para tragar con esa traizón a Galicia! *(Aplausos.)* Póñanse como se poñan, é unha verdadeira vergonza. Fáganllas chegar ao señor Rego da nosa parte. *(Aplausos.)*

Remato xa, señorías. Teñen que parar e rectificar. Decía o presidente Rueda —remato xa, señor presidente— que estamos ante unha gran tomada de pelo, e é verdade. Nestes sete anos de Sánchez co apoio do BNG, non para de tomarlle o pelo aos galegos. Teñen que parar e teñen que rectificar.

Primeiro, os socialistas deben retirar as súas emendas á Lei de transferencia e, de non ser así, os outros, os nacionalistas, deben retirarlles inmediatamente o seu apoio aos primeiros. ¡Se, total, xa son o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez, polo menos non lles saian vostedes tan caros aos galegos!

E, segundo, accedan a avaliar con rigor e seriedade o estudo do rescate da AP-9, pois a situación actual o único que fai é incrementar dúas cousas: os beneficios da concesionaria e as peaxes que pagamos os galegos, un 32 por cento máis dende que goberna Pedro Sánchez; case cinco veces máis, señor Font, do que subiron as de titularidade autonómica.

Reflexionen, non traizoen novamente Galicia. Xa dixo Calderón que o traidor sempre é o vencido e o leal e o que vence. Ningunha consultora política lles dará unha mellor explicación de por que a representación maioritaria dos galegos neste Parlamento a ten o Partido Popular de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda? ¿Non acepta a emenda?

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Sobre a emenda, pois parécenos que encaixa perfectamente con esa tomada de pelo, e nin a imos tomar en consideración nesta ocasión. Rexeitámola. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Sería bo que non prescribísemos desde a tribuna, porque xa temos unha sociedade que se automedica o suficiente, e entón é mellor non... Se empezamos a prescribir desde aquí, estamos apañados. (*Murmurios.*)(*Protestas.*) En fin, é un comentario positivo, automedicarse non é bo. (*Murmurios.*)

Ben, seguimos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin

O PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular, hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Hermelo Piñeiro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º- Solicitar a reforma da Lei estatal 7/2022 para garantir:

a) A derogación da obrigatoriedade imposta por esta norma estatal de establecer unha taxa ou prestación patrimonial que repercuta o 100% do custo da xestión de residuos urbanos nos cidadáns.

b) O respecto á autonomía local e a potestade tributaria local.

b) Un sistema flexible de financiamento que permita aos concellos cubrir o servizo con cargo aos seus orzamentos ou mediante modelos mixtos.

c) A posibilidade de xeneralizar bonificacións sociais para familias vulnerables, pensionistas ou autónomos con baixos ingresos.

2º- Crear un Plan Nacional de Infraestruturas para a Economía Circular, cofinanciado con fondos europeos, que permita mellorar os sistemas locais de recollida e tratamento de residuos sen trasladar todo o custo ao cidadán.

Asemade insta á Xunta de Galicia, a promover unha campaña informativa, que aclare a orixe estatal deste taxazo e a intensificar a aposta do Goberno galego por apoiar aos concellos e incentivar a concienciación



para que o conxunto da sociedade avance de xeito paulatino no seu compromiso coa reciclaxe, coa redución do lixo e coa reutilización, e non en medidas baseadas na suba de impostos e da recadación.»)

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir os obxectivos da Directiva 2008/98/CE e as novas esixencias de economía circular derivadas da lexislación autonómica e estatal, e garantir a súa execución efectiva mediante planificación, financiamento e mecanismos de avaliación periódica, nomeadamente as seguintes accións:

- 1. Executar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, en coordinación cos concellos, para garantir o cumprimento das directivas europeas e avanzar cara a un modelo de economía circular.*
- 2. Prestar apoio técnico e xurídico aos concellos para a implantación obrigatoria da taxa de residuos, facilitando modelos de ordenanza tipo, criterios de cálculo, e orientación sobre exencións e bonificacións sociais e ambientais.*
- 3. Impulsar a recollida selectiva da fracción orgánica (FORSU) e mellorar a xestión das restantes fraccións, mediante axudas, formación e asesoramento adaptado á realidade de cada territorio.*
- 4. Ampliar e modernizar a rede galega de plantas de tratamento da materia orgánica, favorecendo a creación de instalacións comarcais de compostaxe e avanzando cara a un modelo descentralizado de xestión que complemente e desconcentre o sistema de Sogama, reducindo custos de transporte e mellorando a eficiencia ambiental.*
- 5. Fomentar campañas continuadas de educación e comunicación ambiental, dirixidas á cidadanía e ao tecido económico, para mellorar a prevención, separación en orixe e reutilización dos residuos.*
- 6. Crear un sistema público e transparente de seguimento dos resultados, con indicadores anuais por concello e mecanismos de avaliación e revisión.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:



1. Anular os taxazos impostos por SOGAMA en 2024-2025 e abrir un proceso de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos. Con este obxectivo, constituirase unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP.

2. Destinar a recadación do imposto derivado da Lei 7/2022 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular, a programas de prevención, redución e reciclaxe dos residuos municipais, en colaboración cos concellos.

3. Establecer un sistema de bonificacións graduais na taxa que pagan os concellos a SOGAMA, aplicando incentivos relacionados co cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Promover a redución da xeración de residuos establecendo obxectivos anuais e plurianuais.

b) Incrementar a reciclaxe das diferentes fraccións dos residuos municipais.

c) Implantar a recollida separada de materia orgánica e instaurar sempre que sexa posíbel un programa de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

d) Trasladar a rebaixa das taxas aos recibos da veciñanza, supeditada ao cumprimento dunha serie de criterios ambientais e sociais.

4. Iniciar un programa de colaboración coas entidades locais en materia de residuos, coas seguintes liñas de actuación:

-Colaboración e asesoramento para a elaboración e aprobación de ordenanzas municipais de residuos, así como de plans de prevención e xestión de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a posta en marcha de servizos de inspección de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (têxtils, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partir de 2025.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

«A loita máis dura é a que se desenvolve no máis profundo das conciencias, nas suturas máis delicadas dos sentimentos». Isto dicía Pier Paolo Pasolini, e paréceme unha boa introdución ao tema de hoxe.

Hoxe traemos a este pleno unha proposición que aposta de xeito firme por Galicia. Nace dun principio moi sinxelo: defender Galicia e os galegos ante decisións que, tomadas lonxe, teñen



consecuencias directas nas nosas vilas, nas nosas parroquias; en definitiva, señorías, na economía das familias galegas.

É unha proposición para modificar esta lei estatal inxusta, antisocial e centralista. Falo da lei estatal 7/2022; unha lei que impón a obriga de repercutir o 100 por cento do custo da xestión dos residuos urbanos directamente nos cidadáns, o que xa se coñece en moitos concellos, como o *taxazo*; unha lei que obriga todos os concellos de todas as cores políticas, grandes ou pequenos, a repercutir o custo total da recollida do lixo nos veciños. Isto, señorías, é descoñecer a realidade de Galicia. É unha imposición do Executivo de Sánchez en Madrid que o Partido Socialista de Galicia e que o Bloque Nacionalista Galego aceptan ambos por disciplina política.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, canta mansedume en Madrid, ¿verdade? Quen llelo diría, toda a bravura é aquí. ¿Saben vostedes canto castiga esta lei os galegos?, ¿saben que esta lei limita a autonomía local? É un impacto real sobre Galicia. E o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, ¿onde están? ¿Con Galicia ou con Sánchez?

Porque, señorías —como xa dixen—, esta norma estatal obriga a repercutir o 100 por cento do custo da xestión de residuos a través dunha taxa individual. Isto é un imposto encuberto ás familias. E ¿onde están aquí os principios de equidade?, ¿onde a solidariedade? Pois diremos que o Bloque Nacionalista Galego é solidario con Sánchez, submisos completamente. E o Partido Socialista de Galicia esqueceu o apelido e esqueceu Galicia, porque esta lei estatal é unha lei contra todos os cidadáns de Galicia, contra todos, contra os municipios rurais que soportan unha recollida do lixo máis cara debido á dispersión. Falamos de duplicar, triplicar ou quintuplicar o recibo, e ese será o efecto desta lei en Galicia, con máis de douscentos concellos con menos de 5.000 habitantes, cunha base fiscal escasa, con dificultades para implantar sistemas de cobro.

Digan, señorías da oposición, ¿estes galegos merecen xustiza social para vostedes ou non merecen? (*Aplausos.*) Porque, cando en Madrid aprobaron esta lei, coa súa axuda, non se aplicou o principio de suficiencia financeira local. Vostedes, señorías, ao aprobar esta lei, obrigan cada concello a crear un sistema de recadación específico, confiscatorio, con custos engadidos. E todo iso que o paguen os galegos e ás galegas. Díganlle vostedes a cada galego que coñezan que esa lei é a que provoca o *taxazo*. Esta é a natureza do *taxazo*, a lei estatal, porque así o decidiu o señor Sánchez. Señorías, era algo voluntario. Así o ratifica tamén a Comunidade Europea, desmentindo todas as falacias que vostedes veñen contando. Digan a cada coñecido que ese *taxazo* contou coa súa man alzada. E digan tamén que esa lei estatal non permite que as administracións municipais poidan cofinanciar este servizo con cargo ao orzamento —como se facía ata o de agora— nin permite establecer bonificacións amplas a colectivos vulnerables. Esta lei, señores progresistas e de esquerdas, rompe o principio de equidade. (*Aplausos.*)

Outros países da Unión Europea permiten sistemas mixtos. Os concellos deciden como repercutir o custo: segundo a renda, segundo o consumo ou calquera outra circunstancia. Existe un claro risco de impagos e de déficit en concellos pequenos. É unha lei mal deseñada; o Ministerio de Transición Ecolóxica non fixo unha avaliación real do impacto económico



nos municipios nin tampouco achegou fondos de compensación. ¡Claro, é unha lei de Sánchez, sen fondos, como todas! Si fixeron outros estados membros leis con fondos. É a diferenza entre España e o resto.

Esta lei que nace na Moncloa está pensada para grandes cidades e impón as regras propias das cidades a concellos de 500 habitantes, por exemplo, na montaña lucense. E iso, señorías, é descoñecer Galicia e a súa realidade. A imposición dun modelo único anula a potestade tributaria local, contradí o artigo 133 da Constitución e o 27 do Estatuto de autonomía de Galicia. E vostedes, coa man arriba, apoian esta lei, que obriga a pagar o mesmo a unha familia cunha pensión non contributiva que a unha familia de cinco membros que triplique o salario. Esa é a súa lei. *(Aplausos.)* Nin o Bloque nin o Partido Socialista propuxeron progresividade. Apoian a lei, apoian un ecoloxismo hipócrita, unha lei que non destina nin un só recurso á educación ambiental nin á reciclaxe industrial. ¡Economía circular, que ben queda! O único verde desta lei é a fiscalidade aplicada, que recada cartos das familias; os cartos pasan de verde a vermello nos petos familiares. O Partido Socialista, claro, avala esta lei porque a fixo o seu Goberno en Madrid e se deben á causa sanchista, e o Bloque deféndea porque quere atacar a Xunta de Galicia. Diferentes motivos, mesmas vítimas. ¿As vítimas? Todos os concellos galegos e todos os galegos e galegas que teñen que pagar este empeño seu por esta lei. Eses son os danos colaterais.

Señorías, esta é unha lei que non reconece que en Galicia temos milleiros de núcleos de poboación e poboación envellecida, e que pretende aplicar as mesmas normas que en grandes cidades. Non somos Madrid, non somos Barcelona, non somos Bilbao. ¿Como pode un partido que se di nacionalista apoiar unha norma que vulnera o noso Estatuto de autonomía?

Señorías, é unha lei mal feita, feita á medida para afogar Galicia, e que vostedes defenden. Nada máis. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Hermelo, eu penso que ou vostede non se decata de nada ou lle está a tomar o pelo á cidadanía galega, en primeiro lugar e, nun segundo lugar, aos 313 concellos que forman Galicia. *(Aplausos.)*

E, ¿por que digo isto? Pois mire, digo isto por varias cousas. A primeira é que, dende o ano 2010, a Xunta de Galicia leva pasando de todo en materia de xestión de residuos. E digo outra cousa, que é que vostede está a falar dunha lei do ano 2022, da que o seu partido, o Partido Popular, non só non votou en contra no Congreso, senón que non fixo ningunha emenda relativa a todos eses incumprimentos constitucionais que acaba de nomear. A única emenda que presentou foi relativa á posibilidade de que as comunidades autónomas puidesen esta-



blecer os seus propios gravames en relación coa recollida de residuos (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿está vostede en contra do seu partido? Porque o seu partido non votou en contra desta lei que vostede demonizou tanto aquí. E terceiro, dígolle tamén que non se decata porque esta lei non é unha lei do que vostede chama o malvado Sánchez, senón que é unha transposición dunha directiva europea do ano 2008, que foi ampliada e concretada no ano 2018. E lembrolle: tanto no 2008 como no 2018, a maioría que tiña o Parlamento Europeo era do Partido Popular europeo, (*Aplausos.*) e no ano 2018 estaba presidido por Ursula von der Leyen, (*Aplausos.*) que tampouco é do Partido dos Socialistas de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Polo tanto, non se entera vostede de nada, ou igual vostede ten que cambiar de partido —como dicía antes o señor Rodríguez—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estas directivas son o xerme desta lei e de todas as leis que se aprobaron no resto das comunidades autónomas, incluída Galicia, e tamén dos plans. Porque, miren, vostedes no ano 2010, coa chegada de Feijóo á Xunta, fixeron un primeiro plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, cos mesmos obxectivos que tiña esta directiva e coas mesmas premisas. ¿E que pasou? Pois que non o cumpriron.

¿E que pasou dende aquela? Pois que pasaron de regular, no ano 2010, un Plan de xestión de residuos que ía en sintonía con esta directiva europea a, agora mesmo, non só non querer facer ningún tipo de política en materia de xestión de residuos, senón querer derrogar unha lei que é unha directiva europea. ¿Isto que é? Un retroceso medioambiental absoluto que evidencia o negacionismo climático no que está inmerso o Partido Popular, seguindo a estela do seu socio aliado —dende agora tamén membro da cúpula da dirección do Partido Popular—, o señor Abascal. Aí están vostedes neste momento. Tampouco nos estrañamos, porque a conselleira de Medio Ambiente está moito máis centrada en permitir que a caza e a pesca campen ás súas anchas, que en impulsar unha xestión medioambiental dos residuos en Galicia. (*Aplausos.*) E o que debería ser unha prioridade leva moitos anos sendo algo secundario. Galicia leva máis de 15 anos de parálise, de incumprimentos e de falla de vontade política por parte da Xunta.

Nós plantexamos hoxe unha emenda. Non é unha emenda terrorífica planteada por uns radicais medioambientalistas como somos nós, os socialistas, senón que o único que pedimos é que cumpran uns parámetros que vostedes mesmos recolleron no Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020, que tiña unha folia de ruta, que era: prevención, recollida selectiva, educación ambiental e apoio aos concellos, e aposta pola compostaxe e a economía circular. Iso é o que pedimos, porque quince anos despois, non o cumpriron. Non desenvolveron as plantas comarcais, non se implantou a recollida selectiva de materia orgánica, non se acompañou os concellos nin técnica nin economicamente e —o que é o máis grave— seguimos a ter a incineración como eixo central do modelo galego de residuos.

Mentres Europa camiña cara á redución e a reciclaxe —e así tamén outras comunidades autónomas—, Galicia continúa queimando residuos en Sogama. A Xunta fixo da incineradora Sogama o seu único instrumento; un modelo obsoleto centralizado e ambientalmente insostible que nos está a causar custos económicos e ecolóxicos, tanto a nós como cidadanía como aos diferentes concellos de Galicia. 295 concellos mandan a Sogama os seus residuos, dos cales o 60 por cento se destinan a valorización enerxética —para todos os mortais, queí-



manse—, só un 18,3 por cento se reciclan, e menos do 0,5 por cento se dedican á compostaxe. Un éxito de xestión total —é irónico, eh—.

Agora, despois de quince anos, pretenden sinalar vostedes os concellos. Culpabilizan agora os concellos de non cumprir os obxectivos europeos, cando foron precisamente os concellos os que máis esforzo fixeron con recursos moi limitados para mellorar a recollida e sensibilizar a veciñanza. Non poden pedirllles aos concellos que fagan o que a Xunta non fixo.

E pedímoslles nesta iniciativa o apoio técnico e financeiro que os concellos necesitan para a implantación desa taxa e dos sistemas de recollida. Porque, en relación co que dicía vostede da taxa, mire, voulle explicar. Esta taxa viña recollida na Directiva do ano 2008, e foi ampliada no ano 2018 nesa directiva europea que aprobou o Partido Popular Europeo. Falaba dese pago por xeración, para fomentar a reciclaxe e reducir os residuos. España foi advertida no ano 2022 pola Comisión Europea do risco de incumprimento; un risco que se pagaría con sancións da Unión Europea e tamén coa perda de acceso a determinados fondos europeos. Pois ben, esta taxa non ten un fin recadatorio; o que ten é un fin como medida clave para avanzar cara a unha economía circular e unha xestión sostible, con bonificacións, con reducións posibles se a xente fai ben os deberes. Porque, en Galicia, cada persoa xera 417 quilos de residuos urbanos ao ano, e, dentro de todo o que chega a Sogama, o 82,6 por cento son residuos mesturados. ¿Como podemos permitirnos seguir tendo estes datos no ano 2025?

Nós o que pedimos tamén nesta emenda é que se utilicen campañas para fomentar tamén o comportamento da cidadanía, para que mude a súa forma de xestión individual dos residuos e para así mellorar a prevención, a separación en orixe e a reutilización. E pedimos tamén ampliar a rede de plantas porque, agora mesmo, Galicia, quince anos despois, non está preparada. Non desenvolveron nin sequera as plantas de tratamento de residuos, non fixeron nada. ¿E agora piden que se derroque unha lei estatal do ano 2022 que vén dunha directiva, que é unha transposición dunha directiva europea que aprobou o Partido Popular Europeo? ¡É que vostede está de broma! Isto xa non é nin *greenwashing* nin nada; é botarse ao monte, é negacionismo climático puro e duro o que vostede está defendendo aquí, señora Hermelo.

Nós queremos unha nova política galega de residuos, e vostedes non poden falar de economía circular se seguen queimando o 60 por cento dos residuos, non poden falar de responsabilidade ambiental cando se deixa abandonados os concellos e non poden falar de cumprimento europeo cando ignoran as propias obrigas da Unión Europea. E non, non somos un refuxio climático. Para o Partido Popular, refuxio climático é un lema de Fitur, porque non cumprimos ningún dos requisitos en ningún dos territorios para isto.

Polo tanto, o que lles pedimos dende aquí é que traballen por Galicia, porque Galicia merece unha política de residuos moderna e non unha política de fume. E a Xunta, se de verdade quere cumprir con Europa, debe deixar as ideas peregrinas, como a derogación dunha lei —que é unha transposición, repito, dunha directiva europea aprobada polo Partido Popular Europeo—; debe deixar de buscar culpables, e debe comezar, por fin, tras quince anos, a asumir responsabilidades.

E espero que acepten a nosa emenda tendo en conta que é unha transposición literal do Plan de xestión de residuos elaborado polo Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia no



ano 2010. Polo tanto, tendo en conta que o elaborou o seu equipo técnico, os técnicos dos que dispón a Xunta, que son os técnicos preparados medioambientalmente, pois espero que vostedes aproben a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade, cando vin a primeira versión desta PNL, interpretei que era unha PNL preventiva ou autodefensiva. Despois, cando vin a autoemenda, pareceume máis unha PNL innovadora, dentro da capacidade de innovación que hai no seu grupo.

Claro, a primeira innovación é instar a Xunta a facer unha campaña contra o Goberno central financiada con fondos públicos. Esta proposta recóllena vostedes, e o que lles dicimos é que, se queren facer campañas partidistas, as paguen co diñeiro do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non malversen os recursos públicos, como fixeron no Concello de Noia; págueno co diñeiro do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non nos pidan que apoiemos unha campaña con fondos públicos, aínda que vostedes xa teñen en marcha un contrato licitado para facer unha campaña sobre os residuos, que utilizarán para este fin, claro. Non nos vai sorprender.

Canto á segunda innovación, no seu negacionismo, fanse oposición a si mesmos, porque —xa llelo dixo a portavoz, a señora Castro, xa llelo dixo o Partido Socialista— foi o Partido Popular Europeo —o bipartidismo europeo, pero neste caso o Partido Popular, que ten a maioría no Parlamento e na Comisión— quen aprobou a directiva que vostedes agora pretenden derrogar. Eu creo que debían falarse entre si e ver realmente que posición defenden, ¿ou é que o Partido Popular galego xa abraza o negacionismo máis absoluto e se desmarca desas tibias posturas que ten o Partido Popular Europeo? E, claro, aprobouse esa directiva —vostedes non acaban de entendelo— que penaliza a incineración, que é a falida solución que vostedes impuxeron por medio de Sogama, que é a sociedade galega da incineración.

¿A terceira innovación? É que vostedes a verdade é que fan aquí propósito de emenda. Non lles vimos ningunha confesión, pero propósito da emenda fano porque, se é tan mala esa Lei 2/2022, explíqueme unha cousa, señora Hermelo: ¿por que se abstiveron vostedes na votación? ¿Por que vostedes presentaron unha emenda no título VIII desta lei, a número 489, que di: «*Con estas finalidades se establece un impuesto aplicado al depósito de residuos en vertedero, la incineración y la co-incineración de residuos, excluída la valorización energética*»? ¡Vostedes propuxeron o mesmo que agora están negando, (*Aplausos.*) propuxérono na tramitación da lei no Congreso dos Deputados! (*Aplausos.*) Vostedes o que son é especialistas en culpar os demais, en atacar, en insultar, en calumniar todos aqueles que lles plantan cara, chámese UDC, chámese Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ou chámese Consello da Cultura Galega.



E mire, señora Hermelo, ten aquí vostede unha magnífica ocasión para condenar os ataques violentos producidos en Cangas no pleno da Mancomunidade contra as alcaldías de Cangas, de Bueu e de Moaña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estoullo dicindo á señora Hermelo, que estaba alí presente, que estaba alentando co seu grupo a xente para que agredise, insultase e atacase eses representantes lexítimos da cidadanía. *(Aplausos.)* Ten vostede a ocasión aquí de pedir perdón pola actitude do Partido Popular nese pleno, que é absolutamente desprezable e condenable.

E mire, voulles explicar tamén unha cousa para que lles quede claro, porque vostedes negan a maior. E é que a Xunta ten competencias en materia de residuos, son competencias autonómicas. Ten competencias especialmente en materia de planificación e de prevención en materia de residuos. E ten, desde logo, competencias, porque creou Sogama. ¿Para que creou Sogama entón se non ten competencias? Creou Sogama para converter a incineración na solución da xestión dos residuos, que resulta que agora é unha solución que se considera que... *(Murmurios.)* *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Quere falar vostede, señor Trenor? ¿Non lle deixaron falar e quere falar, ou que pasou? *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home, estasme interpelando! *(Murmurios.)* ¿Non che deixaron falar? Sogama é a solución baseada na incineración. Ben, a solución cunha empresa privada que se chama Naturgy, que fai aí uns succulentos negocios coa Xunta... *(Murmurios.)* E dálle... *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Silencio.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Como di o presidente, hai que saber encaixar. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Hai que ter a pel un pouco máis dura, hai que vir preparados. *(Murmurios.)* Decía que fai negocios succulentos esta empresa —como sempre, as grandes empresas—... *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Señor Trenor, por favor, modérese. *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, por favor. *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non. Silencio, por favor. Se non, teño que chamalo á orde.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Miren, vostedes adxudicaron 780,5 millóns de euros nos últimos dez anos a un grupo empresarial en grandes contratos, que foron os que puxeron Sogama contra as cordas e foron os que obrigaron a subir ese inmenso *taxazo* que aprobaron vostedes do 70 por cento en seis meses, que abrasou e asfixiou os concellos. Esta é a verdadeira raíz do debate que estamos hoxe dando aquí; non botarlle a culpa a non sei quen. Esta é a verdadeira razón, e a responsabilidade é da Xunta.

Fixeron este enxendro, este monstro de Sogama para desenvolver un modelo de xestión absolutamente aberrante, antiecolóxico, consistente —fíxense vostedes que aberración— en transportar —falaba a señora Hermelo de que en Galiza temos moitísima dispersión de poboación— 900.000 toneladas de residuos, que, na súa maior parte, a metade, son materia orgánica —é dicir, auga— por toda Galicia, para levalos a Cerceda, para secalos co gas natural que factura relixiosamente a empresa asociada da Xunta —é dicir, Naturgy— e para queimalos, para producir enerxía que despois comercializa tamén a empresa socia da Xunta,



que é Naturgy. Mire que caso de economía circular. ¡Isto si que é economía circular, isto si que é innovación no trato de favor ás empresas amigas que practica o Partido Popular!

Pois, con este sistema, Galiza incumpriu os obxectivos de prevención, de reutilización e de reciclaxe do ano 2020, que eran do 50 por cento, e vai incumprir tamén o do 2025, que é do 55 por cento. E isto o que supón é o fracaso estrepitoso deste sistema, de Sogama, Sogain, Sociedade Galega de Incineración. ¿E vostedes como poden presumir disto?, ¿como poden presumir destes gráficos da memoria de Sogama, que din que, das 900.000 toneladas que chegan alí, o 80 por cento van a incineración e ao vertedoiro? Exactamente, 746.000 toneladas, cando vostedes prometeran no Plan de residuos 2010-2022 que ían construír 12 plantas de compostaxe e ían compostar 245.000 toneladas de biorresiduos. Nada de nada de nada.

E miren, esta deriva kamikaze de Sogama, esta política expansiva de grandes contratos e incremento dos custos do gas —eses 20 millóns que factura a súa empresa socia—, a aposta por tratamentos finalistas e o negocio dopado da Xunta con Naturgy fixeron que Sogama entrase nunha situación de colapso. E esta proposta é unha cortina de fume para desviar a atención disto e para desviar a atención deses *taxazos* aprobados —por certo, na Lei de acompañamento dos orzamentos do 2025— para subir a taxa de Sogama, o *taxazo* de 66 a 108 euros. E agora van subir aínda máis porque lle van aplicar o IPC, e, segundo a memoria de Sogama, vai pasar a 110 euros. Polo tanto, a conclusión é que a Xunta lles fai pagar aos concellos a súa mala xestión, os seus erros e os seus incumprimentos.

E o BNG, desde logo, non lles vai avalar a estas alturas ningún cheque en branco, e menos lles vai avalar pagar con fondos públicos unha campaña partidista do Partido Popular, como pretenden vostedes. Nin lles vai avalar que poñan nesta iniciativa que este tipo de tratamentos dos residuos serven para contribuír a converter Galiza nun refuxio climático e para loitar contra o cambio climático. ¡Se Sogama é unha fábrica de cambio climático, señora Hermelo! Non se acaban de enterar. (*Aplausos.*)

E o BNG, coa mellor vontade, presentou unha emenda para chegar a acordos; para cambiar o sistema, para cambiar os tres sistemas que hai en Galicia, que necesitan cambiar, necesitan mellorar, necesitan reconducirse. E tamén a presentamos para apoiar os concellos, que son aquí os que pagan os pratos rotos das responsabilidades dos demais; para axudar os concellos na adopción gradual de cambios que hai que introducir, si ou si, na política dos residuos e tamén na fiscalidade dos residuos.

E non veña aquí vostede mentir, porque a lexislación, a normativa europea, a lexislación estatal e a galega non exclúen a posibilidade...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...de aplicar bonificacións en función de criterios xeográficos, de rendas sociais ou dos que se queiran. E así se fixo por exemplo na Mancomunidade do Morrazo e así o fan a maior parte dos concellos, estano facendo. Polo tanto, non hai ningún problema para iso.



E, por último, unha recomendación: abandonen a bronca, abandonen a crispación e abandonen o insulto. E deixen de utilizar o Goberno da Xunta, que non lles pertence a vostedes, para atacar todos aqueles que non lles din: si, *bwana*. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidente.

Ben, señor Bará, este final... Vai ser certo iso de que un ve noutro o que leva dentro.

Véxoo queimado a vostede. (A deputada María Dolores Hermelo Piñeiro amosa un recorte de prensa.) Debe ser por mor de aprobar unha suba dun 73 por cento en Gondomar, encima fóra do goberno. (Aplausos.) (Murmurios.) Queima, señor Bará, iso si que queima; máis que Sogama.

E, señora Castro, desculpe, eu non lle direi a vostede que non se entera, nin moito menos que ten afectadas a educación, o nivel intelectual e o desenvolvemento mental debido a unha grave enfermidade. Eu non vou caer nese tuit seu, señora Castro. (A deputada María Dolores Hermelo Piñeiro amosa unha captura de pantalla.) (Aplausos.) Isto si que é unha vergonza, señora Castro.

Direi, señorías, que o que acabo de escoitar aquí é o que esperaba de vostedes, non esperaba outra cousa. E, por iso, señorías, nunca sentirei en vostedes o amor a Galicia e o amor aos galegos e ás galegas. Porque vostedes antepoñen sen ningún rubor o bulo a Galicia. Xa o vimos cos *pellets*, xa o vimos con Altri, e agora vémolos con isto, señorías, vémolos con isto. Vostedes e a súa absoluta falta de realidade.

Miren, señorías, están na bancada da oposición. ¿E saben por que están aí? Pois por discursos como os de hoxe, manipulando datos (Murmurios.) e buscando unha escusa para que as familias, os autónomos, as empresas e cada galego e galega paguen un imposto encuberto chamado taxa. (Aplausos.) Vostedes alzan a man para que esta lei do Goberno Sánchez castigue os bolsillos dos galegos. Alá vostedes, señorías. Porque o que importa aos galegos e ás galegas é ter un goberno que vele polo seu día a día, e aí vostedes non están.

Tampouco estiveron en Cangas, ¡quen o diría! Todos vostedes están desfilando por esta tribuna e acusando duns feitos que descoñecen e que interpretan mal. (Murmurios.) Cangas e os cangueses e canguesas teñen bastante personalidade, e unha personalidade propia. Cangas saíu á rúa velar polos seus dereitos, (Aplausos.) que o Goberno da Mancomunidade esqueceu. Esquecéronse do diálogo, esquecéronse dos dereitos dos veciños e das veciñas, esqueceron que o pobo é soberano e decide. Cangas, señorías, dixo, alto e claro, «non» ao *taxazo*. (Aplausos.)

Así que, señorías, deixen de falar desde a distancia, desde o descoñecemento e desde o odio. Achéguese a Cangas, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) escoiten e recapaciten. Cangas sempre, sempre, sempre paga a pena, e paga a pena defender sempre o mellor pobo do mundo.



E ao que non lle guste isto que acabo de dicir, simplemente direi, señorías: a chorar a Cangas.
(Aplausos.)

O PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

(A deputada María Dolores Hermelo Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Ben, o paso do tempo ten efectos diversos sobre as cousas e tamén sobre as persoas. Co tempo, as sensacións máis intensas, as que sacoden por dentro, tenden a esvaeirse, a perder arestas. E, se non temos coidado, tamén se esvae a memoria colectiva, esa que debería servirnos para aprender dos erros.

Pasaron apenas dous meses dende aquela vaga de lumes que converteron boa parte do noso país nun auténtico inferno que cercou aldeas, que queimou vivendas, que arrasou cultivos e que deixou tras de si unha paisaxe apocalíptica. Con todo, hoxe, escoitando a conselleira de Medio Rural, dá a impresión de que para o Goberno galego o drama xa quedou atrás.

Volvemos ver o mesmo patrón de sempre: anuncios pomposos, propaganda en gran pantalla, promesas nos orzamentos, pero, co paso das semanas, o globo da propaganda vaise desinchando, e o que queda é o de sempre; é burocracia, responsabilidades desprazadas aos concellos e, sobre todo, a ausencia real dun cambio necesario nas políticas forestais e rurais. É o mesmo guión que vimos despois dos incendios do 2017 e do 2022. O Partido Popular da Xunta de Galicia actúa como se o problema fose estacional, como se cada setembro o lume se apagase tamén nas súas responsabilidades. Pero os incendios non son un fenómeno conxuntural; son un síntoma estrutural. Son a consecuencia directa de dous factores que todos coñecemos e que se retrotraen, se retroalimentan: o cambio climático e o abandono do rural galego.

O primeiro factor, o cambio climático, xa non é unha hipótese de futuro. É unha realidade que está a transformar o noso territorio a unha velocidade que nin a política da Xunta de Galicia nin a planificación forestal galega saben seguir. O aumento das temperaturas medias, as ondas de calor cada vez máis longas e intensas, a diminución da humidade ambiental ou o incremento das secas prolongadas están a crear un escenario novo, no que o lume se comporta de forma distinta, máis rápido, máis alto, máis imprevisible. O cambio climático non só multiplica o risco, senón que amplía a tempada de incendios. Xa non arde só no verán;



tamén na primavera e no outono. Hai uns anos, os grandes incendios se concentraban en agosto; hoxe comezan en maio e non rematan ata novembro. E isto non é unha tendencia puntual; é unha nova normalidade climática coa que debemos convivir.

Este verán, o lume non só devastou aldeas e montes, senón tamén espazos naturais de enorme valor ecolóxico. Arderon áreas dentro do Parque Natural do Invernadoiro, da serra da Enciña da Lastra ou da Baixa Limia-Serra do Xurés, na provincia de Ourense; pero tamén no Parque Natural das Fragas do Eume, en Rede Natura 2000, o Macizo Central etcétera. Non estamos, pois, só ante monte queimado, que xa é bastante; estamos ante a destrución de hábitats fundamentais para especies en perigo, ante a perda de corredores ecolóxicos, ante solos queimados e erosionados, ante o dano directo a acuíferos e ríos e ante unha ferida aberta no patrimonio natural da humanidade, que Galicia está obrigada a preservar.

E aquí entra o segundo gran factor: o abandono progresivo do rural galego. Galicia sofre unha crise demográfica e socioeconómica profunda: perda constante de poboación, envellecemento, desaparición de servizos básicos e abandono de actividades agrarias e gandeiras. Onde había antes hortas, prados e leiras sementadas, hoxe hai matogueira e monte abandonado. Onde antes había xente que coidaba o territorio, hoxe hai soidade e desatención.

Esa combinación é o que converte o lume nun monstro imparable. E, ante esta realidade, a Xunta non pode seguir respondendo con parches nin con improvisación, porque o que vimos este verán, o que vivimos este verán, non foi un accidente. Foi un resultado dun modelo fracasado; un modelo centrado na extinción e non na prevención; un modelo baseado en contratos temporais, en brigadas fixas descontinuas e en traballos limitados a tres meses ao ano; un modelo reactivo que cada verán se ve desbordado polos mesmos problemas de sempre. E, mentres tanto, seguimos sen plans de ordenación de recursos forestais e sen un plan integral para o rural galego.

Señorías, a prevención é ter territorio vivo. A mellor barreira contra o lume é o cultivo e o gando e a xente que queda no rural porque ten servizos, ten emprego e tería futuro. Por iso, esta proposición non de lei que hoxe presentamos non é só unha chamada de atención; é unha proposta rigorosa. Porque o que está en xogo non é só a superficie forestal; é o modelo de Galicia que queremos. Porque temos unha Galicia despoboadada, cuberta de maleza e condenada a arder cada verán, e o que queremos é unha Galicia viva, con aldeas habitadas, con agricultura sostible, con pastos e mosaicos produtivos, con mocidade que poida quedar a traballar e vivir no campo.

Non hai loita eficaz contra o lume sen revitalización do rural. Esa é a verdade que por fin parece asumida por todos, pero que o PSdeG está disposto a traducir en propostas concretas. E esas propostas están recollidas nesta iniciativa que sometemos hoxe a debate. E a través delas, instamos o Goberno galego a poñer en marcha un plan integral de revitalización do rural galego que inclúa medidas reais de apoio á agricultura, a gandería, a silvicultura sostible e a recuperación de servizos básicos, e os incentivos necesarios para atraer e fixar poboación nova nas zonas de maior risco.

Outro punto que propomos é desenvolver un plan de ordenación do territorio baseado en mosaicos de usos, cortalumes verdes e xestión activa da biomasa, tal e como recomendan os expertos e recolleu o propio ditame parlamentario aprobado nesta Cámara hai máis de sete anos.



E o terceiro punto reclama o deseño de políticas forestais adaptadas ao cambio climático, que deberán ser presentadas neste Parlamento no prazo de tres meses.

Non é unha petición desmesurada; é simplemente exixir que a Xunta faga o que ten que facer: planificar, prever e actuar con responsabilidade. Porque, señorías, xa non vale alegar sorpresa nin escudarse nas circunstancias. O cambio climático é unha realidade que xa nos alcanzou, e Galicia é unha das rexións máis vulnerables de Europa. Non podemos seguir agardando a que cada verán nos volva pór fronte ao mesmo desastre. Cómpre cambiar o enfoque, poñer o acento na prevención e na planificación no longo prazo, coordinar esforzos entre administracións e implicar a cidadanía nun novo contrato social co territorio.

Iso é o que propón o Grupo Parlamentario Socialista: pasar do discurso á acción, da propaganda á planificación, da resposta urxente ao compromiso duradeiro.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías.

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grao de indiferenza, ineptitude e inutilidade dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país. Galiza viviu unha auténtica catástrofe ambiental, social e económica coa vaga de lumes que arrasou a nosa terra neste verán, cunhas 145.000 hectáreas queimadas que deixaron ao seu paso un regueiro de destrución nunca visto. Foron uns lumes que provocaron os incendios máis grandes da historia de Galiza. A magnitude catastrófica é de proporcións dificilmente imaxinables hai un soamente uns anos. Señorías, esta desastrosa vaga de lumes deste verán arrasou con todo ao seu paso, con perdas catastróficas no sector agroforestal que traerán un problema grave de supervivencia para as mulleres e homes que manteñen este sector, vital para o noso rural.

Se falamos de gando, ardeu gando vacún e ovino, naves, paleiras, instalacións das explotacións, peches, maquinarias, pastos, forraxes.

Se falamos do viñado, houbo centos de hectáreas queimadas afectadas; fundamentalmente, na Rúa de Valdeorras e en Monterrei, pero tamén na Ribeira Sacra e no Ribeiro. Moitas quedaron totalmente devastadas e outras con graves danos.



Produciuse a perda de centos de hectáreas de soutos, nos que se perdeu a colleita ou, incluso, os propios castiñeiros, en moitos casos, de decenas de anos ou incluso centenarios.

Na apicultura, vimos a queima de colmeas e a eliminación do seu hábitat e perda da produción.

No forestal, arderon miles e miles de hectáreas de piñeirais e masas de frondosas autóctonas. Algúns cálculos falan de 3 millóns de metros cúbicos de madeira arrasada.

En resumo, arderon pastos, viñedos, soutos, forraxes, explotacións agrarias, gando, colmeas, maquinarias e montes arborados. Unha paisaxe desoladora é o que vemos nas terras de Monterrei, Valdeorras, o Macizo Central, Quiroga, Ribeira Sacra ou Viana. E, despois dese desastre, chegan os arrastres, a erosión e a contaminación dos acuíferos que xa se están a dar en moitas das zonas afectadas, comezando polo desastre que vemos todos os días xa en Valdeorras. Un fracaso estrepitoso.

Señorías, estamos ante un exemplo de libro, ante un exemplo de fracaso das políticas do desenvolvemento do medio rural; un exemplo do que significa o baleirado poboacional de amplas zonas de Galiza; un exemplo do que trae a falla de apoio ao sector gandeiro extensivo nas zonas de montaña; un exemplo da falla de alternativas rurais para as mulleres e homes que puideron ter interese no establecemento nestas comarcas de Galiza; un exemplo do insuficiente investimento nos montes, especialmente neses montes veciñais en man común que teñen convenios e consorcios coa Xunta de Galicia que son xestionados directamente pola Xunta do Partido Popular; un exemplo da falla dunha política forestal acorde co territorio no que vivimos, só pensada para o eucalipto e para amplas masas de coníferas de forma continuada; un exemplo, en definitiva, do abandono e da prevención.

Este fracaso traerá consigo unhas consecuencias moi graves e podemos consideralo o preludio de máis ondas ou vagas de lume se non se toman as medidas adecuadas, se non se cambian as políticas para o medio rural. Señorías, Galiza non pode continuar con este modelo, hai que tomar conciencia. Calquera parte do noso querido país, de Galiza, está en risco. Esta dantesca situación que se describe, porque é un feito, pode pasar en calquera comarca da nosa terra. Hai que ter altura de miras e debemos tomar esta vaga catastrófica de lumes como último aviso, non debemos tomala á lixeira. Estes lumes, esta negra sombra, ten que significar un punto de inflexión. Debe haber un antes e un despois.

Señorías, ante esta situación, dende o BNG, trouxemos o plan Da cinza á vida ao debate a este Parlamento. Este plan non se limitaba só a unha proposta para reconstruír o que o lume destruíu, senón que buscaba transformar o modelo de monte e o rural galego. Polo tanto, este plan era unha proposta que non pretendía ser un documento pechado, senón a base dun debate amplo e plural para acordar unha estratexia de país fronte aos lumes e por un rural vivo e con futuro; un documento cuns obxectivos e unhas medidas claras e concisas. Señorías, o plan Da cinza á vida é algo máis que unha simple proposta de voluntarismo; é unha proposta para tomar decisións que poidan evitar ese futuro desolador para a nosa terra, para Galiza, porque é un futuro que será moi complicado se non se fan os cambios e non se toman as medidas oportunas para que haxa unha aposta de xeito claro polo rural. Polo tanto, ese plan Da cinza a vida implicaba propostas concretas e precisas, máis de cincuenta propostas para cambiar o futuro do rural deste país.



Eran propostas encamiñadas e dirixidas a un monte multifuncional e diverso, como, por exemplo, a aprobación dunha moratoria indefinida para o eucalipto. A superficie ocupada por esta especie pirófito excede por moito a que figura no Plan forestal de Galiza, e hai que pórllle couto.

Propoñíase un desenvolvemento multifuncional do monte, con proxectos que atendan os sistemas de pastoreo, a gandaría extensiva do monte, a produción de madeiras de calidade para a segunda transformación e o aproveitamento doutros produtos do monte.

Defendíase a priorización e o incremento das axudas ás zonas de montaña que utilicen o monte e as terras abandonadas como base da súa explotación gandeira ou agraria.

Apostábase por unha revitalización económica e social para un novo modelo de desenvolvemento rural, con incentivos económicos nas zonas de baixa densidade poboacional; cunha mellora do financiamento dos pequenos concellos; cunha mellora da dotación de servizos e equipamentos básicos da sanidade, a educación, a atención á infancia e a dependencia, e cun plan de emprego verde dotado con 50 millóns de euros.

Demandábase, por suposto, unha prevención estrutural e unha resiliencia; máis e mellores actuacións políticas de prevención, e blindar as vivendas fronte ao lume, establecendo franxas de protección a casas e núcleos de 100 metros e creando un fondo extraordinario por parte da Xunta de Galicia para executar esta medida.

Señorías, por desgraza para este país, a resposta do Partido Popular foi a de sempre. Xa se imaxinan cal foi: «non». «Non» a cambiar o modelo, «non» á recuperación rural; «non» e «non». Tampouco é que fixesen outras propostas alternativas. Bueno, si. Hai unha proposta alternativa que si que fixeron: máis eucalipto; propor unha moratoria trampa que permita seguir inzando o noso país de eucaliptos. Esa é a única proposta que presentaron. Nin tan sequera a única proposta que fixo aquí o señor Rueda, dende este estrado, na súa comparecencia no Parlamento, que era a de encargarse do mantemento das faixas secundarias —esas que están en torno dos núcleos dos concellos de menos de 10.000 habitantes—, figura na lei de acompañamento nin, por suposto, na proposta dos orzamentos do ano 2026. Parece, señorías do Partido Popular, que se queren volver atrás. Parece que xa non lles interesa esa proposta que fixeron aquí demagoxicamente dende esta tribuna.

Señorías, respecto da proposta do Grupo Socialista, queremos indicar que é unha proposta que nos parece un pouco insuficiente e pouco ambiciosa. Entendemos que se debe concretar máis e, sobre todo, tendo en conta que estamos en período da elaboración dos orzamentos. Tendo en conta iso, con máis razón, débese concretar.

De todos os xeitos, esperamos que a Xunta do Partido Popular e o Grupo do Partido Popular cumpra, e que, nese prazo de tres meses, se traia unha proposta real para debater neste Parlamento para darlle unha nova saída ao noso país, ao noso rural. Ten que tela, porque, dende logo, a situación pola que imos non é a forma máis adecuada de resolver un problema que vimos neste verán e que acaba de comezar, pero que pode ser un problema moi grande para a supervivencia deste país no futuro.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Conde.

ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE: Grazas, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

Despois de escoitar os distintos grupos parlamentarios con respecto a esta iniciativa e tamén despois de escoitar pola mañá a conselleira, hoxe, que é un día —podemos falar— de escoitar sobre o monte galego e sobre o rural galego, xa que aquí trouxeron varias iniciativas nese sentido, estou máis convencido de que o Goberno da Xunta de Galicia vai polo camiño correcto nesta materia, porque o futuro do rural galego depende dunha ordenación do territorio moderna, equilibrada e eficaz. Podemos comprobar que a liña que define o modelo galego é a harmonía entre economía e ecoloxía. Queremos un territorio preparado para facer fronte aos incendios forestais.

Fronte ao que vostedes nos expoñen hoxe aquí, direilles que a Consellería do Medio Rural acaba de presentar os seus orzamentos para o ano 2026. Si, orzamentos. Supoño que, para o Partido Socialista, esa palabra, «orzamentos», e presentalos en tempo e forma, non vai moito con eles. Os seus seguidores, os do Bloque Nacionalista Galego, van tamén con eles. (*Aplausos.*) Por apuntar un dato, estes orzamentos de Medio Rural para o ano 2026 son os máis altos da historia e, con eles, preténdese seguir impulsando a ordenación e defensa do territorio e o fomento do sector agroforestal. Por iso se reforzan, tanto os medios de extinción, como especialmente os de prevención. Un claro exemplo do que hoxe se estivo falando bastante é a limpeza de faixas, unha das grandes apostas deste Goberno galego pola ordenación do seu territorio e contra o lume. O convenio de xestión de biomasa nas faixas secundarias, en colaboración coa Fegamp e con Seaga, duplica o seu orzamento e chega ata os 25 millóns de euros para apoiar —como non podía ser doutra maneira— os concellos no labor de manter limpos os perímetros pegados ás aldeas.

E vou seguir aportando datos con respecto á prevención, señorías, porque o compromiso con esta se reflicte tamén nas cifras. Galicia destina máis de 75 millóns de euros á prevención de incendios forestais, case 25 millóns máis que no exercicio anterior. No ámbito da extinción, que tamén é importante e necesaria, como podemos comprobar durante este verán, o investimento acada algo máis de 40 millóns de euros. Deste xeito, o orzamento da Dirección Xeral de Defensa do Monte para tarefas de prevención e extinción ascende a máis de 116 millóns de euros, dos que 64,9 se destinarán á prevención.

Polo tanto, señorías, Galicia aposta por un modelo de xestión integral, ordenación forestal, prevención activa e innovación. Apóstase por un rural que xere emprego e coide o medio. Así, o orzamento total dedicado a protexer o monte ascenderá no ano 2026 a 213 millóns de euros, un incremento do 17,7 por cento respecto do anterior. (*Aplausos.*) E si, concordamos con vostedes —non vai ser todo que non, como fan os do Bloque—. Si, pasa por un futuro



de diversificar o monte galego. Este Goberno aposta pola plantación de especies autóctonas, pola recuperación dos soutos tradicionais e coníferas. Destacamos os 8 millóns de euros destinados á loita contra a praga e enfermidades, especialmente —como todos sabemos— no piñeiro, o que supón 4,8 millóns máis que no 2025. Ademais, destínanse 3,2 millóns á restauración das zonas afectadas na vaga de lumes deste verán, estando xa executados, xa gastados, máis dun millón de euros, sempre priorizando a recuperación ambiental e a avaliación da rexeneración natural. A isto hai que sumar as indemnizacións, tanto no eido forestal, como no agrogandeiro, que xa están en marcha.

Vostedes fan mención na súa iniciativa a que o actual modelo da Xunta de Galicia segue a centrarse na extinción e na prevención. Señora Dacosta, eu creo que despois de escoitar a conselleira e o resto dos compañeiros que estiveron aquí expresando a política forestal de Galicia, creo que isto non é correcto, pero bueno, cada un, con el. Os profesionais do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia realizan tarefas de prevención durante todo o ano, realizando tarefas de extinción claramente cando son necesarias. E aquí, falando de prevención, vou facer unha mención ao compañeiro Miguel Fidalgo, que, no seu día, neste mesmo atril, dicía que o Partido Popular, o PP, era o partido da pesca —PP, «Partido da Pesca»—, con respecto tamén ao que tiñamos en fronte, que eran o das chistorras —se non me equivoco— e tamén os radicais do «non». Pois eu vou dicir que tamén o Partido Popular, o PP, é o partido da prevención. *(Aplausos.)*

Veñen falando tamén na súa iniciativa, e así o expuxo a deputada Rodríguez Dacosta, de contratos temporais nas brigadas, de traballos limitados a poucos meses ao ano. Eu, cando escoito, como escoitei aquí, e cando leo estas iniciativas, creo que viven nun mundo paralelo pero non real, e voulle explicar por que. O único partido que fixo políticas de avance, de mellora das condicións laborais do persoal foi o Partido Popular, nos gobernos deste Goberno e en gobernos anteriores. Foi o Partido Popular o que fixo e levou adiante esas políticas de mellora laboral. *(Aplausos.)* Hoxe falouse aquí do persoal. Dous terzos do persoal traballan todo o ano na Administración pública, señorías, e un terzo, este ano, traballou oito meses e, para o ano que vén, traballará nove. E hai que comparalo con cando vostedes gobernaban, claramente. ¿Por que? Porque, cando vostedes gobernaban, había sobre 1.600 operarios durante o ano, pero non traballaban todo o ano. Había brigadas de doce meses e brigadas de nove, e, no verán, entraban tres meses con contratos de Seaga por obra e servizo. Esa é a diferenza entre uns e outros. Os que apostan pola estabilidade e o servizo público, e os que non. *(Aplausos.)*

Deixando agora ao lado o sector forestal, a Consellería do Medio Rural centrará os seus esforzos en apoiar unha agricultura e unha gandaría sostíbeis, innovadoras e rendíbeis. No ano 2026, manteranse as axudas á modernización de explotacións e o impulso da remuda xeracional con 24 millóns de euros, así como outros 19,6 para a transformación de industrias agroalimentarias, que inclúen por primeira vez unha liña verde con máis de tres millóns de euros.

Continuando coa ordenación do territorio, no ano 2020, rematáronse 34 concentracións parcelarias, que abarcaron máis de 22.600 hectáreas e beneficiaron arredor de 18.000 propietarios. Ademais, dende o ano 2021, decretáronse 29 novas concentracións impulsadas pola Lei de recuperación de terra agraria. Precisamente, en canto aos procedementos de reestru-



turación parcelaria, a Xunta de Galicia conta cun orzamento para este ano 2026 de 16,7 millóns de euros, case catro máis que no ano 2025.

Cando vostedes tamén falan do deseño de políticas forestais adaptadas ao cambio climático, cómpre dicirlles que a planificación forestal está garantida grazas ao Plan forestal de Galicia 2021-2040, que xa superou os obxectivos de ordenación do ano 2035, pasando das 117.000 hectáreas a máis de medio millón de hectáreas ordenadas. A cadea monte-industria supón o 1,8 por cento do PIB galego.

Penso —e xa vou rematando, presidente— que, despois de toda esta exposición de datos e feitos —quedándonos moitos por nomear—, queda máis que probada e demostrada a implicación do Goberno da Xunta de Galicia coa xestión forestal e a ordenación do territorio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Rodríguez Dacosta

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Quero agradecer ao BNG a súa posición.

Señor Conde, voulle dar un só exemplo do abandono que sofre Galicia ante os incendios forestais: Valdeorras. Alí sufríronse as consecuencias do maior incendio da historia de Galicia, con máis de 30.000 hectáreas arrasadas nos concellos do Barco, da Rúa, de Petín, de Larouco, de Rubiá, de Vilamartín de Valdeorras; terras enteiras devastadas, montes reducidos a cinza e aldeas que foron arrasadas. Creo que vostede coñece San Vicente de Leira, ¿non?

Pero, agora, despois das lapas, chega a segunda traxedia: a contaminación das captacións de auga, o arrastre de cinza, esa terra que chega aos ríos e regatos e a degradación das fontes de abastecemento, que deixan sen seguridade nin estabilidade ao día milleiros de veciños. E todo isto, señor Conde, porque a Xunta non fixo o que tiña que facer, que era actuar de inmediato no terreo queimado, consolidar os solos, crear barreiras naturais, protexer as zonas de captación e acompañar os concellos na recuperación.

Os alcaldes e as alcaidesas advertírono dende o primeiro día. Os socialistas pedímolos tamén neste Parlamento, pero a conselleira de Medio Ambiente preferiu mirar para outro lado, deixar pasar o tempo, e, cando chegou o desastre, botarlle a culpa á Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Iso si que é un exercicio de escapismo político, porque, mentres se escuda en competencias, a Confederación —como dicía esta mañá— leva traballando dende agosto con 17 brigadas de cinco compoñentes cada unha, un total de 85 profesionais; 12 brigadas en Ourense e 3 en Lugo, que van seguir durante cinco meses máis protexendo mananciais, estabilizando solos etcétera. Esa é a diferenza. Mentres vostedes se xustifican, outros traballan.



E o máis grave é que os concellos, todos, gobernados polo Partido Popular, polo PSdeG, polo Bloque Nacionalista Galego ou por independentes, están pedindo o mesmo: axuda, coordinación e actuación inmediata. ¿E vostedes que fan? Nin unha soa medida nin un plan integral, ningún apoio real aos que están á fronte do problema. Enviaron a Vilamartín 20 voluntarios, que deixaron alí para que o alcalde os dirixise nas actuacións. ¡Así actúa a Xunta de Galicia! Son os alcaldes, as brigadas municipais e os propios veciños (*Aplausos.*) quen están limpando os regatos, levantando diques de contención con palla, muros de pedra e pequenas barreiras naturais para frear a erosión e a contaminación da auga. E, como dixo o alcalde do Barco de Valdeorras, Aurentino Alonso: «o lume pasou, pero os danos seguen. A xente ve como a cinza chega ás traídas, e non hai nin un só apoio nin coordinación da Xunta; estamos sós». Iso dicía o alcalde do Barco de Valdeorras. Esa frase resume á perfección o que está a pasar: a soidade dos concellos ante a inacción da Xunta de Galicia.

Señorías do Partido Popular, díganlle á conselleira de Medio Ambiente que en Galicia faltou goberno, faltou planificación, faltou prevención e, por desgraza, sobrou autocompracencia, porque o que aconteceu non necesita excusas nin culpables, pero si responsabilidades, cooperación e compromiso real.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa remato. Sexan leais co país, posto que eficaces xa non van ser.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e da deputada María Cristina Fernández Davila, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte::

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1º.) Solicitar, en diálogo coas tres universidades galegas, o aumento no número de prazas públicas no mestrado universitario en profesorado.



2º.) *Reforzar os lazos de colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas a distancia do máster de profesorado que, actualmente, oferta esta institución en Galicia.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Pois grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que pasou o tempo bastante. Xa queda lonxe Bolonia, o Plan, as manifestacións —a min non me colleu, aínda era moi rapaz—. Pero tamén queda lonxe todo aquilo que xa dicía o BNG na época, no 2008, no 2009: que ese plan, sobre todo, por riba doutra cousa, o que ía supoñer era a mercantilización da universidade pública. E o resultado —que tivo moitos, a maioría eran negativos— é que, entre moitas outras cousas, hoxe, a moitos mozos e a moitas mozas sóanlle certos nomes moito máis que antes. Sóanlle moito máis Universidad Internacional de La Rioja, Universidad Antonio de Nebrija, Universidad Isabel I, Universidad CEU San Pablo, entre moitas outras; podería dicir, fácil, dez ou quince máis. E todo isto débese a que cada vez máis mozos e máis mozas deste país lles teñen que pagar directamente unhas cifras absolutamente escandalosas a estas universidades privadas para poder cursar o coñecido polo nome «máster de formación do profesorado».

Eu, directamente, por abreviar un pouco, xa lle pregunto a toda a Cámara, pero en concreto, xa que están moi faladores, aos deputados e deputadas do Partido Popular: ¿canto cren que custa este máster?, ¿canto cren que vale? Non me dan unha cifra. Se o saben, así por dentro, e non mo queren dicir, ¿a vostedes parécelles normal que, cando o soldo anual medio dun menor de 25 anos neste país é de apenas 20.800 euros, haxa rapaces e rapazas deste país pagando 6.000, 8.000, 10.000, 12.000, 13.000 euros polo máster de profesorado porque non hai suficientes prazas públicas? ¿Parécelles normal que haxa xente que teña que pagar a metade do seu salario anual nun máster porque non ten as prazas públicas suficientes para facelo? Eu creo que normal non é. Non é normal destinar a metade do teu soldo para un máster que estás obrigado a facer se queres exercer esa función pública.

Pero, por ser claros, se non aumentan as prazas en diálogo coas universidades, van estar e van seguir arruinando moitos mozos e moitas mozas. Porque xa me dirán como se pagan 10.000 euros cos soldos que hai, e se pagan 500 euros para o aluguer, e tes que facer vida, e tes que pagar transporte e tes que pagar a gasolina. ¿Como se fai?, ¿como se xera aforro?, ¿como se aforra algo a fin de mes? Estas cifras son de todo menos normais, e estamos asistindo a un exemplo evidente de que todo aquilo que ían traer os másters —máis especialización, máis capacidade, máis coñecementos— eu non sei se o trouxeron, pero o que trouxeron, sobre todo, foi máis ganancia das universidades privadas.

O ano pasado xa, en 2024, a nivel xeral e a nivel estatal, por primeira vez na historia, o número de prazas nas privadas superou o número de prazas na pública en canto aos másters. Isto é unha auténtica burrada, se o pensamos noutros sectores da educación. O 50,3 por cento fronte ao 49,7 por cento. Pero é aínda máis burrada se soamente dez anos antes esa cifra estaba no 32,5 por cento. Hai dez anos, só o 32,5 por cento das prazas eran privadas



nos másters en xeral. Entón, ¿que pasou? ¿Fíxose maxia ou que pasou? Pois o que pasou é que se viu negocio. E, claro, se temos, ademais, gobernos do PP, que asfixian financeiramente universidades públicas, pois moitas empresas, moitas universidades privadas viron a súa oportunidade para ofrecer as mesmas titulacións —que non o mesmo coñecemento, que quede dito— e gañar e forrarse, porque é un negocio redondo. E logo xa, se tes Ayusos, se tes Bonillas, se tes Ruedas e se tes Feijóos que che aplanan e che dan a alfombra vermella para poder instalarte en cada unha das comunidades autónomas, ¿que imos dicir?

Pero se falamos, en concreto, dos másters habilitantes, como este do que estamos a falar hoxe de profesorado, as cifras son moito peores. Porque as últimas cifras que temos son que, do total de prazas estatais, 23.000 prazas son públicas e 40.000 son privadas; 23.000 fronte a 40.000. ¿Que diríamos se o total de prazas na secundaria estivese nestas cifras? Estaríamos alarmadísimos. Entón, ¿por que o permitimos nos másters, cando, encima, estamos falando duns másters habilitantes que son obrigatorios?

E aquí podemos entrar un pouco na ideoloxía de «e comprouno, que traballo lle vai dar», pero o que pasa é que moita xente non o pode comprar. Moita xente non pode gastar 7.000 euros, 8.000, 12.500, 13.500 euros nun máster nun ano, non pode. Entón o «e comprouno» queda na casa e na TVG, ou nos gobernos que compra o Partido Popular. Pero diso teremos outro día. Isto é así, sobre todo, cando estamos falando de universidades privadas, ás cales o que lles move é a usura pura e dura. Porque, ano tras ano, están subindo os seus prezos, e poden subilos, porque non se fai nada ao respecto. Cada ano son máis caros e poden seguir gañando máis porque non teñen contra quen competir, porque non hai máis prazas públicas. Máis aínda cando sabemos, a pesar das dificultades que hai neste país para obter datos propios galegos, que en torno a tres de cada catro alumnos e alumnas deste país quedan sen prazas, soamente calculando as prazas públicas e a oferta pública galega que hai; os que solicitan e as prazas públicas que hai. Tres quedan fóra, é unha absoluta animalada. Témonos que preguntar como permitimos estas cifras; en ningún outro sector da educación as permitiríamos.

¿Como podemos permitir que un máster, que é obrigatorio se alguén quere exercer unha profesión regulada no Estado español, na maioría dos casos, teña que pagar unha absoluta millonada para posteriormente opositor? Porque, ademais, teñan unha cousa clara: o prezo dos másters na privada non vai deixar de subir. Iso está claro, é o negocio perfecto. Teño un goberno amigo nunha comunidade autónoma que asfixia financeiramente as universidades públicas, logo deixa unha alfombra vermella para poder instalar as miñas universidades privadas a pesar de que non cumpran os criterios da lexislación autonómica —dá igual— e logo non deixa competir en pé de igualdade as públicas contra min. Pois *win win* —como se soe dicir—, e imos instalar máis universidades privadas. E xa se está comezando a ver en Galiza, cada vez con máis forza. Estámolo vendo en Santiago, en Vigo e na Coruña: o Cesuga, a Universidade Intercontinental da Empresa etcétera.

Entón, por resumilo xa, nesta proposta do BNG, queremos propoñer eu creo que algo tan sinxelo e entendible como que os mozos paguen 600 euros polo máster e non 6.000, nin 7.000, nin 8.000, nin 12.000, nin 13.500. Eu creo que é de puro sentido común. Propoñemos que o Goberno deixe a un lado a guerra contra as universidades públicas —eu creo que ab-



solutamente triste e penosa, como se está vendo nos últimos días — e dialogue con elas para ofrecer máis prazas no mestrado de profesorado. E vostedes, señoras e señores do Partido Popular, pois terán que decidir se prefiren que cada día os alumnos e alumnas deste país vaian coñecendo máis a Universidade CEU San Pablo ou a Universidad Nebrija, e menos a USC, a UDC ou a UVigo. Alá vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Vázquez Suárez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Mire, señor Castro, se tes Rueda —que é o que temos en Galicia—, educación gratuíta dende infantil ata a universidade. (*Aplausos.*) Iso é o que ocorre se tes a Rueda. (*Murmurios.*) Si, si. A primeira e a única comunidade autónoma de todo o Estado español. (*Aplausos.*)

Pero, ben, en fin, o que vén propoñer hoxe o BNG é exactamente a liña de traballo que dende o Grupo Popular se vén defendendo e impulsando nos últimos anos, así que benvida sexa a coincidencia. Coincidencia no fondo; non na forma. Porque, señor Castro, as prazas non as limita a Xunta de Galicia —e vostede sábeo perfectamente—; son as universidades as que propoñen o número de prazas en función da súa capacidade docente. E isto non o di esta deputada; isto dío quen vostede sabe que o di. Precisamente por iso, dende o Partido Popular, propoñemos unha emenda que, na primeira parte, di que «o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a solicitar, en diálogo coas tres universidades públicas galegas, o aumento no número de prazas».

Efectivamente, cómpre lembrar que o mestrado en profesorado é unha titulación habilitante, que é un requisito indispensable para acceder ao corpo docente tanto de secundaria, como de formación profesional, bacharelato e escolas oficiais de idiomas. Por iso, garantir, loxicamente, unha oferta suficiente de calidade é un obxectivo esencial da política educativa galega. Hoxe, en Galicia temos arredor de 800 prazas para este mestrado, e o Goberno galego leva moito tempo analizando ese desaxuste que hai entre a demanda e oferta de prazas; un desaxuste que, por certo, non é só exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, senón que é común a todo o Estado español. E isto, ¿que provoca? Provoca dúas consecuencias claras. Por unha banda, o incremento das matrículas nas universidades privadas, e, pola outra, a escaseza de perfís profesionais moi específicos, mentres noutras áreas hai exceso de titulados.

O conselleiro de Educación, precisamente, reuniuse recentemente co reitor da UNED en Madrid para trasladarlle unha proposta concreta de aumento de prazas na modalidade á distancia en Galicia. Tamén, loxicamente, mantén un diálogo permanente coas tres universidades públicas galegas para acordar un incremento equilibrado e sostible da oferta; especialmente, nas áreas con máis necesidade, que son Física e Química, Matemáticas, In-



formática, Tecnoloxía de Máquinas ou Tecnoloxía de Sistemas. E, señorías, xa en febreiro deste ano, o Grupo Popular presentou nesta Cámara unha iniciativa na que se instaba a Xunta a reforzar precisamente esa colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas á distancia deste mestrado, que é a nosa segunda parte da emenda. É dicir, señor Castro, o Partido Popular non se incorpora hoxe a este debate. Levamos moitos meses traballando nesta dirección con propostas concretas.

Agora ben, este debate non pode limitarse só á cantidade de prazas; debemos falar tamén de calidade e da adecuación da formación á realidade do sistema educativo. Por iso, o Goberno galego tamén pediu ao Goberno central que actúe en dúas fronteas: unha, para axustar a oferta das facultades á demanda real do sistema educativo, e a outra, para mellorar a formación e as competencias do profesorado, revisando tamén uns temarios totalmente desactualizados e desconectados do que é a realidade dos centros de ensino.

E, señorías, falando de universidades, tamén quero facer unha reflexión: precisamos institucións académicas centradas no seu labor docente e investigador. Vímolos estes días cando a UDC decidiu substituír a bandeira de España pola bandeira palestina. Dende o Grupo Popular, por suposto, respectamos todas as causas xustas, respectamos a liberdade de expresión, pero defendemos con firmeza que as universidades deben manter a súa neutralidade institucional e centrarse na formación e na excelencia académica.

Falaba hai un momento de respecto, e, falando de respecto, tamén me gustaría facer outra reflexión. O que vivimos nesta Cámara nas últimas sesións e mesmo nas redes sociais dalgúnda deputada é algo inaceptable. Que unha deputada do Partido Socialista insinúe que un deputado do PP ten secuelas mentais por ter padecido a covid; (*Aplausos.*) que un alcalde —presidente da Deputación de Lugo, en concreto— se refira a unha compañeira desta Cámara dicíndolle que a mocidade é unha enfermidade que ten cura, e que unha deputada do Bloque Nacionalista Galego chame o Grupo Popular «panda de psicópatas», non son bromas nin ironías. (*Aplausos.*) Son insultos, son ataques persoais e son unha vergoña para esta Cámara.

Ridiculizar quen sufriu unha enfermidade grave é inhumano, e é, ademais, unha auténtica barbaridade, porque todos sabemos cales son as consecuencias da covid, con secuelas reais, que poden ser tamén cognitivas e neurolóxicas, que afectan o desenvolvemento mental e a calidade de vida de moitas persoas. Facer burla diso é facer burla do sufrimento de milleiros de galegos e galegas. Dicirlle a unha deputada moza que a xuventude é unha enfermidade que ten cura non é ningunha broma; é o reflexo do que o PSOE pensa da mocidade. Esta frase encerra un desprezo profundo, unha visión anticuada e elitista da política, como se ser novo fose un defecto e non unha oportunidade. (*Aplausos.*) Nós pensamos que é unha oportunidade. (*Aplausos.*) E, xa, ¿que dicir de chamar «panda de psicópatas» a un grupo parlamentario completo? É algo que sobrepasa absolutamente todos os límites da educación, da decencia e da ética democrática. É unha mostra de intolerancia, de odio e de absoluta falta de respecto cara a quen pensa diferente.

Dende o Grupo Popular, non imos aceptar nin un insulto máis, porque, cando se insulta un deputado, insúltanse todos os galegos que o elixiron democraticamente. E, cando se degrada tanto o debate, o que se debilita non é o PP; é o propio Parlamento de Galicia. Pero bueno,



cada un ao seu. Nós seguiremos facendo política con respecto, con argumentos e con valores —e, por suposto, sen risas, porque estou falando dun tema que creo que é bastante serio, pero bueno; vostedes sigan rindo, dá igual—, porque a política é un exercicio de contraste; non de desprezo. É un servizo público; non unha agresión persoal.

E, como lle dicía ao inicio ao señor Castro, con ese tal Rueda, somos a única comunidade autónoma dende infantil ata a universidade gratuíta, e levamos quince anos coas taxas universitarias conxeladas. *(Aplausos.)* O resto xa llo deixamos a vostede. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas, presidente.

A verdade, señorías, ter que escoitar aquí que se vén degradar o Parlamento cando unha deputada, que vén falar dunha proposición non de lei que fala da universidade, o único que fai é non falar xustamente do contido da iniciativa, *(Aplausos.)* iso si que é degradar ao Parlamento; ¡degradar con insultos que escoitamos permanentemente neste hemiciclo!, je, si, persoais! *(Aplausos.)* Polo tanto, non veñan dar leccións vostedes de degradar o Parlamento, por favor. *(Aplausos.)* Pídolles por favor que non veñan vostedes dar leccións aquí de nada, e menos de insultos persoais.

Ben, eu si vou falar do contido desta iniciativa porque é xustamente para o que vimos aquí debater. Vimos tratar unha cuestión que, efectivamente, xa se puxo de manifesto, que xa foi abordada no mes de febreiro xustamente neste mesmo Parlamento. O día 27 de febreiro de 2025, o Partido Popular, evidentemente, dirixíase a unha institución que non era galega para exixir algo —claro, ¿como non?—, como fai no 80 por cento das solicitudes que presenta —como xa vimos estes días na prensa—, como fai con todas as solicitudes que presenta no Parlamento galego para dirixirse —¿como non?— ao Goberno de España. Porque esa é a política que fai o Partido Popular para defender Galicia. Ben, pois vimos como ese día, o 27 de febreiro, se presentaba esa iniciativa por parte do Partido Popular e se presentaba unha emenda por parte do Partido Socialista; xustamente unha emenda que se recollía e que, polo tanto, conlevaba que aprobásemos esa iniciativa por unanimidade —27 de febreiro de 2025—. ¿Que se engadía nesa proposta inicial? Xustamente o que hoxe debatemos: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar os lazos de colaboración coa UNED...»; pero engadíase, á raíz da nosa emenda: «...así como a promover que as universidades públicas do Sistema Universitario Galego incrementen a súa». Iso foi o 27 de febreiro. É a pregunta é: ¿que fixo a Xunta de Galicia durante todo este tempo para traballar nesa liña? Porque está moi ben que nos veña aquí a deputada do Partido Popular dicir que o conselleiro mantén reunións periódicas. Está ben que manteña reunións periódicas; co da UNED non, co da UNED ten reunións puntuais para abordar temas puntuais. A pregunta é: ¿manteve reunións puntuais para abordar este tema cos reitores de Galicia, o conselleiro de Galicia, de Educación de Galicia, da Xunta de Galicia? E que a verdade é que xa empeza a rozar o ri-



dículo a cuestión permanente de que temos que vir aquí, no Parlamento dos galegos e galegas, escoitar soamente o Partido Popular atacar por atacar o Goberno de España.

E, polo tanto, xa que supostamente se fixo todo ese traballo, de nada serve que hoxe veñamos debater unha cuestión e que a aprobemos por unanimidade se despois a Xunta de Galicia non vai facer nada. Porque nunca ten competencias. Eu o que non entendo é para que o Partido Popular quere gobernar en Galicia, porque despois, cando lle chega a hora de remangarse e traballar, di que nunca ten competencias; ou son os concellos, ou é Pedro Sánchez ou, se non, serán os reitores, as universidades... Nunca teñen nada que facer. É que entón non entendo para que queren gobernar. Estaría ben que nolo explicasen. Fagan as súas propias funcións, para iso realmente vostedes foron escollidos. Pero ¿non fachendean tanto de que gañaron as eleccións? Pois exerzan as súas funcións.

E xustamente por iso hoxe podería parecer que nós estamos reiterando ou repetindo este debate, pero é que nos parece acaído, a verdade. Evidentemente imos sumarnos a esta proposición non de lei e imos apoiala. Porque nos parece moi importante, porque falamos de modelo, coma sempre. Falamos de modelo público e modelo social. Porque non soamente as persoas que teñan recursos para poder pagar un mestrado que é habilitante para poder desenvolver unhas funcións tan importantes como as de profesorado deberían ser as que poden realmente acudir a eses mestrados.

E por iso hoxe esta iniciativa o que pide é algo lóxico: que as universidades públicas de Galicia o que teñan é un aumento das prazas para que teñamos máis profesorado, que non teña que marchar, incluso, da nosa comunidade autónoma para poder desenvolver esas funcións. ¿Cantos debates non temos aquí do profesorado que nos fai falla e da necesidade que temos dunha boa formación? E, polo tanto, no que temos que traballar tamén é na formación previa que van ter esas persoas. E por iso as universidades públicas o que teñen que garantir é que haxa prazas suficientes para que a xente poida acceder e que non queden á marxe todas as persoas que por cuestión de renda non poden acceder. Pagar 5.000, 8.000 ou 10.000 euros por un máster, por desgraza, é o que ten que facer a propia mocidade galega se quere concorrer. Pero a semipresencialidade dun máster non soamente temos que quedarnos con que é a propia UNED a que a ten que facer. ¿Por que non podemos apostar porque o faga a propia universidade galega? ¿Por que temos que recorrer a que o faga a UNED? ¿Que pasa, as nosas universidades non o poden facer? ¿Por que non o poden facer? ¿O conselleiro de Educación está falando diso coas universidades galegas ou soamente lles pon deberes ás universidades galegas?

E a verdade é que é lamentable ter que vir aquí e escoitar como unha deputada do Partido Popular veu faltarlle ao respecto a unha universidade pública de Galicia como é a Universidade da Coruña. ¡É lamentable! (*Aplausos.*) Se vostedes exixen respecto, respecten as institucións do noso país, respecten a Universidade da Coruña, respecten as universidades de Galicia e respecten, sobre todo, esa autonomía que aquí din que teñen para poder aumentar os mestrados, pero que vostedes non lles recoñecen para as propias decisións en liberdade que toman. Polo tanto, a liberdade exerceuse e a liberdade respéctase, pero non se vén aquí criticar cunha man e se volve dicir coa outra que «liberdade toda, pero que mal o fixeron». Respecten as universidades e respecten, polo tanto, con maior financiamento para que a universidade pública poida desenvolver todas as súas funcións e poida aumentar todas estas prazas que son tan necesarias.



Cando o 70 por cento —datos que estamos coñecendo— ten que renunciar a poder estudar nunha universidade pública claro que o Parlamento galego e, sobre todo, a Consellería de Educación e a Xunta de Galicia teñen que estar preocupadas por este tema. É que a cuestión é que, despois de meses de ter aprobado por unanimidade esta Cámara esta cuestión, seguimos sen ningún avance. Esa é a conclusión que hoxe podemos sacar. Meses despois a Xunta de Galicia non fixo nada, coma sempre.

Porque si... Rían, rían. É que a verdade é que é para rir. Pero é que os mozos e mozas que non poden pagar un mestrado aquí na nosa comunidade autónoma non poden rir, o que teñen que facer é chorar. E ao mellor faille moita graza que os mozos e mozas de Galicia o que teñan que facer é chorar por non poder continuar os seus estudos de mestrado, pero a min non me fai nin pinta de graza. *(Aplausos.)* O que me dá moita lástima é que a Xunta de Galicia en vez de rir non faga o seu traballo, que iso é o que tería que facer, en vez de vir aquí rir.

Polo tanto, polo que temos que traballar é por que o sistema universitario sexa público, pero público forte, accesible e que todos e todas realmente poidan desenvolver os seus estudos na nosa universidade, na que todos e todas queremos, aquí na nosa terra. E, por suposto, a Xunta de Galicia o que ten que facer é traballar da man das universidades para que todos eses mozos e mozas non teñan que marchar con esa maleta que lles daba Feijóo para que tivesen que renunciar a quedar na súa terra, non só para traballar, senón agora tamén para estudar.

E, polo tanto, conclúo con algo que cundiu moi ben cando nós o presentamos, que pedimos a gratuidade das primeiras matrículas na Universidade, e ao final o señor Rueda fíxoo. *(Murmurios.)* Pero a proposta... Si, si, pódeno reivindicar, pero quen o propuxo foi o Partido Socialista. Si, si, dóelles, pero é a realidade. *(Aplausos.)* Presentouno o Partido Socialista e despois o señor Rueda sumouse ao carro. Pero benvidos, benvidos, a ver se agora tamén se suman. Pero, en vez de vociferar, ¿por que non se suman á proposta? *(Murmurios.) (Aplausos.)* Súmense á proposta, á gratuidade tamén dos mestrados, da primeira matrícula dos mestrados. Agardo, señorías do PP, que deixen os berros e que se sumen ás reivindicacións da mocidade galega. ¡Que non nos van atemorizar polos seus berros, señorías do PP!

Moitísimas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Antes de nada quero agradecer o voto positivo do Partido Socialista.

Ben, señora Vázquez, falando de respecto, aquí unha «hiena do clan de hienas» ten algo que dicir, así de claro. Unha pregunta: ¿para que queremos a Trump se temos o Partido Popular de Galicia? ¿Para que, eh? *(Aplausos.)* Porque este ataque ás universidades públicas sen ningún tipo de sentido é que non o entende ninguén, ninguén. Ou sexa, non lles molesta que a Universidade da Coruña lles estea a dicir que coa falta de financiamento non teñen cartos nin



para o gasto estrutural. Non lles molesta nin que os tres reitores das universidades públicas deste país lles desmintan que están dedicando o un por cento do PIB ás universidades e ao orzamento das universidades, que están dedicando só o 0,6 ou o 0,7. O que os molesta é que unha universidade pública pendure unha bandeira dun país que está sufrindo un xenocidio. ¿Iso é o que os molesta? (Aplausos.) ¿Iso é o que os molesta? Envolverse na bandeira española mentres van 70.000 mortos; que me protexa a bandeira española, porque é o que me preocupa. (Aplausos.) Non me preocupa o financiamento público, non me preocupa que as universidades estean a dicir que case non lles poden pagar aos profesores, que está case en concurso de acredores a Complutense polas súas políticas «públicas» —por dicir algo—. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Teño aquí uns ultras que me están interrompendo. Dígalles algo, presidente. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: Tranquilos.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Entón, volvan facer algaradas, volvan facer manifestacións, volvan facer roldas de prensa porque lles quitaron a amada bandeira española por algo tan sinxelo como mostrar aprecio; ou xa non vou dicir aprecio, un mínimo de humanidade, de ser persoas, ser boa persoa e non ser un mesquiño, de apoiar un país que está sufrindo e segue sufrindo un xenocidio. Porque xa hai que ser mala persoa, que o que os molesta é que quiten a bandeira española e poñan a bandeira de Palestina. (Aplausos.) E, mentres tanto, da universidade pública, nada; do financiamento estrutural, nada.

E, claro, logo é moi fácil esconderse detrás do «no, es que es cosa de las universidades». ¿Como van aumentar o número de prazas públicas se non teñen financiamento case para pagarlles aos profesores e profesoras? E que é moi sinxelo dicir iso, é moi sinxelo.

E logo *el tema, la UNED*. A UNED. É que, aínda por riba, facendo os cálculos hoxe das 690 prazas que hai na UNED a nivel estatal para este tipo de mestrado, 85 son en Galiza; 85 de 690. Do total de prazas ofrecidas neste máster, do total de prazas ofertadas deste máster, as que están na UNED son xa o 10,3 por cento. A UNED ten que ser algo auxiliar, porque é educación a distancia; non pode ser o central. Non, claro, porque é moito máis fácil reclamarlle ao Estado, é moito máis fácil reclamarlle ao Estado. En cambio, as 740 que temos apenas no sistema universitario galego, ¡ah!, imos reclamarlle ao Estado. Cando estamos sobrerrepresentados, porque do total de prazas, ademais, que ten o Estado desde a UNED corresponde o 12,5 por cento, cando Galiza a nivel poboacional representa o 5,6. Pero os deberes que os faga outro. Aquí estamos poñendo algo sinxelísimo: non se pode axudar a que tres de cada catro rapaces e rapazas teñan que pagar ata 12.000 euros por un mestrado que están obrigados a facer se queren opositar. É sinxelísimo. Se queren seguir enredados con que os molesta a bandeira de Palestina, pois espero que durman ben pola noite. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda? ¿Non?

DANIEL CASTRO GARCÍA: Quedou claro que non. Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Vale, grazas.



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Hoxe o Partido Socialista vén aquí falar de fomentar a agricultura e a gandería extensivas, de impulsar o Banco de terras e de que se adopten medidas que contribúan ao relevo xeracional. Creo que é unha cuestión que deberíamos cando menos compartir todos e todas. E, ademais, ¿para que queremos isto? ¿Para que? Para manter o rural poboado e vivo. Tan sinxelo e tan categórico.

Referirémonos á última etapa do Goberno do Partido Popular. Xa só imos facer alusión a estes últimos dezaseis anos continuados, porque poderíamos falar dos trinta e tantos que levan no Goberno da Xunta de Galicia, pero ímonos centrar só nestes dezaseis continuados. Tamén é certo que vostedes o que fan moitas veces é cambiar de conselleiro ou conselleira. Parece que resetean, poñen o contador a cero e xa non teñen pasado. Pero se practicasen isto nos últimos dezaseis anos, se tivesen en conta estas cuestións, non estaríamos a vivir estes incendios de sexta xeración que vivimos este verán. E o de sexta xeración non son porque os herdamos dos nosos ancestros, jeh!, nin dos tataratatarataravós. O de sexa xeración é porque son moito máis virulentos, porque son moito máis veloces, porque son moito máis imprevisibles e moito máis incontrolados. Isto débese tamén a esta máxima do cambio climático, que, dependendo do día, apoian ou non apoian. Hoxe ao señor Rueda tocoulle non aceptar o cambio climático, porque foi facer a foto a Lugo ao lado do presidente Mañueco, (*Aplausos.*) que está ás ordes e ditado do que di Vox en políticas de incendio e de medio rural. Polo tanto, hoxe ao señor Rueda non lle tocou aceptar o cambio climático.

Pero ¿cal é o modelo que defende o Partido Popular? Porque nós defendemos esas pequenas e medianas explotacións, defendemos esa agricultura e gandería extensivas. Porque, ademais, non obedece a outra cousa que atender á nosa realidade: á orografía, á dispersión e ao tamaño das parcelas. —¿Non lle gusta? Non—. Ben, a orografía —como dicía—, a dispersión e o tamaño das parcelas. A orografía é case imposible de mudar, e á parte creo que non sería nin propio, porque é un sinal de identidade de Galicia. Galicia non se entendería como é sen a súa orografía nin tería o valor que ten a nosa comunidade autónoma sen ese sinal de identidade. A dispersión: difícil, poderíase atallar ou facer que se crecese nas zonas rurais e ao mellor había algo máis continuado e, polo tanto, menos dispersión. O tamaño das parcelas, que sería case o máis doado de facer. Pero isto demostra a incapacidade do Partido Popular durante dezaseis anos para resolver este problema. Porque nin con concentracións parcela-



rias, que levan nalgún caso décadas, nalgún caso máis de vinte ou trinta anos iniciadas e sen pechar. E deses vinte ou trinta anos a maioría son dos gobernos do Partido Popular.

Imos falar dalgúns datos que ás veces debuxan moi ben a realidade. Na última década pecháronse en torno ao cincuenta por cento das explotacións. En tres anos, 1.100 explotacións de leite, o que vén sendo unha explotación por día. Estase a pechar unha explotación por día e o Partido Popular pechando os ollos e negando esta realidade. Isto, ademais, supón unha redución de case un corenta por cento do emprego xerado nesas explotacións. E ese emprego, á parte de xerar riqueza que contribúe moito tamén ao noso PIB, fai que se aumente o despoboamento, fai que a xente deixe de vivir no rural.

E outro dato: hai un 25 por cento de hectáreas menos que están a produción. Claro, como para o señor Rueda só arden as pedras e as matogueiras pois imos sumarlle máis matogueiras para que estes incendios dos tataratataratataravós poidan seguir propagándose. É a realidade, esas terras abandonadas teñen nome e apelido, e o nome e apelidos desas terras abandonadas chámase Partido Popular e as políticas que practica o Partido Popular. (*Aplausos.*) Si, si, porque tampouco incentivamos os bancos de terras públicos, tampouco apuramos as concentracións, porque para iso hai que dedicarlle recursos económicos, pero hai que dedicarlle tempo, ganas e traballo. Tempo, ganas e traballo, que non teñen.

Pero miren, máis datos: entre o 2016 e o 2023 pasaron de 76.406 a 41.507, reduciuse máis dun 45 por cento o número de explotacións. E destas explotacións case un 23 por cento das existentes, das que quedan, teñen menos dunha hectárea. Só hai un 0,86 por cento que supera as 100 hectáreas.

Polo tanto, ¿que tipo de modelo temos que defender? ¿Que tipo de explotacións queremos en Galicia? Nós temos claro que son esas pequenas e medianas explotacións que se asentán por todo o territorio, que xeran riqueza, que xeran emprego e que, ademais, contribúen a evitar os despoboamentos. Pero, se temos en conta os titulares das explotacións, o 72 por cento teñen máis de 55 anos e só un 3,5 por cento teñen menos de 35 anos. Despois vimos aquí sacar peito dos plans de remuda e de que ben funcionan, de cantos mozos se incorporan e de que ben se está a facer ese relevo xeracional, pero só supoñen os menores de 35 anos —somos xenerosos co xoves— o un por cento.

A isto hai que sumarlle o prezo xusto, porque están vendendo por debaixo dos custos de produción. Nas explotacións galegas, por vender por debaixo destes custos, estímaselles unha perda de ingresos duns 127 millóns de euros ao ano, que deixan de ingresar por estas cuestións. Pero cando pedimos o observatorio do leite para que poidan ter un lugar de diálogo, de comunicación, para poder poñelo enriba da mesa, vostedes din que non. Sen entrar xa nas súas composicións, que xa foi lugar doutro debate, porque aquí as mulleres... Tanta defensa das mulleres así, coa boca pequena, porque onde hai que defendelas é no DOG, e aí poucas veces se defenden, porque as mulleres pasamos a ter carácter rotativo. Podemos engadir a xestión da PAC, os plans de mellora, os plans de incorporación e a postura, incluso, do propio Partido Popular na Comisión Europea, con esa redución do 20 por cento que se lles olvida dicir que é proposta do Partido Popular Europeo. Vostedes aquí piden exixencias ao Goberno central para que defenda, pero non son capaces de trasladárllelo aos seus compañeiros e compañeiras.



O modelo que defendemos dende o Partido Socialista é o modelo de explotacións extensivas orientado a pastos, ganderías de pastoreo, agricultura extensiva... Porque isto, ¿que permite? Permite cumprir funcións agroambientais, mantemento de pastos, conservación da biodiversidade, vertebración do rural, incorporación de xente nova, cohesión do territorio e a comunidade local, fortalecer o emprego ou fortalecer a economía rural, evitar o despoboamento —polo que favorece tamén o mantemento de servizos, de médicos, de escolas, residencias— e poderíamos seguir con un longo etcétera. E, tamén, o que evita son incendios. Polo tanto, o Partido Popular é o gran culpable da situación e da vaga de incendios que vivimos durante o último ano. Si, si, si, pola falla de política. *(Aplausos.)* Porque se puido minimizar. Hai cuestións que non se poden evitar, pero si se poden minimizar. E iso débese ás políticas que se practican, iso débese a que modelo defendemos e iso débese a se temos convicción ou non convicción de apostar polo rural.

Os galegos e as galegas non olvidan tampouco. Igual que os valencianos e as valencianas por moito que agora dimita Mazón non lle van olvidar a mala xestión e a ausencia de xestión, os galegos e as galegas...

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Ten que rematar.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...—remato presidenta— do rural tampouco lle van olvidar as políticas que está realizando o Partido Popular, sobre todo no que se refire á vaga de incendios sufrida este verán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señora Méndez.

Grupo Mixto. *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) Declina.*

Entón agora é a quenda do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta, señorías.

Uns pequenos datos para contextualizar o problema do agro galego. A poboación ocupada no sector agrario experimentou en Galiza unha intensa caída nas últimas décadas, ata quedar reducida a unhas cincuenta mil persoas. Esta diminución veu acompañada dun crecente incremento da idade das mulleres e homes titulares das explotacións agrogandeiras. Segundo datos do censo agrario, só o 3,5 por cento das explotacións agrarias galegas teñen á súa fronte unha persoa menor de 35 anos, mentres que o 72 por cento dos titulares das explotacións teñen 55 anos ou máis de idade. En resumo, nos próximos anos xubilarase máis do 70 por cento dos titulares das explotacións agrogandeiras galegas e, o que é máis grave e o que é máis importante, a grande maioría no día de hoxe sen perspectivas de remuda xeracional. A situación afecta tamén unha parte importante das explotacións de mediana e grande dimensión. Os datos apuntan mesmamente a que nos estratos de superior tamaño, de produción



superior aos 50.000 euros, hai ao redor do corenta por cento das explotacións cuxo titular ten 55 anos ou máis, incluso nun dez por cento teñen máis de 65 anos os titulares. No sector leiteiro, o máis importante na produción final agraria, bota o peche unha media dunha explotación diaria e xa quedan no noso país, en Galiza, menos de cinco mil explotacións.

Estes datos poñen de manifesto a gravidade da situación en Galiza e a importancia do problema da remuda xeracional no sector. Se falamos da superficie agraria útil, no último decenio —no que vostedes, señorías do Partido Popular, levan gobernando— perdéronse máis de cincuenta mil hectáreas de superficie agraria útil. Galiza ten neste momento un 20 por cento de SAU, mentres que o Estado español ten un 47 por cento. A desertización poboacional en amplas zonas do territorio galego é xa un feito a teor dos datos. Concellos rurais nos que as explotacións agrogandeiras practicamente están desaparecidas.

Señorías, este problema das nosas explotacións traerá consecuencias nefastas en catro aspectos: aspecto económico, de produción de alimentos e de garantir a actividade agraria, para o cal é imprescindible que haxa unha remuda xeracional; perspectiva social, para manter o tecido nas áreas rurais —sen explotacións agrogandeiras desaparecerá o noso rural tal e como o coñecemos actualmente—; xestión do territorio e usos da terra, cambios que provocan problemas entre os que podemos destacar o incremento de superficies abandonadas e o conseguinte risco de grandes lumes, tal e como se manifestou neste verán; e, por último, o cuarto, a perspectiva ambiental, as explotacións agrogandeiras levan centos de anos no noso país e, polo tanto, temos un ambiente, unha paisaxe e unha biodiversidade fortemente entrelazada coa actividade agraria.

Señorías, agora, despois deste pequeno preámbulo, pensen un momento. Recapaciten e analicen, que está ben analizar e recapacitar de vez en cando, que iso non está nada mal. Así que, señorías, ¿que opinan do rural galego? ¿Que lles parece o sistema agrario galego? ¿É importante o sector agrario para Galiza? ¿Son importantes as nosas parroquias, as nosas aldeas? ¿Que lles parece a política agraria da Unión Europea? ¿É acertada esta política para Galiza? ¿Hai alternativas a estas actuacións da Política Agraria Común? ¿Que fai e debe facer o Goberno galego, a Xunta de Galiza, co sector agrario e forestal? ¿Debe exercer a Xunta de Galiza as súas competencias no campo agrario? ¿Están de acordo coas políticas da Xunta do Partido Popular para o sector agrario? ¿Debe darlle un xiro ás súas políticas ou parécenlles ben encamiñadas?

Señorías do Partido Popular, estas son dirixidas especificamente a vostedes. ¿Cal é o seu modelo para o noso rural? ¿Consideran que hai suficientes explotacións agrarias ou que sobran? ¿Cara a onde queren conducir o territorio da Galiza? ¿Que futuro queren para o noso sistema agrario? Como grupo que sustenta o Goberno galego, a Xunta do Partido Popular, ¿que modelo de territorio queren para a nosa terra? ¿Queren as explotacións familiares que habitan e manteñen o territorio ou macrogranxas de miles de cabezas que ocupan unha pequena parte do territorio pero sen poboación? ¿Queren parroquias e aldeas habitadas por mulleres e homes, por cativos, ou pretenden que a poboación desapareza? ¿Están de acordo coa eucaliptización de Galiza? ¿Parécenlles indicadas as explotacións agrogandeiras para evitar os incendios? ¿Como pensan solucionar a vaga de lumes que asolan Galiza, como a deste verán? Señorías, ¿consideran que hai suficientes mozas e mozos no rural galego? ¿Parécenlles adecuado o número de persoas mozas nas explotacións agrarias galegas?



Non sei se son moitas preguntas para vostedes, señorías do Partido Popular, non sei se son capaces de asimilalas todas. Non sei se pensan, non sei se algunha vez pensaron ou se fixeron estas preguntas. Por se acaso voulle facer algunha máis, por se acaso non lles quedou claro. Señorías que manteñen o Goberno da Xunta, o Goberno de Rueda, ¿a que se dedica a Consellería do Medio Rural? ¿Que fai polo sector agrogandeiro? ¿Que políticas desexa e para que serve? ¿Cara a onde camiñamos con estas políticas que se aplican no rural galego? ¿Están de acordo coa proposta da Comisión Europea, gobernada polo Partido Popular Europeo do que forman parte vostedes de dedicar 800.000 millóns de euros a armas? ¿Están de acordo con esa proposta de rebaixar un mínimo do 22 por cento os fondos da PAC para destinalos a esas armas?

Señorías, son preguntas importantes, son cuestións de transcendencia para a nosa terra e para Galiza. Son preguntas necesarias e necesitan respostas. Señorías, ¿que solucións traen desde a Consellería do Medio Rural para este ano 2026? Resúmense nunha concreta, moi concreta: *más eucalipto, para que lo entiendan*. Proxectos contrarios ao noso territorio, como Altri, y *más eucalipto, para que lo entiendan*. Nos orzamentos do 2026 a proposta máis importante, e que eclipsa todo o resto, é declarar esa moratoria trampa que vai permitir seguir eucaliptizando Galiza durante os próximos cinco anos. ¡Que gran solución para este país e para o rural, señorías do Partido Popular! Para o resto, para a remuda xeracional, para a recuperación da superficie agraria útil, para as explotacións extensivas, para iso non hai apuro. Se acaso, outra vez, outro ano; ou, se acaso, nunca.

Señorías, se atendemos á proposición que fai o Grupo Socialista, vai do rural, de explotacións agrogandeiras, sobre todo extensivas, de remuda xeracional, de superficie agraria... Aínda que non concreta e se queda nunha proposta xeral que non mostra exactamente as propostas do grupo. Baséase nun exercicio de voluntarismo sen ningunha demanda concreta para ese plan estratéxico. Unha proposta sen ningún horizonte de presentación nin de dotación económica, agora que estamos cos orzamentos do ano 2026. Nese aspecto quédase un pouco coxa á hora en indicar as súas propostas.

En resumo, e dada a situación que está a padecer o medio rural galego, nótase en falta un horizonte temporal para que sexa presentado o antedito plan. Estamos nun momento crucial no que aínda se poden arbitrar solucións para que o noso rural non desapareza. Moitas comarcas do noso país non poden esperar máis, sobre todo nesas zonas de montaña nas que a gandaría en extensivo está desaparecendo.

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Ten que rematar, señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: O futuro do agro galego vai de remuda xeracional, vai de explotacións agrarias, de mozas e mozos para o agro galego, vai de superficie agraria útil. O futuro sempre son as persoas mozas, as que teñen a vida por diante, as que poden ter fillos e transformar o mundo no que vivimos. Señorías, hai que ter conciencia da situación. Galiza debe apostar polo rural. Galiza debe apostar por un rural habitado con mulleres e homes e con explotacións agrogandeiras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señor Fernández.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Grueira Fernández.

NICOLE GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Xa sabemos que o papel todo o aguanta. Creo que quedou bastante claro cos discursos que acaban de soltar agora mesmo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista.

Veñen aquí facerlle mala publicidade ao rural, asegurando que non hai futuro nel, que a mocidade non aposta por un proxecto de vida no rural e que a Xunta de Galicia non coida quen coida o sector. Eu non sei se é que non pisades o rural ou non coñecedes á realidade; ou non a queredes ver, quizais é iso. Pero por iso vouvos dar uns datos. Dende o 2009 máis de cinco mil mozos incorporáronse ao sector grazas ás axudas da Xunta de Galicia. Só en 2024 foron 320, máis de 130 agricultores e subvencionáronse 370 plans de mellora. Se isto non é futuro, ¿que o é, señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista? *(Aplausos.)*

A Xunta de Galicia continuará apostando pola xuventude e polo sector. Continuará apostando pola xuventude porque a xuventude é futuro, señorías. Aínda que para o Partido Socialista a xuventude é unha enfermidade. Así o deixou claro o presidente da Deputación a semana pasada nesta Cámara. ¡Unha vergoña! *(Aplausos.)* Espero que pida desculpas, porque non só me está faltando a min ao respecto, senón que llo está faltando a toda a xuventude.

Pero vostedes sigan así, demostrando que non coñecen a realidade de Galicia nin saben o que é o rural, porque mentres tanto a Xunta de Galicia seguirá demostrando con feitos o seu compromiso. Así o reflicten os orzamentos para 2026, os máis altos da historia da Consellería do Medio Rural. Si, señora Méndez, 708 millóns de euros para seguir apostando polo rural. Uns orzamentos que duplican recursos para acompañar os novos proxectos, modernizar explotacións e consolidar un rural competitivo. Uns orzamentos que apostan pola remuda xeracional con máis de 24 millóns de euros, que blindan esas axudas ás incorporacións da xente nova, axudas para os novos agricultores ou axudas para cedentes de explotación. Uns orzamentos que reforzan todos os apoios ao emprendemento rural, como o programa de titorización, ao que se duplica o orzamento ata chegar aos 850.000 euros para acompañar máis persoas novas que deciden iniciar o seu proxecto de vida no rural. Uns orzamentos que destinan máis de dezaseis millóns de euros para a reestruturación parcelaria, case catro millóns de euros máis que en 2025. Uns orzamentos que destinan, por primeira vez, máis de cinco millóns de euros a promover servizos básicos en asentamentos rurais, para mellorar a vida das persoas que apostan por vivir nas nosas aldeas galegas.

E claro que si que o Goberno seguirá impulsando todos os instrumentos de mobilización, como ese banco de terras, o banco de explotacións. Por certo, o banco de explotacións, esa ferramenta fundamental para garantir a remuda xeracional e tamén a ordenación do territorio que foi froito da Lei de recuperación de terra agraria, da que vostedes, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista, non foron capaces de votar a favor. *(Aplausos.)* Eu entendo que se poidan arrepentir do seu voto, pero vostedes sempre están do lado do «non». E, como poden comprender, para que o entendan, os orzamentos son fundamentais



para xestionar, pero fundamentais para que as cousas funcionan, como está a ocorrer en Galicia. Iso é o que se chama ter un proxecto de futuro para o rural. Ter orzamentos é o que fai que a Xunta de Galicia poida xestionar, apoiar e acompañar a xuventude no sector, e iso é o que diferencia un Goberno galego que cre no rural dun Goberno central que nunca está. *(Aplausos.)*

A vostede, señora Méndez, fágolle unha pregunta: ¿cal é o orzamento do Ministerio de Agricultura para 2026? Quizais o sabe a señoría do Bloque Nacionalista Galego, porque ao final todo queda na casa: nacionalismo galego e sanchismo é o mesmo. ¿Saben vostedes cales son os orzamentos do Goberno de Pedro Sánchez? Xa llelo digo eu: ningún. E ¿como pretenden axudarlle ao rural galego se non son capaces de sacar uns orzamentos? Porque, mentres aquí xa temos 708 millóns de euros sobre a mesa para seguir garantindo o relevo xeracional en Galicia, vostedes son capaces de votar conxuntamente para illar, por exemplo, con ese proxecto de Lei de mobilidade sustentable que vai deixar máis de 130.000 galegos do rural sen o servizo de paradas de autobús, eliminando 22 paradas. Ou tamén son capaces de condicionar o futuro industrial dunha provincia enteira, que xa está desconectada de por si por culpa das políticas ineficaces de Pedro Sánchez: a provincia de Lugo. Nin autovías, nin trens, nin aves nin unhas estradas nacionais en condicións. Unha provincia onde predomina o rural, señora Méndez. Ou, por exemplo, tamén son capaces de castigar os autónomos, esas persoas que traballan todos os días e que son fundamentais no rural tamén. Iso é o que vostedes fan co rural galego, e así é como o defenden vostedes.

E o BNG sempre vai detrás do Partido Socialista. Din defender Galicia, pero cando teñen que votar a favor de Galicia votan en contra. Non a Galicia, si a Pedro Sánchez. Ese é o seu modelo de país, pero un modelo de país que se cura fácil, que se cura con doses de sanchismo. Porque o seu «non», cando aparece Sánchez, desaparece. *(Aplausos.)* Cando teñen que reclamarlle algo ao Goberno central, o BNG cala. Pero, cando teñen que dicirlle «non» a Galicia, saen ás rúas facer alboroto, algarada, manifestacións e incluso tamén aplausos. Iso si que é deixar a xuventude e o rural galego tirados.

Pero vostedes sigan así, nós imos seguir traballando polo rural galego, imos seguir traballando para que Galicia siga sendo un exemplo, sendo punteira no sector e siga coidando o sector e quen coida del. E, se vostedes realmente queren apoiar o rural, deberían tomar exemplo e o primeiro que deberían facer é, cando saian deste pleno, coller, chamar a Pedro Sánchez e dicirlle que saque orzamentos. E, segundo, quizais tamén lle deberían pedir que lle dea a Galicia todo o que lle debe.

E, se queren comprobar a realidade de primeira man e coñecer a realidade de Galicia, non hai mellor maneira que quizais ir ao rural, pisar o rural, falar coa xente e escoitala. Por iso eu hoxe aquí sóltolles unha invitación: veñan comigo a un concello rural, por exemplo, podemos ir ao Concello de Friol, así de paso ven como vai a evolución do centro de autismo, que aquí houbo quen nesta Cámara dixo que ese centro nin estaba licitado, cando xa están as ventás postas, señorías. *(Aplausos.)* Veñan comigo e veñan falar con mozos e mozas que se incorporaron á actividade agrogandeira, como por exemplo con estes dous mozos, *(A deputada Nicole Grueira Fernández amosa unha fotografía.)* Adrián e Iago, que iniciaron e fixeron a súa granxa grazas ao seu esforzo e ao seu compromiso e tamén grazas ao apoio da Xunta



de Galicia, con esas axudas ás incorporacións. *(Aplausos.)* Veñan e así daranse conta do apoio que a Xunta de Galicia está a dar e tamén do futuro que ten o rural galego con estes dous mozos de exemplo. Eu creo que é mellor reunirse con mozos gandeiros e non reunirse cos herdeiros de ETA, con Bildu. *(A deputada Nicole Grueira Fernández amosa unha fotografía.)* *(Aplausos.)* Isto é o que fai o BNG. Nós optaremos por reunirnos sempre cos mozos galegos, cos que traballan e apostan polo rural. E o BNG, mentres tanto, seguirá indo ao País Vasco recibir instrucións de Bildu. Máis algarada, máis alboroto e máis manifestacións. *(Aplausos.)*

Aposten polo rural. Poden empezar votando a favor dos orzamentos para 2026. Creo que non hai mellor forma que defender o rural galego que votando a favor e dicíndolle «si» a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señora Grueira, ser novo non lle é unha calidade en si mesmo. *(Murmurios.)* É unha condición que pasa co tempo, porque creo que todos fomos novos nalgún momento. Polo tanto, iso, como digo, é unha realidade. *(Murmurios.)* *(A deputada Lara Méndez López diríxese a alguén da bancada do G. P. Popular.)* Hai algúns que seguen tendo ese carácter impetuoso dos xoves, aínda que si que deixaron hai tempo de selo, ¿verdade? ¡Vostede xa non é novo! *(Murmurios.)* Pois, entón, compórtese, porque este comportamento na xuventude enténdese; nalgúns outros, non *(Aplausos.)*

O que si non debería ser unha boa calidade é mentir; nin de novo, nin de maduro nin de vello. O de mentir non está ben. *(Murmurios.)* E, cando vostede di que o Goberno central vai eliminar paradas, está mentindo; está mentindo, si. *(Murmurios.)* Pero está mentindo coa boca así de grande, porque, ademais, ¿saben por que menten? Porque ademais menten intencionadamente, porque teñen que ir de salvadores da patria para utilizar o Senado para meter emendas e despois dicir que, grazas a vostedes, non se suprimiu ningunha parada. *(Aplausos.)* Pois mire, afórrolles o traballo, escusan levar as emendas ao Senado, porque non se vai suprimir ningunha parada; e non porque o diga eu ou este grupo Parlamentario Socialista, porque xa o dixo o Goberno de España. ¡Non se vai suprimir ningunha parada! Polo tanto, non é bo mentir, nin de novo nin de vello; non é bo. E, á parte, outra cousa: non será ilegal, pero o de mentir estache mal, e deberían de aplicarse o conto.

E, nós, señora Grueira, non lle vimos aquí dar mala publicidade ao rural, ¡en absoluto! Vimos facernos eco das necesidades que hai no rural, de mozos e mozas ou de xente que se quere incorporar, aínda que non sexa moza, ou de xente que quere continuar vivindo do que ama e non pode porque non lle chega para manter o seu custo de vida ou non lle chega para poder mandar os fillos a unha universidade privada porque na pública non teñen prazas; e, polo tanto, buscan outras alternativas. E se tira de hemeroteca, de periódicos, de Internet ou de intelixencia artificial, que ademais son moitos máis adoitos os novos do que somos o resto, pois podería ver como son datos reais o que lle estamos a dicir nós aquí.



Isto é como o anuncio este desa nai que está pensando en como pagarlle o mestrado ao fillo e dille outro familiar: ¡atende, que está dando os primeiros pasos! Pois isto igual. O único que fan vostedes é futuribles, porque nin hoxe a conselleira nin o outro día na Comisión fixo un exercicio de autocritica. ¡Nin un só! E só fala de «seguiremos facendo, seguiremos traballando, seguiremos impulsando... Seguiremos, seguiremos, seguiremos». E, de tanto pensar no futuro, esquecese de atender as necesidades do presente. De tanto estar pensando nese mestrado para o seu fillo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...olvídase de ver como dá os seus primeiros pasos.

Así que, mire, nós aquí o único que pedimos —e termino, presidenta— é fomentar a agricultura e a gandería extensiva, que é a que se adapta ao noso rural, impulsar o Banco de Terras, pero con recursos e con firmeza, e medidas para contribuír ao relevo xeracional. Iso é o que pedimos, iso é do que debería estar votando hoxe que «si» con nós o Partido Popular. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez e do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa, ten a palabra a señora Fernández.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

En Galiza hai a mellor demostración de que o problema de prezos non se resolve só construindo por riba da demanda, porque iso mesmo é o que xa se fixo nas últimas décadas. Non está propondo a dereita nada innovador. En vinte anos, Galiza construíu 450.000 vivendas para menos de 200.000 fogares novos; subimos o número de vivendas por habitante de 0,48 a 0,65. Construimos moi, moi por riba do incremento da demanda, e o resultado: nunca a vivenda supuxo un custo tan elevado para as familias, nunca foi tan difícil emanciparse e nunca a vivenda xerou tanta desigualdade social como agora.

En Madrid quizais teña sentido ese discurso sobre o dimensionamento do parque construído, porque nese mesmo período censáronse 200.000 fogares novos e construíronse 200.000 vivendas. Pero aquí sucedeu exactamente á inversa: non fixemos máis que agrandar cada vez máis esa fenda entre a demanda residencial case estancada e unha sobreproducción importante de vivenda, incluso na última década, en que todos sabemos que a produción da construción foi moito menor. Construíronse 150.000 novas vivendas para 14.000 novos fogares e a cara B desa sobreproducción é que temos cada vez máis parque baleiro: unha de cada tres vivendas en Galiza non teñen uso. E non é algo que suceda só no rural, porque as cidades tamén aumentaron o número de vivendas sen uso: só os sete concellos máis poboados suman 90.000 vivendas baleiras.



Así que construír máis non supuxo unha baixada de prezos, senón que cada vez haxa máis vivendas que non son para vivir, que se empregan como depósitos de aforros, que quedan baleiras ou que se explotan con fins turísticos. Tampouco serviu para favorecer a distribución desas propiedades entre a poboación; ao contrario, asistimos a unha concentración da propiedade. Vemos como xa se están comprando máis vivendas a tocateja que mediante a sinatura dunha hipoteca —é dicir, que a maioría das vivendas en Galicia son compradas por quen ten xa un patrimonio acumulado— ou como o número de compravendas por parte de estranxeiros en Galiza se multiplicou por cinco dende o ano 2016. E, mentres tanto, as xeracións máis novas teñen cada vez máis difícil acceder á vivenda en propiedade. As miles de vivendas que se constrúen non se están transformando en máis accesibilidade nin en máis vivenda para todos. Se non, reparen, miren ao seu redor como unha parte crecente desa nova construción se está dirixindo cara ao mercado do luxo ou se especializa en ofrecer produtos a investidores con altas taxas de rendibilidade no mercado do alugueiro.

A gran pregunta é: ¿onde está a vivenda a prezos que os salarios actuais poidan soportar? Ese déficit de vivenda accesible é responsabilidade absoluta da Xunta de Galiza por dinamitar o investimento en vivenda protexida e en vivenda pública. Levan 17 anos aplicando a mesma receita fracasada: deixar todo en mans de que o mercado produza máis e máis e máis unidades como solución máxima. E, sen a intervención pública, vemos como o mercado libre produce efectivamente moito, pero cada vez máis inaccesible.

A evidencia dinos que hai que mudar de políticas, desas políticas que se veñen aplicando; que necesitamos da intervención pública sobre dous factores decisivos: lograr que unha parte da vivenda desocupada se incorpore á oferta dispoñible —porque non se trata só de ter máis stock, en xeral, de vivenda, senón que esa vivenda teña uso— e, ao mesmo tempo, garantir que unha parte cada vez maior da oferta sexa a uns prezos accesibles.

Hai unha medida que, precisamente, nunha soa acción permite actuar conxuntamente nestes dous planos, que é a adquisición pública de vivendas. É dicir, que a Xunta compre vivendas para ofrecelas a alugueiros taxados. Isto permite reducir o parque desocupado e infrautilizado ao tempo que permite ampliar o parque público de vivenda para ofrecer alugueiros accesibles en moi pouco tempo. Porque, se o problema de fondo non é o stock de vivenda, como estamos vendo, é un erro limitarse apenas a dicir que hai que construír máis. Sabemos que esta idea que poñemos enriba da mesa supón un cambio do paradigma herdado do desenvolvemento, pero é que estamos nun tempo distinto. Os datos demográficos, de demanda e da evolución do parque construído confirman que precisamos de políticas fortes de intervención sobre o xa construído. Que temos que facernos cargo e reordenar un parque inmobiliario que, dende o punto de vista social e ambiental, é problemático.

O tempo vén dando a razón ao Bloque. Cada vez ábrese paso con máis forza este discurso sobre a necesidade da compra pública de vivenda. Tampouco, hai que recoñecelo, é que o inventásemos nós; París ou Barcelona teñen desenvolvido políticas nesta mesma liña, con bos resultados.

Pero é que ademais agora tamén —por fin— no borrador do vindeiro plan estatal de vivenda recóllense liñas de financiamento específicas que van permitir á Xunta adquirir vivenda con



axudas que cubrirán o 70 por cento do custo da adquisición, máis 12.000 euros para obras de reparación. Incluso as axudas poden chegar a custear o 85 por cento da compra se a vivenda está nunha zona de mercado tensionado.

Por tanto, o que ten que facer a Xunta de Galicia é, dunha vez por todas, deixar de facer ouvidos xordos ante as alternativas que lle levamos anos pondo enriba da mesa a principal forza da oposición. O que ten que facer a Xunta é prepararse para este novo escenario, desenvolvendo as ferramentas necesarias para poder levar a cabo unha estratexia da adquisición pública de vivenda en condicións vantaxosas para a Administración. Porque aquí non se trata só de comprar, senón de comprar velando polo interese público e buscando os prezos máis competitivos.

Esta iniciativa do Bloque detalla todas as actuacións que tería que pór en marcha o Goberno galego para despregar esa estratexia.

Primeiro, avaliar de forma territorializada a relación que existe entre a demanda de vivenda pública, o estado do parque construído e o nivel de desocupación da vivenda, para fixar obxectivos adecuados a cada un dos contextos territoriais. Tendo en conta o futuro financiamento do que antes falaba do plan estatal, dende o Bloque consideramos que estamos en disposición de adquirir 4.000 vivendas en cinco anos distribuídas polo territorio. E, para facelo ao mellor prezo, dende o Bloque propomos introducir na lexislación o dereito de adquisición preferente de inmobles e solares en favor da Xunta naquelas zonas onde exista unha necesidade de incrementar o parque público con urxencia. Isto supón delimitar territorialmente un dereito de tanteo sobre os inmobles que se vendan, de forma que a Xunta teña prioridade para compralos cando considere que existe unha oportunidade en termos económicos e de estratexia de vivenda. Por certo, este é un dereito que xa ten recoñecido o propio IGVS cando hai unha transmisión de vivenda protexida. Cada vez que unha vivenda protexida se vende, o IGVS podería adquirila a prezo taxado; pero non o fai, en contra dos seus propios intereses, porque vemos como neste momento a Xunta licita obras de nova construción por valor de 220.000 euros por vivenda, mentres se negan a comprar esas transmisións de vivendas protexidas por valor de 120.000 exercendo ese dereito. Gobernan en contra do interese público. Por iso, tamén reclamamos que adquiran as vivendas protexidas —que ademais hai que ter en conta que se van descualificar— para convertelas en vivendas públicas para sempre.

A experiencia noutros lugares onde se aplican estas estratexias de adquisición tamén apunta á necesidade de formar equipas dentro da Administración especializadas na compra —igual que as hai para a xestión de obra nova— e de contar con criterios de selección de inmobles transparentes e obxectivos, que valoren o previsible impacto en termos de modelo urbano, buscando unha maior capilaridade e evitando a segregación urbana; como si pasa, por exemplo, co modelo baseado na construción nova nas periferias. E que atenda tamén a criterios de demanda de vivenda pública, de calidade arquitectónica ou de sustentabilidade económica de cada operación.

Nesa mesma liña de maior transparencia, exiximos a creación dun inventario continuo dos patrimonios públicos de solo e de vivenda que sexa accesible, en lugar de como fai agora



mesmo a Xunta, que é ocultar sistematicamente os datos sobre o parque público de vivendas e incluso agora se atreven, na lei de acompañamento, a apostar pola manipulación deses datos do parque público de vivendas.

En lugar de manipulación e de propaganda, aposten pola solucións. Temos a oportunidade de reverter a actual situación apostando pola adquisición pública de vivendas. Dende a Xunta deben escoller avanzar, preparar equipas, preparar instrumentos legais, preparar estratexias e prepararnos tamén ante ese escenario onde obter o mellor financiamento. E iso depende, en boa medida, de que as zonas que cumpren cos requisitos para ser consideradas como mercados tensionados contén con esa declaración oficial. Isto abriría a porta a incrementar os importes das axudas á adquisición dun 70 a un 85 por cento do custo.

Así que deixen de ser a panca que, dende o Goberno, se dedica a bloquear sistematicamente as oportunidades, o financiamento e as solucións en materia de vivenda neste país. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANZO: Grazas, presidente.

O que votamos hoxe é un tema importante, máis que nada porque xa é o segundo pleno consecutivo —por non dicir o terceiro ou o cuarto— no que seguimos afondando nun tema que para nós é vital, como é o tema da vivenda. Non vai deixar nunca de ser un dos temas máis importantes que lle preocupa á propia cidadanía galega e, polo tanto, seguiremos debatendo as veces que faga falla unha cuestión importantísima. A semana pasada mesmo volvemos facelo co director do Instituto Galego de Vivenda e Solo e a verdade é que hoxe chegamos aquí a este debate sen ningún tipo de resposta, nin por parte da conselleira nin tampouco por parte do director do Instituto. Máis que nada porque pretendiamos saber para o vindeiro ano 2026 cales ían ser estas liñas estratéxicas, que conectan tamén co que se pide hoxe nesta propia iniciativa. Se se ía poñer enriba da mesa por parte da Xunta de Galicia algún tipo de medida correctora desta falta de construción de vivenda pública que se fixo durante todos estes 16 anos que o Partido Popular leva gobernando en Galicia e que nada fixo. Polo tanto, saímos como entramos, ou aínda un pouco peor, porque nos viñeron dicir que, como sempre, a culpa era de Pedro Sánchez, que o resto non sabíamos ler, escribir nin sumar e que, en conclusión, todo ía fantástico, excepto, como sempre, a execución orzamentaria, que non sabíamos tampouco interpretala.

En conclusión, vemos como no debate, por máis veces que o tratemos, non somos capaces de que a Xunta de Galicia recoñeza que ten competencias en materia de vivenda, a pesar de que despois presenta recursos de inconstitucionalidade para que o Estado non poida desenvolver a súa competencia en materia de vivenda, aínda que sexa para harmonizar unha propia lei e poñer enriba da mesa puntos en común para todas as comunidades autónomas.



Preséntase, por unha parte, un recurso de inconstitucionalidade e despois cando se dá a propia razón á Xunta de Galicia por parte do Tribunal Constitucional, exíxeselle ao Goberno que, despois de ter presentado ese recurso de inconstitucionalidade, exerza esas funcións que se lle pretendeu sacar.

E, polo tanto, dentro desa propia incongruencia aquí nos atopamos. A pesar de todo iso, e a pesar de todas as trabas que puxo o Partido Popular a esta Lei de vivenda, existe e desenvolve, por suposto, cuestións importantes. Entre elas, como non, ante a falta dese banco público que nós reclamamos, defendemos e poñemos enriba da mesa; aínda que, supostamente, segundo nos dixeron dende o Partido Popular, xa se está a facer, aínda que non se garanta o 30 por cento por parte das persoas que teñen que facer o alugueiro e que dentro desa renda media do 30 por cento e non se garanta por parte da convocatoria que fai a Xunta de Galicia.

Non hai vivenda, iso sabémolo. Todos e todas podemos chegar a esa conclusión. Entendo que podemos concluír algo de común acordo. Chegados a esta conclusión, o que temos que poñer son medidas urxentes e necesarias, que se teñen que abordar de maneira efectiva e dentro dun gran pacto, que foi o que se plantexou por parte do Goberno do malvado Pedro Sánchez, xustamente para establecer criterios comúns, criterios claros e que permitan chegar a puntos de encontro que nos permitan evidentemente desenvolver estratexias como a de hoxe.

Pero, claro, moito se crítica polo pacto ao que se está intentando chegar no ámbito do Estado para renovar o Pacto da vivenda para os vindeiros anos, pero nada se di do propio Pacto de vivenda de Galicia, que é 2021/2025 e non sabemos que vai pasar. Quedan dous meses do ano e non sabemos se vai haber un novo plan, se directamente vai caducar o plan e imos quedar sen plan, se a Xunta de Galicia o que non ten é plan, se se vai traballar nesa liña, se non se vai traballar... ¿Que vai pasar? Porque, se tanto preocupa á Xunta de Galicia o tema da vivenda, non soamente nos quedemos nos anuncios. Pasemos tamén aos feitos, pasemos ao traballo efectivo, pasemos ás políticas públicas que vai facer a Xunta de Galicia dentro dese plan do que no día de hoxe nada se coñece. Nada se coñece, porque evidentemente nada se está facendo, pero quedan dous meses. Seguramente empezaremos o ano e seguiremos sen plan, seguiremos sen saber nada do plan e aínda por riba a culpa tamén seguirá sendo de Pedro Sánchez.

E, dentro de todo isto, pois seguimos vendo noticias que escandalizan: «*Los jóvenes necesitan el 108 por cento de su sueldo para vivir solos*». Pois claro que deberíamos estar preocupados e preocupadas por esta cuestión, que é o que non deberíamos estar a outra cousa. Para que a mocidade poida desenvolver a súa propia emancipación, a súa propia vida e, polo tanto, que a mocidade teña a posibilidade de formarse e, despois, de seguir tendo unha vivenda digna.

E isto é o contexto no que nos atopamos. A vivenda baleira en Galicia aumentou dende que goberna o Partido Popular do seis por cento ao trece por cento. Esa é a herdanza que se recolle no día de hoxe. Eses son os datos, datos oficiais incluso dos propios informes da Xunta de Galicia.

Nada se di por parte do Partido Popular sobre que se duplicase a vivenda baleira e sobre que non se puxese ningún tipo de solución para que esa vivenda se incorpore ao propio mercado.



E cando por parte do Goberno do Estado se plantexan medidas para que si se poida incorporar e que incluso se garanta tanto a seguridade xurídica aos propietarios como tamén aos inquilinos, rexéitanse as propostas. Rexéitanse as propostas de zonas tensionadas e rexéitanse as propostas dun banco público de alugueiro con garantías para todos e para todas.

Vemos dentro das zonas tensionadas como a Xunta de Galicia fixo pola porta de atrás —como acostuma facer coa lei de acompañamento— unha modificación e uns requisitos que nada exixía a Lei de vivenda estatal para que sexan os concellos os que teñan que desenvolver eses plans e eses informes. Evidentemente, a que ten a competencia e a Administración que ten que desenvolver e aplicar eses informes é a propia Xunta de Galicia.

E, polo tanto, mentres non o fai, e mentres non recupera a esa competencia que tanto quería no Tribunal Constitucional pero que despois rápido delegou cando había que traballar aos concellos, o que ten que facer é dotar de recursos os concellos para que poidan facer eses informes. Porque intentar colapsar todas e cada unha das institucións onde non goberna o Partido Popular non é máis que poñerlle trabas a unha lei que queren claramente sabotear.

E as zonas tensionadas, realmente, o que van permitir é atallar un problema de agora, un problema para xa. Seguramente a longo prazo hai que poñer enriba da mesa moitas outras cuestións, entre elas a construción desa vivenda pública que o Partido Popular non fixo nestes 16 anos. Iso é no que temos que traballar. Pero para o xa, para o agora, para todos eses mozos e mozas que miran para os gobernos para ver que están a facer, o que temos que garantir é a capacidade de familias, mozos e mozas para poder acceder a esa vivenda. E, con todas esas vivendas baleiras que hai, claro que hai vivendas. Polo tanto, a Xunta de Galicia o que ten que facer é remangarse e traballar para que esas vivendas se poñan en alugueiro.

E, dentro diso, dentro da zona tensionada, á parte dos recursos que se lles teñen que dar aos propios concellos para poder facer todos eses informes, no que ten que traballar tamén o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Consellería de vivenda é en non poñerlles trabas aos concellos. Nós claro que avogamos por que sexa a Xunta de Galicia a que faga os informes, pero, namentres non se cambie esa normativa que autoimpuxo a propia Xunta de Galicia, o que pedimos é que se dote os concellos de recursos suficientes. E tamén para que se desenvolva o réxime disciplinario. De nada serve autorizar e convalidar as declaracións de zona tensionada que se piden por parte dos concellos se despois non hai un réxime sancionador para quen incumpra esas normas das que nos dotamos.

Iso é o que lle exiximos tamén á Xunta de Galicia e que temos hoxe que reivindicar novamente para que non se lles poñan trabas ás propias leis aprobadas democraticamente.

Nada máis, presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.



Señorías, boas tardes.

Debatemos unha e outra vez, e as veces que faga falta, esta PNL do Bloque Nacionalista Galego sobre o parque público de vivenda. A verdade é que, se algo temos que recoñecerlles, señorías do BNG, é constancia. Constancia na defensa da gran mentira nacionalista. Pero, en fin, xa estamos acostumados. É dicir, este grupo, o Grupo Parlamentario Popular, estamos moi, moi orgullosos do traballo da Xunta de Galicia en materia de vivenda. *(Aplausos.)* ¡Si, señor! Estamos moi, moi orgullosos.

Pero vamos ver, que veñan nacionalistas e socialistas a darnos leccións de vivenda, ¡manda truco na Habana! Nese sentido, no Bipartito, xa llelo dixen na comisión, quebraron Xestur. Agora veñen falar que se puideron ter feito non sei cantas vivendas... ¡280 millóns de pufo! Típica política de esquerdas: eu invito e ti pagas *(Aplausos.)* O que veña atrás, que pague. Leccións, ningunha. ¿Saben cantas vivendas se poden facer con ese diñeiro que tanto demandan? Máis de dúas mil, que se di pronto.

O BNG emprega datos irrealis. Entón, datos falsos, resultados falsos. Pero a vostedes —que o saben— tanto lles ten. Esta iniciativa é un despropósito, a verdade é que eu estiven tratando de buscarlle sentidinho, pero non o atopei. Ese incremento ficticio —que vostedes falan— responde a unha forma diferente de cuantificar as vivendas baleiras, de 2011 ao 2021, e vostedes sábeno. Non existe demanda de vivenda, ou esta é moi escasa.

Gustárame que os do Bloque e os socialistas nos explicasen que é para vostedes unha vivenda. É algo interesante. E non me veñan coa matraca nacionalista. Xa llelo digo eu: «especulación» é a palabra que máis lles gusta. Falan de baixa calidade, precariedade, minipisos, os de arriba, os de abaixo, que o promotor é un especulador... Agora o BNG ten «baixofobia», é unha palabra nova. *(Aplausos.)* Se fosen áticos, en contra; baixos, en contra. Os do Bloque din algo, de verdade... Que triste debe ser nacionalista e negacionista. *(Murmurios.)* Porque sempre din: «os seus amigos, os seus amigos»... Os do BNG, a verdade é que non teñen nin amigos. *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)*

Imos ver, que se me acaba o tempo e teño moitas cousas que dicir. Os baixos que vostedes tanto critican, os baixos adaptados, teñen que cumprir estritos requisitos de habitabilidade. Non son prazas de garaxe que se vai meter a xente vivir neles. De verdade que non, e a min non me fai ningunha graza, porque é un tema moi serio, moi serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* E despois falan de que as vivendas... Por iso lles pregunto: ¿que é para vostedes unha vivenda?

As vivendas que adquire a Xunta, porque hai que falar do custo de rehabilitación, porque ás veces falan... *(Murmurios.)* A min non me fai ningunha graza, señores do Bloque, cando vostedes falan. A verdade é que é unha falta de respecto auténtica. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estamos falando de vivenda. O custo de rehabilitación, sumado aos altos custos de adquisición, chegarían a supoñer que o custo de cada vivenda adquirida podía ser equiparable, ou incluso superior, ao custo de construción de vivenda nova. Vostede sabe que a veces rehabilitar un oco nun edificio histórico, nunha casa, nunha vivenda dá máis traballo facelo que facer unha vivenda nova. Porque non hai persoal e é moi custoso, e vostedes sábeno.



E se fose pouco, o BNG na súa iniciativa di «estudo da demanda». ¡Iso xa existe! Xa está acreditada a través do Rexistro de demandantes de vivenda. Eu creo que andan un pouco despistados. Tamén propoñen aumentar as porcentaxes de reserva... Polo menos o oitenta por cento das vivendas que se constrúan nesas solos serán protexidas. De nada serve incrementar as porcentaxes se non se desenvolve solo e non se atopan promotores. Si, señorías, promotores para facer vivenda protexida; que non son especuladores do chan, como sempre manteñen vostedes.

En fin. A vivenda protexida que se constrúe en Galicia, ¿saben quen a fai? A Xunta de Galicia, sobre solos propios ou cedidos por determinados concellos. O cen por cento da vivenda protexida é de promoción pública. ¡Cen por cento! Papeis calan bocas. (*Murmurios.*) Benvidos á realidade, señorías do BNG. A Xunta leva anos reclamando que os plans de vivenda sexan flexibles e adaptados ás necesidades de cada comunidade autónoma, e hai un ano xa se lle remitiron ao Ministerio as propostas. A Xunta opta pola construción de vivenda pública, e vostedes sábano. ¿Saben cantas hai en fase de execución? Máis de tres mil. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Fronte a unha oposición que está fóra da realidade, baixen á terra. A Xunta opta polo programa Fogar Vivo, cunha axuda da Xunta para a rehabilitación ou a mellora das vivendas e o pago dos seguros de impago e de multirrisco do fogar. E, finalmente, tamén a Xunta opta por unha cousa moi importante, que é urbanizar o chan para a urbanización e para a construción. Tomen ben o dato: 25.000 novas vivendas, das que 20.000 serán protexidas. É dicir, o 80 por cento; 2,5 veces o mínimo que establece a Lei do solo.

En definitiva, a Xunta, señorías, pon a vivenda no centro das súas políticas, con sensibilidade e acerto. Sobre todo incrementando o orzamento —que a Xunta ten orzamento; o que apoia o PSOE e o BNG, 2022 e as prórrogas—. Incrementando o parque público de vivenda. E un consello: menos falar da xente moza e, como dicía Nicole, escoitala máis. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández Gómez.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Practicamente non falou da medida. ¡Entendo por que! Porque cada vez existe maior consenso na sociedade de que temos que ir a este tipo de estratexias de adquisición pública de vivendas, pero vostedes son un auténtico lastre en todo o que ten que ver cos avances en materia de política pública de vivenda.

En lugar de estar preparándose para poder recibir ese financiamento de ata o 85 por cento do custo de adquisición desa vivenda declarando mercados tensionados, o que fan é desviar a atención con propostas absolutamente *fake*. Porque esa proposta de comprar baixos comerciais para facer vivendas públicas é unha proposta *fake*. Tendo medio millón de vivendas baleiras —90.000 delas nos sete concellos máis poboados deste país—, que vostedes digan que a xente ten que vivir en baixos comerciais é un auténtico pitorreo. (*Aplausos.*) E é *fake*, porque que vostede veña aquí dicirnos que é moi legal... ¡Home! Despois de cambiar a legalidade urbanística para reducir as condicións de iluminación, de ventilación, altura, privacidade etc.



que teñen que cumprir eses baixos para poder meter dentro unha vivenda... ¡Claro, home, agora é legal! ¡É legal vivir así grazas ao Partido Popular! ¡Bravo, bravo! (*Aplausos.*) E é *fake*, porque tanto bombo e platillo con esa medida —que ata anunciou o presidente da Xunta— para que cando leamos a letra pequena da medida nos orzamentos diga: trinta vivendas, perdón, trinta baixos comerciais, adquiridos só no concello de Ourense. Tanta volta, con tanto anuncio, para trinta baixos comerciais que, sabendo a execución orzamentaria que vostedes fan, quedarán en quince como moito. Mentres hai medio millón de vivendas baleiras neste país, vostedes falan de trinta miserables baixos comerciais. ¡Por favor, menudas propostas! (*Aplausos.*) Esas son as propostas do Partido Popular, as grandes solucións.

Son ideas para marear a opinión pública sen aportar absolutamente nada. Non son solucións efectivas. Só queren dar unha batalla cultural na normalización da precarización das vidas. A normalización de que, nun contexto de crise, non cabe pedir máis dereitos e garantir dereitos. Que o que cabe é aceptar o zulo, o minipiso, o baixo comercial sen saída de fumes e con habitación sen iluminación. (*Murmurios.*) Eu pregunto: ¿cantos deputados do Partido Popular, cantos no Goberno da Xunta do Partido Popular, queren vivir nun deses baixos comerciais? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Cantos, nunha destas modalidades? Porque vostedes o que queren é ser os propietarios dunha desas modalidades de pseudovivendas. ¡Iso si que lles gustaría! (*Aplausos.*)

E por iso, claro, na lei de acompañamento introducen unha nova categoría de aloxamentos compartidos. Que o que toca é o *coliving*. Díxonolo o outro día o director do IGVS, que en realidade é unha forma para permitir promocións inmobiliarias moi por baixo dos estándares de habitabilidade actual. Que os minipisos agora poidan ter 30 metros cadrados en vez de 40. Vivendas dun dormitorio por 31 metros cadrados en vez de dos 45 actuais exhibibles ou vivendas de dous dormitorios con 38 metros cadrados en lugar dos 56 metros cadrados actuais. Volvo preguntar: ¿cantos deputados do Partido Popular queren vivir cos seus fillos en 38 metros cadrados? ¡Que levanten a man! ¿Ou queren ser os promotores dos *coliving* para gañar moito por metro cadrado? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Iso é o que queren vostedes.

E non perdamos que no longo prazo o que pretenden é normalizar eses minipisos como fórmula perfecta de turboespeculación. Convencernos de que as nosas vidas teñen que caber en 30 metros cadrados para que a vivenda siga sendo cada vez máis e máis rendible para uns poucos. E todo o seu argumentario pasa por convencernos de que hai que construír moito, moito máis; que hai que aceptar o zulo, que hai que aceptar o baixo comercial, asentado nunha idea de que «é que non hai vivendas suficientes».

Vostede aquí veu un pouco desmentir os datos. Pero é que non é certo. ¡Os datos están aí! Construíronse nos últimos vinte anos 450.000 vivendas, e hai 200.000 novos fogares. Claro, cando se constrúe moi por riba da demanda real, o que acaba habendo é un incremento da vivenda baleira. Se non lle gustan os datos, ¡déanos outros! É que eu xa escoitei aquí unha conselleira que dixo que había un informe feito pola Consellería sobre os datos reais de vivenda baleira. Hai cinco anos que nos dixo iso. ¡Seguimos esperando polo informe! (*Aplausos.*) A ver se en vez de tanto falar traen algún dato algún día, en vez de simplemente dicir que non lles gustan os que hai oficiais...



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Fagan algo co Observatorio da Vivenda de Galicia. Proponémoslle nós.

O problema é que non é un problema de *stock* xeral de vivenda. O problema é que non temos unha oferta accesible, que cada vez temos máis vivenda desocupada e que temos un déficit de vivenda pública. E, precisamente, esta medida que propoñemos hoxe, que é a adquisición pública de vivenda, permite actuar sobre todos estes factores...,

O PRESIDENTE: Grazas.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...tendo, ademais, unha solución áxil.

O PRESIDENTE: Grazas.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Deixen de ser parte do problema da política de vivenda deste país. (*Aplausos prolongados.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Roberto Rodríguez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congreso dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Hermelo.



Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra 34; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Castro.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e da deputada María Cristina Fernández Davila, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez e do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Suspendemos a sesión ata mañá, ás dez da mañá.

Boa noite.


Suspéndese a sesión ás sete e vinte e un minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

